# LINGUA GALEGA e LITERATURA



## a literatura como fonte de prevención









Xunta de Galicia





## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.
2) Integración no grupo clase.
3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.
4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.

2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.

3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).

4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.

5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:

   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.

2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.

3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.

4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.







# lingua GALEGA e literatura

## Obxectivos xerais da área

*Comprender discursos orais e escritos procedentes de distintos ámbitos (académicos, intercambio social, medios de comunicación...) atendendo ás peculiaridades de cada un deles e analizando en cada caso os elementos e as funcións que interveñen no proceso comunicativo.*

## Obxectivos da área en relación coa prevención de drogodependencias

Comprender textos orais e escritos dentro da literatura popular, comparando distintas épocas no relativo ó **tema das drogas tanto legais como ilegais**, atendendo ás peculiaridades de cada un deles e analizando os elementos que interveñen e a función que cumpren.



unidade didáctica

# a literatura como fonte de prevención de drogodependencias

**Bloque de contidos:** A literatura

**Obxectivos didácticos:**

- Observar a distinta temática na poesía costumista (tradición, folclore, costumes, rebelión xuvenil) a través da lectura de textos e audicións, amosando interese por ampliar os coñecementos sobre o tema das drogas (legais e ilegais) e tendo en conta a súa importancia para coñecer a nosa etnografía.
- Diferenciar as distintas formas literarias nas que aparece a temática das drogas, analizando a súa forma e a súa estructura e mostrar interese por coñecer o medio de transmisión.
- Identificar nos textos os aspectos métricos e os elementos morfosintácticos así como as variantes xeográficas e sociais.
- Comparar os motivos das cantigas populares tradicionais e actuais nas que aparece o tema das drogas.

**Contidos:**

### Conceptos

- A lírica medieval: as cantigas
- As lendas, os contos, as cantigas populares e os romances.
- A lírica de carácter cívico-social a partir dos anos 60.
- A música popular e o rock en galego.

### Procedementos

- Interpretación da expresión dos sentimentos en épocas e autores diferentes.
- Análise da estructura e dos recursos literarios en textos diversos, observando a súa presencia ou ausencia nunhas épocas ou noutras.
- Busca de información sobre a obra e o marco sociocultural no que se crea.
- Análise da interacción das distintas linguaxes en textos de temática social identificando a relación do texto co contexto.

### Actitudes

- Interese por coñecer a obra e as circunstancias persoais dalgunha das autoras ou dos autores estudiados.
- Valoración das obras literarias como representación do noso patrimonio cultural e como medio de expresión dunha actitude positiva ante a nosa lingua.
- Aceptación de opinións e de actitudes distintas ás propias sobre o tema das drogas co fin de acadar unha actitude crítica e persoal ante o fenómeno das drogodependencias.
- Interese e gusto pola lectura como fonte de información, pracer e prevención do consumo de drogas.



## METODOLOXÍA

- Exposición das ideas iniciais sobre a literatura popular.
- Explicación teórica: empezamos coas cantigas medievais e continuamos seguindo a orde cronolóxica coa literatura popular ata hoxe.
- Realización de actividades sobre o tema.

## EXPOSICIÓN DO TEMA

Procuraremos textos representativos das distintas épocas nas que aparezan as bebidas alcohólicas como parte da realidade social do momento.

- Fernan (D.) García Esgaravunha: *Nenguen-min, que vistes mal doente.*
- Roy Paez de Ribela: *Preguntad`un ricome.*

Se escollemos a cantiga de escarnio *Nenguen-min vistes mal doente*, podemos traballar:

- Características das cantigas de escarnio e maldicir.
- Temática destas cantigas.
- Coñecemento do momento histórico a través dos temas tratados.
- Comparación coas cantigas de amigo e as cantigas de amor.

### DIVISIÓN E VARIEDADE DA SÁTIRA TROBADORESCA

A *Arte de Trovar* distingue dúas modalidades de sátira: *cantigas de escarnio* e *cantigas de maldicir.*

a) *Cantigas de escarnio* son as que ridiculizan alguén con palabras simuladas, de dous sentidos, ás veces eufemisticamente. O proceso estilístico, nesta modalidade, é basicamente a ironía.

b) *Cantigas de maldicir* son as que ridiculizan con palabras claras e directamente ofensivas. A sátira trobadoresca está constituída na súa maior parte por estas cantigas. Neste tipo de cantigas non hai ironía, as frases expresan maledicencia en sentido propio.

As características da sátira trobadoresca podemos resumilas en:

- É concreta e particular. Non atacan un vicio en si, senón as persoas viciosas en concreto.
- Ten carácter social. Non hai tipos psicolóxicos senón que atacan tipos sociais: membros do clero pouco edificantes; nobres, sobre todo os covardes; algúns oficios, etc.
- É moi obscena. Algunhas poesías son dun realismo cru.

Os temas que tratan son:

- Sátiras de clases sociais.
- Cantigas que versan sobre o sexo (contra as soldadeiras).
- Sátiras contra outros poetas.
- Sátiras de covardes e feitos históricos (entrega dos Castelos ó Conde de Boloña...)
- Sirventés moral.
- Sátiras de vicios, costumes e defectos físicos.

## ACTIVIDADES

Lectura do Texto I: 129 (CBN 1510 = CB 383)

Nenguen-min, que vistes mal doente
de mao mal, ond`ouver`a morrer,
eu puj`a mao en el, e caente
o achei muit`, e mandei-lhi fazer
mui boa cama, e adormeceu;
e espertou-s`e cobriu-s`e peeu,
e or(a) já mais guarido se sente
Achei-o eu jazer desacordado,
que non cuidei que podesse guarir;
e, pois eu vi que era mal coitado,
mandei-o ben caentar e cobrir;
e, des que s`el ben coberto sentiu,
estornudou tres peidos e guariu
já quanto mais, e é mais arriçado.
Achei-o eu mal doente, u jazia
desacordado todo con o mal;
e non cuidava que guareceria;
mais a mercee de Deus quanto val!
Que, u sa gente d`el desasperou,
feriu tres peidos e determinhou
e conhoceu, ca já non conhocia.
Deste mal non cuidei que guarecesse,
pero mandei-lhi fazer ua ren;
que aquel dia per ren non comesse
e se deitasse e se cobrisse ben;
e peeu ben e ouve coraçon
pois de **bever**, e dix`eu que **bevesse**

Fernan (D.) Garcia Esgaravunha

### FERNAN GARCIA ESGARAVUNHA

A pesar de que pertencía á familia dos Sousa, unha das máis poderosas de Portugal, sábese moi pouco da súa vida. Era fillo do nobre poeta García Mendes d´Eixo, e está documentado na metade do século XIII (entre 1247 e 1252).

Conserváronse vinte cantigas súas, das que dúas son de escarnio e as demais de amor. Pódese sinalar como curiosidade que o estribillo dunha das cantigas de amor está escrito en provenzal.



## COMENTARIO DA CANTIGA

O trobador fai de médico e aplica o seu finxido saber a un tal *Nenguen-min*, quizais un xograr que tería salvado dunha doenza grave cando xa ninguén tiña esperanzas. O autor insiste grotescamente no alivio dos gases intestinais, con aquel **peer** e locucións sinónimas, e remata, segundo parece, nunha alusión ó **vicio da bebida**, que é a conclusión á que quere chegar.

## LÉXICO

**Nenguen-min** (v.1): É un nome de persoa que non consta no Índice Onomástico de **Monaci.** Quizais sexa un alcume de carácter pexorativo.

**Ond`ouver`a morrer** (v. 2): Significa "de que estivo a piques de morrer"

**Estornudou tres peidos e guariu** (v. 13): Imaxe ó aplicar unha palabra como *estornudou = espirrou*, aos gases do ventre.

**Arriçado** (v. 14): Animado, esperto

**Determinhou** (v. 20): Resolveuse para ben despois de ter estado entre a vida e a morte.

**Ouve coraçon/ pois de bever** (vv. 27-28): Tivo axiña vontade de beber.

## CUESTIÓNS

- TRABALLO INDIVIDUAL

1. ¿En que tipo de cantigas incluirías a de Fernan García Esgaravunha?
2. ¿Cal é a consideración do abuso da bebida nesta cantiga datada na segunda metade do s.XIII?
3. ¿Pode relacionarse o abuso da bebida coa enfermidade de *Nenguen-min*?
4. Comenta, a partir da última estrofa, a necesidade de **beber** do enfermo.
5. ¿Tería este personaxe a consideración de alcohólico?
6. Procura sinónimos da frase ***e ouve coraçon/ pois de bever.*** (vv 26-27)
7. Explica brevemente as sensacións que che produce a frase ***divertirse=colocarse.*** Enumera dez formas de divertirse.
8. A lingua que utiliza o autor ¿en que rexistro a incluirías? ¿que características ten?
9. Redacta seguindo a normativa actual da lingua esta sátira.

- TRABALLO EN GRUPO (Discusión en grupos heteroxéneos)

  - En grupos de catro ou cinco persoas procurade outras cantigas nas que se critiquen determinados costumes da sociedade da época.
  - A partir dos temas das cantigas, buscade información sobre feitos históricos da época, sobre as distintas clases sociais, os costumes, os ambientes nos que se desenvolven, etc.
  - Comprobade en pequeno grupo os resultados do exercicio individual nº 7 ***divertirse = colocarse.***
  - Contrastade e debatede na aula en grupos heteroxéneos os resultados do exercicio anterior, insistindo en que ***divertirse non é sinónimo de colocarse.***

## A GALICIA DO S. XIX

## METODOLOXÍA

- Exposición das ideas iniciais apoiándonos nos coñecementos previos do alumnado.
- Explicación teórica: contexto histórico-político do s. XIX; a importancia do papel dos precursores; o Rexurdimento.
- Realización de actividades sobre o tema.

## ACTIVIDADES

Procuraremos textos representativos desta época nos que aparezan o tabaco, as bebidas alcohólicas ou outras substancias como parte da realidade social do momento, insistindo nos prexuízos que poden causar na saúde.

### TEXTO II

XAN BRENCELLAO

Alá polo ano de gracia de mil oitocentos trinta, cando a cidade de Ourense non tiña serenos con sono nin farois **morriñentos**, cando as señoritas non andaban **enfariñadas** no Posío e se paseaban polo Porto Carreiro, Mariñamansa e outras corredoiras; cando despois do **toque de Ánimas** se recollían as xentes **xuiciosas**, figuraba entre os veciños das Burgas un zapateiro xa entrado en anos, que se comía mal, bebía ben, levando **ansí** as miserias a tragos. Chamábase Xan Brencellao. O seu nome era coñecido en Ourense coma a **ruda**. Tiña sona de bo bebedor e a taberna onde el acostumase a ir a miúdo, xa se sabía, non tiña o dono mans para medir o viño.

Xan Brencellao era un home traballador; pasaba o día no patio dunha casa da praza do **Correxidor**, botando tombas e medias solas; mais desque anoitecía e despois de recoller o seu tenderete, ninguén lla empataba, ía a **pé feito** camiño da taberna da *Pía da Casca* a **mollar a subela**[1], e alí pasaba o tempo baleirando xarras ata media noite, hora en que aquí caio, aquí me ergo, mais sen esquecer a súa muller, ía para a súa casa. Ao chegar petaba á porta, abríanlle, rubía as esqueiras a gatas falando nese latín de como *sonatus chimpatus*, e nunca se deitaba ata que a súa muller lle contestase cun latinorio.

O señor abade da parroquia moitas veces lle botou en cara o vicio do noso zapateiro, mais el, que morrería primeiro que deixar de mollar a **suvela**, disculpábase dicindo:

- Vostede que lle quer, señor abade, o viño élle para min a única mantenza. Traballo e non son vago, porque os vagos non dan viño, por máis que axudan a facelo: o día que deixe de beber, morro, porque teño deprendido que para beber viñen ao mundo; o meu apelido Brencellao estamo dicindo; non lle ten volta, eu fun concebido ou nacín ao pé dunha cepa.

Unha noite que o noso zapateiro empinara a xarra máis que de costume............

Valentín Lamas Carvajal: *Gallegadas*.

CUESTIÓNS:

1. Explica o significado das palabras en negriña.
2. O zapateiro fai un xogo de palabras co termo ***vago***. ¿En que consiste o equívoco?
3. Explica a presencia do elemento báquico: o viño e a embriaguez.
4. Indica o significado da frase do zapateiro "... para beber viñen ao mundo; o meu apelido Brencellao[2] estamo dicindo..."

[1] *Mollar a subela* é sinónimo de *beber*; neste caso cadra coa profesión do protagonista xa que *subela* é unha das ferramentas do zapateiro.

[2] *Brencellao* é unha variedade de uva tinta. Di o refraneiro: "O brencellao e o caíño son os pais do viño".



## A GALICIA DO SÉCULO XX

### TEXTO III

"Unha rúa nun porto **lonxano** do norte. As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas **o bafo quente dos borrachos**. Xentes de tódalas castes do mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de grande amizade, cada un no seu falar. E sen entenderse camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntais.

O mariñeiro que fala francés e **máis** o mariñeiro que fala inglés entran nunha taberna servida por un home gordo. **Queren perder o sentido xuntos**, para seren máis amigos. ¡Quen sabe se despois de **ben borrachos** poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa **non rexe co seu corpo comenza** a cantar:

Lanchiña que vas en vela;  
levas panos e refaixos  
para a miña Manuela.

O mariñeiro que fala francés arregala os ollos, abrázase ao compañeiro e **comenza** tamén a cantar:

Lanchiña que vas en vela;  
levas panos e refaixos  
para a miña Manuela.

¡¡A-iu-jú-jú!! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro, gordo coma un flamengo de caste, viu saír os dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana vermella escorregaron as bágoas. E despois dixo para si nun laído saudoso:

¡Lanchiña que vas en vela!  
Tamén o taberneiro era galego.

CASTELAO: *Cousas.*

### CUESTIÓNS

1. Indica o significado dos sintagmas destacados en negriña.
2. Debatede en clase se o contexto, a taberna, ou a profesión dos protagonistas, mariñeiros, xustifican o abuso do alcohol.
3. ¿Ten distinta connotación social a embriaguez dun mariñeiro cá dunha profesora? ¿Por que?

## TEXTO IV

### ANTÓN DE CIDRÁN

(...) Antón de Cidrán era un labrego do Páramo que tamén trataba en madeiras. O señor de Sabarei díxome que era home moi botado para diante e que se gobernaba moi ben na súa casa.

Unha vez veu a Lugo co seu compadre Pedro. Os dous viñeran a cabalo. Era polo San Froilán e o tempo estaba moi lento. Aínda non se fixera o feiral que hai hoxe. Xa sabedes que tódolos labregos, en tres leguas á redonda, van a Lugo polas festas do San Froilán. Anque non vaian mercar nin a vender. Tan só por ver os ***fuegos*** e por comer o polvo. Mais eles foran a Lugo por rematar un contrato de travesas para a vía do tren.

Pola mañá fixeran o contrato. Os dous estaban moi ledos, pois quedábanlles libres máis de sete mil reás. Levábanse moi ben e **faguían** moi bos choios. Nunca rifaran polos seus asuntos. **Eran homes moi cabales eles**, e non andaban un nin outro con díxome, díxome, nin con pataqueiradas. Tanto custa, tanto che dou. Mercaron algunhas cousiñas para as mulleres e foron comer o **polvo** a unha taberna da rúa do Miño. **Comeron e beberon a embute**, coma dous abades. E despois fóronse ao café Español e **tomaron os seus cafés e as súas copiñas.** E veña unha volta pola feira a ver as barracas.

Coma lles foran ben as cousas, tamén había que merendar. Deixaron as bestas en cas Cosme, na mesma praza da feira, que se chamaba *a plazuela da Herba*. Ninguén como Cosme para preparar axiña unha merenda. ¡E que bo viño de Chantada tiña! **Alí estiveron outro bo rato, bebendo e parolando**... O caso é que cando chegaron a Canturín xa era noite pecha.

(...)

Tiñan que atravesar a campa de Xan da Cruz, pois decidiron, para estar máis cedo na casa, deixar a estrada e ir polo atallo. Aquela campa é moi grande. Alí encórase moito a auga polo tempo das choivas de outonía.

(...)

- ¿Non ves -díxolle o seu compañeiro- unhas luces fronte de nós, pola campa adiante? Por entre os carballos levan unha caixa de morto nun carro.

- Eu -contestoulle Pedro- non vexo luces nin nada. **Xa che dixen que non bebesemos tanto**. Ti tiveches a culpa.

Ánxel Fole: *Á lus do candil*

CUESTIÓNS

1. Se constrúes unha oración cos sintagmas en negriña, ¿encontras algunha contradición? ¿é habitual que uns *homes cabales* teñan este comportamento?
2. O conto "Antón de Cidrán" é unha das narracións da obra *Á lus do candil*, a primeira obra de Ánxel Fole, publicada en 1953. Con máis de cincuenta anos de distancia entre a escrita e a túa lectura, intenta procurar:
   a) Aspectos diferentes entre dous tratantes do ano 1953 e dous tratantes do ano 2002.
   b) Semellanzas entre os protagonistas do conto e dous feirantes actuais.
3. Os dous protagonistas do conto celebraban o éxito do seu traballo comendo e bebendo; ¿como celebrariades vós o éxito tras un exame moi importante?[3]

[3] Engádese un cadro cos valores ante o consumo de alcohol como apoio para o profesorado.



TEXTO V

## DIARIO DE ANXOS (16)

Picarse, non, excluído. Nin creo que teña nada que ver cos chanchullos da droga. Non sei de onde poden saír esas lerias. É certo que fuma porros. Tanto el como Daniel. En realidade, paréceme que é Dani quen consegue as chinas. Foi el quen fixo os canutos tanto a noite da movida, como despois do concerto de Billy De Ville. A tarde que fomos os dous sós ao cine, en cambio, só fumou Ducados, que é o que fuma habitualmente. Eu creo que é Dani o que lle dá ó porro. Nando fuma só cando llo ofrece Dani. Ata eu botei unhas caladas.

Pero é verdade que no Insti se di que ten algo que ver con cousas de drogas. Coido que debería falalo con el. (...)

(22)

(...) Un do grupo preparou un porro que andou circulando de man en man. Eu pasei, e penso que foi un detalle que fixo medrar a distancia entre eles e mais eu. Non é que me importara gran cousa botar ou deixar de botar unha calada, pero desde logo a aquelas horas simplemente non me apetecía.

(30)

As cousas comezan a pasar a toda velocidade. Confeso que sinto vertixe. Mesmo que teño un chisco de medo. Non sei se medo é a palabra. É a sensación de que ti non es quen de controlar a situación, que esta te está a arrastrar, pero que ao mesmo tempo che apetece deixarte arrastrar. Non sabes o que pode pasar, así que tampouco sabes se todo o que pase vai ser bo. Mesmo sabes que poden pasar cousas que non quererías que pasasen. **Pero apetéceche precisamente o risco**. É xusto ese non saber que ocorrerá a chave da atracción da situación. Seguro que me estou a explicar mal. Para min esta é unha sensación novísima. Sempre mantiven unha certa fachenda de racional, de ser unha persoa que gusta de planificar as cousas e procurar ter todo baixo control. E agora é coma se descubrise en min un eu que descoñecía. Unha Anxos que lle **apetece perder o control**, que lle **apetece desmandarse**, **facer loucuras**, cousas que, se mas dixesen hai, que sei eu, un mes, quizais menos, diría que para nada, que esas non eran cousas que a min me apetecesen nin interesasen. ¿Que provocou todo isto? Non teño resposta. As cousas ocorreron, están ocorrendo, e xa está. Carpe diem. ¿Quen me ía dicir a min que eu tamén remataría entrando neste vivir ao día que antes tanto criticaba? E sen embargo eu sigo a ser eu. (...)

Miguel Vázquez Freire: *Anxos en tempos de chuvia.*

### CUESTIÓNS

1. Atendendo ó código lingüístico, indica qué nivel de lingua se utiliza nestes textos.
2. Procura as palabras que pertenzan ó campo semántico das drogas. Amplíao con outras que ti coñezas.
3. Anxos coñece algún conflicto en relación coas drogas que existe no seu *Insti*, ¿sabes ti dalgunha situación semellante no teu instituto? ¿como axudarías a resolvela?
4. Comenta o significado das frases que aparecen en negriña. ¿Son propias da adolescencia?

## VALORES ANTE O CONSUMO DE ALCOHOL

| VALORES QUE PODEN XUSTIFICAR UNHA POSICIÓN OPOSTA Ó CONSUMO |
|---|
| Ser responsable |
| Seguridade |
| Control |

| VALORES QUE PODEN XUSTIFICAR ÁMBALAS DÚAS POSICIÓNS |
|---|
| Solidariedade |
| Pertenza a un grupo |
| Amizade |
| Independencia |
| Autenticidade |
| Corrección |
| Autoafirmación |

| VALORES QUE PODEN XUSTIFICAR UNHA POSICIÓN FAVORABLE Ó CONSUMO |
|---|
| Recoñecemento |
| Sociabilidade |
| Boa imaxe |
| Pracer |





## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites. Dificultades respiratorias, Enfermidade vascular periférica. Bronquite crónica. Enfisema pulmonar. Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |





## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador Psicodiléptico Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |

## RECURSOS


Castelao: *Cousas.* Ed. Akal. Madrid.

Fole, Ánxel: *Á lus do candil*. Ed Galaxia. Vigo 1979.

Gonçalves, Elsa: *A lírica galego-portuguesa*. Ed. Comunicaçao. Lisboa.

Gutiérrez Izquierdo, Ramón: *Lecturas de nós.* Ed. Xerais. Vigo, 2000.

Pena, Xosé Ramón: *Literatura galega medieval.* Tomo I. Ed. Sotelo Branco. Barcelona, 1986.

Rodrigues Lapa, M.: *Liçoes de Literatura portuguesa.*Coimbra Ed. Limitada, 1981.

Tarracha Ferreira, M.E.: *Poesia e prosa medievais.* Ed. Ulisseia.

Vázquez Freire, Miguel: *Anxos en tempos de chuvia.* Ed. Xerais.





















MINISTERIO DEL INTERIOR

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# LENGUA CASTELLANA y LITERATURA



## comunicación y lenguaje: la publicidad









Xunta de Galicia





## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.
2) Integración no grupo clase.
3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.
4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.
2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.
3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).
4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.
5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:
   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.
2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.
3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.
4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.



# lengua CASTELLANA y literatura

## Objetivos generales del área

*Comprender e interpretar discursos orales y escritos científicos, culturales, técnicos, de los medios de comunicación y de otros lenguajes no verbales, teniendo en cuenta, en cada caso, sus características y las finalidades comunicativas.*

## Objetivos del área en relación con la prevención de drogodependencias

Comprender e interpretar discursos orales y escritos de tipo científico, cultural, técnico, de los medios de comunicación que tengan relación **con el mundo de las drogas** teniendo en cuenta, en cada caso, sus características y las finalidades comunicativas: persuasión, información, etc.



unidad didáctica

# comunicación y lenguaje: la publicidad

**Bloque de contenidos:** La comunicación oral y escrita en la sociedad contemporánea: distintos textos.

**Objetivos didácticos:**

- Analizar la estructura de distintos textos distinguiendo la fuerza ilocutiva y los elementos que intervienen en la comunicación, reconociendo su influencia en la configuración del texto y valorando la importancia de la planificación y de la organización de los contenidos.
- Observar en textos orales, escritos, audiovisuales e icónico-verbales, distintos tipos de opinión, valorando la fiabilidad de las opiniones en función de las características del enunciador, y tomando conciencia de la existencia de prejuicios en razón del sexo, raza o clase social en nuestro entorno sociocultural.
- Participar en debates, argumentando y adoptando un punto de vista crítico con claridad y coherencia. Adoptar una actitud crítica ante todo intento de justificación del negocio del consumo de drogas.













Contenidos:

### Conceptos

- La comunicación lingüística: elementos.
- La intención comunicativa: persuasiva, explicativa, expresiva, lúdica.
- El mensaje publicitario.
- Funciones de la publicidad.

### Procedimientos

- Participación en intercambios comunicativos.
- Identificación de los elementos de la enunciación con el fin de que la participación en intercambios comunicativos sea más rica y significativa.
- Comprensión e interpretación de los enunciados teniendo en cuenta el contexto en que se producen.
- Reconocimiento de los mensajes publicitarios relacionados con el consumo de drogas legales y no legales.
- Reconocimiento de los procedimientos de convencer que usan los otros con el fin de utilizar las razones necesarias para contra-argumentar.

### Actitudes

- Interés por participar en intercambios comunicativos, aceptación de las normas que los rigen y rechazo de expresiones que denoten cualquier tipo de discriminación hacia las personas con adicción a las drogas.
- Respeto por las personas que utilizan un código distinto.
- Interés por expresar las propias opiniones para convencer y persuadir, respetando las opiniones de los otros.
- Motivar una actitud crítica ante los mensajes publicitarios que inciten el consumo de sustancias tóxicas.

## METODOLOGÍA

- Esposición de las ideas previas por parte del alumnado.
- Explicación del contenido del tema.
- Realización de actividades tanto individuales como de grupo.
- Corrección y aclaración de dudas.
- Conclusiones.

## IDEAS PREVIAS

Inicio: empezar con una exposición previa de las ideas que, sobre este tema, posea el alumnado.

a) ¿Cuáles son las necesidades del ser humano?
b) ¿Crees que la publicidad satisface alguna de esas necesidades?
c) ¿Para que sirve la publicidad?
d) ¿La publicidad de bebidas alcohólicas incita a la juventud a beber?

Recogemos las conclusiones separando las necesidades indicadas en tres bloques: necesidades fisiológicas, necesidades emocionales y necesidades de autorrealización.

- Necesidades fisiológicas: un primer tipo que recogería las necesidades más básicas: alimento, descanso, sexualidade.
- Necesidades emocionales: de amar y ser amado, de proteger y ser protegido, aceptar y ser aceptado, de pertenecer a un grupo.
- Necesidades de autorrealización: autoestima, necesidad de conocer, de logro personal, aspiraciones, poder, de consideración pública.

A lo largo del desarrollo también evolucionan nuestras necesidades de forma que, en la infancia, las necesidades de ser alimentado (fisiológicas) o las de ser protegido y ser amado (emocionales) son las predominantes. La adolescencia se caracteriza por una mayor necesidad de aceptación/integración en el grupo (emocionales). Mientras que en la edad adulta las necesidades de autorrealización son las prioritarias, sin olvidar que las demás siempre están presentes.

**Pirámide de necesidades según Maslow**





## EXPOSICIÓN DEL TEMA

Exposición por parte del profesorado del tema a tratar:

- **a)** Primeros ejemplos publicitarios.
- **b)** La publicidad como producto de la sociedad de consumo.
- **c)** Características de la publicidad.
- **d)** Funciones de la publicidad.
- **e)** Clases de publicidad.
- **f)** El mensaje publicitario. Análisis del lenguaje publicitario.

### CONCEPTO DE PUBLICIDAD Y ACTO PUBLICITARIO

Se puede definir publicidad como "la disciplina que se ocupa de incitar al consumo", creando o fortificando necesidades del ser humano y tratando de hacer creer que con sus productos se podrán satisfacer.

No se limita a ser un simple proceso de transmisión de la información, sino que es básicamente una TRANSMISIÓN DE LA OPINIÓN: juicio de valor.

El objetivo principal de la Publicidad sería el de influir en el comportamiento humano incitando hacia el consumo de un determinado producto, para eso seguirá dos líneas de trabajo:

a) La investigación de las necesidades del ser humano.

b) La investigación de las técnicas de comunicación más eficaces.

Si la publicidad intenta influir sobre los comportamientos de las personas creando necesidades, entonces podemos afirmar que el objetivo de la publicidad de bebidas alcohólicas será promover su necesidad para que las personas inclinemos nuestra conducta hacia su adquisición y consumo.

Los mensajes publicitarios suelen revestirse de un tono incitativo, con un esquema sencillo:

a) Muestran un producto reiteradamente en distintos espacios y tiempos (**acto publicitario**).

b) Argumentan que dicho producto va a satisfacer por lo menos una de las necesidades humanas (**satisfacción de necesidades humanas**).

c) Utilizan valores reconocidos como importantes para la sociedad (**acto de propaganda**).

## ACTIVIDADES

1. **Individuales:**

   - **a)** Pedimos al alumnado que traiga diferentes anuncios de bebidas alcohólicas recogidos en distintos medios de comunicación (periódicos, revistas, folletos de publicidad de pubs y discotecas, etc.)
   - **b)** Seleccionamos los anuncios y los distribuimos en clase para que sean analizados individualmente. Podemos entregar una plantilla (ej. anexo I) para facilitar dicho análisis.
   - **c)** Comparamos los análisis realizados según las estrategias publicitarias, los destinatarios, las épocas del año en que se anuncian, etc.

2. En grupo

a) Pedimos al alumnado que traiga también anuncios de tabaco y en grupos de tres o cuatro personas se analiza cada anuncio intentando contestar a: ¿qué quiere transmitir? ¿a qué público va dirigido? ¿cómo crees que puede influir esta publicidad en tu consumo de tabaco? ¿y en el de tus amigos? ¿eres consciente de que se intenta vender un producto que es perjudicial para la salud?

b) En grupos de cuatro o cinco personas confeccionan anuncios alternativos a los ya analizados, parodiando alguno de ellos, criticando los aspectos más manipuladores.

c) Los mismos grupos realizarán contraanuncios tanto de tipo comercial como de tipo institucional, que inciten a:

- Divertirse sin alcohol.
- Dejar el tabaco.
- Cuidar la salud.

Para redactar tu propio anuncio con un mensaje positivo sobre la salud ten en cuenta:

1. Busca un producto relacionado con la salud que te interese vender.
2. Piensa en que personas lo podrían comprar: sexo, edad, nivel cultural y económico, urbanas o rurales, etc.
3. Imagina la composición del anuncio teniendo en cuenta a las personas a las que te diriges: sus gustos, preferencias. Procura que no aparezcan elementos sexistas y que se refleje la importancia de la salud.

Antes de redactar los eslogans y de diseñar los carteles, conviene fijar los criterios y los objetivos que tiene esta campaña. Para ello podemos apoyarnos en el anexo III, esquema utilizado en el material de la ESO.

d) Poner un vídeo[1] con anuncios destinados a jóvenes y analizar distintos aspectos[2]:

- Los elementos básicos de las imágenes: planos, enfoques, colores que se emplean.
- Los recursos lingüísticos: la imprecisión, las palabras-imagen, los símbolos, la alteración del uso correcto de las palabras en la frase, los enunciados asertivos, el eslogan, etc.
  - La función de la música en el anuncio publicitario.
  - Análisis del contenido: necesidades que satisface el producto y valores que transmite.

e) Utilizar también distintos anuncios de la radio analizando tanto el contenido del mensaje publicitario como las técnicas de difusión.

f) Si el tema a tratar coincide en todos los grupos de bachillerato del centro, se podría realizar una campaña publicitaria que sirviese para fomentar hábitos saludables.

[1] Posibilidad del vídeo de publicidad "Un reto..."

[2] Para este análisis podemos utilizar la plantilla (anexo II ) que incluye José Rouco Lamela en su artículo *A publicidade na aula* publicada en *Revista Galega do Ensino*. Feb. 2000





## ANEXO I

### ANÁLISIS DE UN ANUNCIO

| Estrategia global | Análisis del lenguaje | Relación emisor-receptor |
|---|---|---|
| Proporciona:<br>▮ placer<br>▮ prestigio<br>▮ superación<br>▮ otros | Empleo de substantivos, adjetivos, verbos, etc. | ▮ Imperativa<br>▮ Interrogativa<br>▮ Afirmativa.<br>▮ Personalista<br>▮ Posesiva<br>▮ Identificativa |
| **Imágenes:** | **Sonido:** | **Necesidades que pretende cubrir:** |
| ▮ Figuras<br>▮ Objetos.<br>▮ Color<br>▮ Tipografía | ▮ Voz<br>▮ Música | ▮ N. Fisiológicas<br>▮ N. Emocionales<br>▮ N. de Autorrealización |

NOMBRE DE LA BEBIDA ANUNCIADA:





# ANEXO II

## ANÁLISIS DE PUBLICIDAD

| | |
|---|---|
| Producto anunciado | |
| Medio | Duración |
| Realización/producción | Destinatario |

**Producto anunciado**

**Lanzamiento** **Refuerzo** **Institucional**

**Función**

**Informativa** ← → **Persuasiva**

| Mecanismo | Proceso | Tema |
|---|---|---|
| Narración | Argumentación<br>Descripción<br>Solución<br>Demostración<br>Comparación<br>Humor | |
| Identidad | Con una situación<br>Con un grupo social<br>Sexual<br>Con un personaje<br>Icónica:color-forma<br>Sonora: música | |
| Metáfora | Por superposición<br>Por extrapolación<br>Por exageración<br>Irreal<br>Delirante | |





## ANEXO III

MEDIO DE DIFUSIÓN A EMPLEAR:
CARTELES Y PEGATINAS

| Objetivos a formular | |
|---|---|
| Para posibles consumidores → | Que no se inicien en el consumo |
| Para los consumidores → | Que reduzcan el consumo o |
| → | Que dejen de consumir |
| Para los ex-consumidores → | Que no vuelvan a consumir |

| Contenidos | | |
|---|---|---|
| **Información a dar** | **Argumentos a transmitir** | **Actitudes sociales a propiciar** |
| | | |

Después de haber analizado y tener claro cada uno de los aspectos anteriores, se puede empezar a redactar lemas, diseñar carteles, elaborar textos, etc.




VÍDEOS

A publicidade, un reto.
Anuncios publicitarios dirixidos á xuventude.

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites. Dificultades respiratorias, Enfermidade vascular periférica. Bronquite crónica. Enfisema pulmonar. Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |

# Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |



## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador<br>Psicodiléptico<br>Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |

## RECURSOS

### BIBLIOGRAFÍA


Luís Bassat: *El libro rojo de la publicidad*. Ed. De Bilsillo.

Xosé Cermeño: *A Publicidade.* Ed. Xunta de G. Consellería de Cultura e Xuventude. 1993.

Abraham Maslow: *Motivation and Personality.* Harper and Row. 1970.

José Rouco Lamela: "A publicidade na aula" en R*evista Galega de Ensino*. Febreiro, 2000.

Silvia Rozas Barrero: "Análisis de Publicidad" en *Publicidad y Transversales.*

V.A.: *Identidad Corporativa.*









MINISTERIO DEL INTERIOR
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# LINGUA
# INGLESA











## a comunicación oral e escrita: a narración

Xunta de Galicia





## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.

2) Integración no grupo clase.

3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.

4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.

2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.

3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).

4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.

5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:

   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.

2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.

3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.

4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.



# lingua INGLESA

## Obxectivos xerais da área

*Comprender e utilizar con fluidez e corrección crecentes a lingua estranxeira de forma oral e escrita para comunicarse en situacións reais diversas de maneira clara, persoal e creativa, amosando respecto e tolerancia cara ás ideas expresadas polos demais.*

*Interpretar textos orais, escritos e visuais dos medios de comunicación e utilizar a información proporcionada por estes con fins concretos.*

## Obxectivos da área en relación coa prevención de drogodependencias

Comprender e utilizar a lingua inglesa de forma oral e escrita nunha situación real concreta: **a historia dun drogodependente**, amosando respecto polas ideas expresadas polos demais.

Interpretar textos orais, escritos e visuais de distintas fontes e utilizar a información proporcionada para **buscar solucións concretas en problemas relacionados coa drogodependencia**.



# a comunicación oral e escrita: a narración

**Bloque de contidos:** A comunicación oral e escrita na nosa sociedade.

**Obxectivos didácticos:**

- Adquisición por parte do alumnado dunha maior corrección e fluidez tanto a nivel escrito como oral na lingua inglesa.
- Analizar criticamente as mensaxes que en materia de drogas son recibidas a través dos medios de comunicación ou doutras fontes de información.
- Producción de mensaxes escritas para un destinatario concreto: **o consumidor de drogas**.

**Contidos:**

### Conceptos

- Situacións de comunicación da vida cotiá **en relación coas drogas** que respondan a unha intención comunicativa concreta e a un receptor determinado.
- Léxico relativo **ó mundo das drogas e da drogodependencia**.
- Aspectos funcionais (intención comunicativa): describir, narrar, argumentar...
- Estructuras gramaticais utilizadas para dar consellos: condicionais tipo "if".

### Procedementos

- Comprensión global e específica do texto cunha linguaxe actual e accesible.
- Utilización de estratexias de organización e planificación do discurso con argumentos **en contra do abuso das drogas**.
- Producción de textos escritos en resposta a unha situación comunicativa concreta (**carta de apoio a unha persoa drogodependente, confección dun cartel)**

### Actitudes

- Respecto polas achegas dos demais interlocutores.
- Posición crítica ante as informacións recibidas.
- Valoración da lingua inglesa como medio de acceso a informacións relacionadas con outras materias curriculares.
- Interese polos temas relacionados co **abuso das drogas como problema social** e a responsabilidade de cadaquén.





## METODOLOXÍA

- Remuíño de ideas.
- Avance léxico
- Comprensión xeral do texto.
- Comprensión *detallada* do texto.
- Traballo *individual e en grupo*.
- Discusión, *posta en común e corrección.*
- *Exposición* dos resultados tanto das actividades previas como das finais.
- Avaliación das tarefas individuais e de grupo: observación, participación e corrección.

## ACTIVIDADES

1. *Warming-up*
   1.1. Cuestionario *tempo libre* segundo curso/nivel: torta. Avance *vocabulario.*
   1.2. Cada alumno e alumna escribe polo menos dúas posibles razóns polas que os mozos entran no mundo da droga.
   1.3. O alumnado en grupos de catro persoas *discute as razóns.*
   1.4. Elabórase unha lista coas razóns e ideas achegadas por tódos os grupos.
   1.5. Coa axuda do profesorado compáranse coas estatísticas reais.

2. *Tarefas*

Tarefa 1. *Lectura rápida* do texto. Dedución polo contexto. Individual.
*Lectura detallada*. Completar información en cadro. Grupos de dous.
Tarefa 2. *Debate* sobre posible final. Grupos de catro.
Tarefa 3. Facer as *viñetas* e comentalas en parellas. Escribir *unha narración.*
Tarefa 4. *Aconsellar unha persoa con adicción ás drogas.* Diálogos.
Tarefa 5. *Escribir unha carta de apoio* á persoa en cuestión. Individual.
Tarefa 6. Realización de *carteis* en grupos dun máximo de seis persoas





1. Can you think of a title for the story?

## Chris´s story

I was into alcohol and cigarettes from about the age of 12. Before long, I started sniffing glue and smoking cannabis. When I was about 15, I used go to clubs and parties where most of my friends were taking “E” (Ecstasy). So I tried it. It gave me this feeling of “Everything`s wonderful”. That`s what it was like. At the time it was great, but the worst thing was the next day. I often used to stay in bed all day feeling terrible. Sometimes I went to school on Monday morning still feeling bad. But most of my friends were taking drugs; parties wouldn`t seem any good if you didn`t take anything.

I wasn`t taking drugs because I had any problems. I just wanted to have a good time and drugs made me feel good. Soon I started to take all sorts of different things. One time I took “E”s, acid (LSD), speed (amphetamines) and cocaine, all in one night. After a night like that, I remember thinking, “I`m lucky to be alive!” And I probably was.

I started getting bored of going to clubs and parties, but I really had a need for “charlie” (cocaine) by then. I wanted it more and more, but it was becoming harder and harder to get. People who used to sell me cocaine said, “Why don`t you try crack?” (A stronger type of cocaine). The first time I took it, it was fantastic. Crack is the most psychologically addictive drug because you like it instantly. It destroys you, but you don´t think about that because you like it so much. I would spend all my money on crack. The crack takes your money, but it also takes your morals -I ended up stealing money from people I loved and I used to get violent and aggressive. That´s what it does to you. I knew I had a problem. It had all got out of control.

*This is a true story of a teenager´s experiences with drugs.*

Madeleine Mattugh & Phil Jake.

TASK ONE: **Reading**

Complete the notes on Chris´s story:

| History of drug taking | His reasons | His feelings/ behaviour |
|---|---|---|
| | | |



TASK TWO: **Discussion**

In groups, discuss the four possible endings and say which one you think was the real ending to Chris´s story. Now decide what you think is the best ending to his story.

Possible endings:

1. His parents found out about his drug problem. They took him to a local drug centre where he is now on a detoxification programme.
2. He went to a drug centre by himself. He no longer takes drugs and now works as a volunteer on a youth project. He visits schools, talking to the pupils about drugs.
3. He met a girlfriend who was not interested in drugs. She has helped him a lot. He now has a new set of friends and hasn´t taken any drugs for several months.
4. He has been in and out of hospital several times. Each time he has always gone back to drug taking. He is a now registered drug addict.

TASK THREE: **Writing**

What happened next in the story? Work with a classmate. Draw talk about the pictures. Then write about what happened.

| | |
|---|---|
| 1 | 2 |
| 3 | 4 |



WHAT´S NEXT

TASK FOUR: **What advice would you give to the writer.**

Role play: Make conversations with your partner, like this:

**DISCUSSION:**

A/ If I wanted to meet people, I´d join a sports club.

B/ But this person is in her sixties. If she joined a sports club she´d probably be the oldest person there. If I were in her position I´d go to a club for old people.

TASK FIVE: **When you have agreed on some advice to give the writer, Make up a short letter.**

**WRITING:**

TASK SIX: **To make a poster about something you would stop if you had the power.**

**PROJECT:** Why drugs are bad for you?

Why people take drugs?

What would I do to stop people taking drugs?

*Fonte: Generation 2000. Zheinemann*








IF I HAD THE POWER, I'D STOP PEOPLE SMOKING
Part one
1. Cigarettes are very expensive - some people spend more money on cigarettes than on food.
2. Smoking is very bad for your heart and lungs. It kills millions of people world-wide every year.
3. Smoking makes you short of breath and stops you winning at sport.
4. Smoking makes you smell like an old ashtray.
5. Lots of really bad fires are caused by people throwing away cigarette ends or matches.
She doesn't smoke.
E
She does.
A
SMOKE THIS
SMELL LIKE THIS!
B
TOBACCO SERIOUSLY DAMAGES HEALTH
20 cigarettes = the price of a dinner
C
D
Would you like a cigarette?
Why don't you just shoot me?
Part two
Why people smoke
1. Because smoking is addictive. Tobacco contains nicotine which is an addictive drug.
2. Young people smoke because they think it makes them look older and more sophisticated.
3. People think smoking makes them more relaxed and confident.
Part three
What I would do to stop smoking
1. I would ban all kinds of tobacco advertising.
2. I would stop people smoking in schools, in all public places and places where people work.
3. I would put a big tax on cigarettes to make them even more expensive. This tax would pay for all the doctors and hospitals needed because of smoking.
4. I would stop actors smoking on TV and in films.
Justin 1st April.

# Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites.<br>Dificultades respiratorias,<br>Enfermidade vascular periférica.<br>Bronquite crónica.<br>Enfisema pulmonar.<br>Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor<br>Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |



## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador<br>Psicodiléptico<br>Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |












MINISTERIO DEL INTERIOR

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# F I L O S O F Í A



## FILOSOFÍA

FILOSOFÍA

vivir a vida
sen drogas









Xunta de Galicia





## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.
2) Integración no grupo clase.
3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.
4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.

2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.

3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).

4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.

5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:

   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.

2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.

3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.

4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.







# F I L O S O F Í A

## filosofía

### Obxectivos xerais da área

*Comprender que a razón é unha capacidade privilexiada para regular a acción humana e para enfocar as relacións sociais como relacións entre individuos autónomos que poden debater as súas diferencias a través do diálogo e a libre expresión das súas ideas.*

### Obxectivos da área en relación coa prevención de drogodependencias

Comprender que a razón é unha capacidade privilexiada para regular as nosas accións e tomar decisións reflexionadas no **que ó consumo de drogas se refire**. As relacións sociais han de darse entre individuos autónomos que poden debater as súas diferencias a través do diálogo, **sen necesidade de usar e abusar das drogas**.



**Bloque de contidos:** normas, valores e criterios.

**Obxectivos didácticos:**

- Reflexionar sobre a presencia de valores na base da maioría das nosas afirmacións, crenzas e accións.
- Distinguir entre criterios e valores, razóns e causas.
- Identificar os valores e criterios que distinguen a acción moral doutro tipo de actuacións.
- Apreciar a reflexión ética como unha forma de iluminar as propias accións e aplicala antes de decidir realizar unha conducta que implique risco.

**Contidos:**

### Conceptos

- Normas, valores e criterios.
- A procura da felicidade sen precisar ningunha substancia.
- Criterios morais: intención, responsabilidade, relación medio/fin, consistencia, etc.

### Procedementos

- Lectura dunha obra sinxela de filosofía relativa ós problemas tratados.
- Elaboración e/ou reconstrucción de razóns e causas para xustificar a aceptación de distintos valores morais e de diferentes formas de actuación.
- Composición guiada dun texto escrito breve sobre o tema tratado *Vivir sen drogas*, poñendo especial atención na argumentación, utilizando exemplos, analoxías, razóns sobre as ideas expostas.
- Análise formal dos estereotipos e razoamentos racistas e intolerantes a todos os niveis nos que se poidan detectar: un mesmo, no grupo de iguais, familia, profesorado...

### Actitudes

- Atención ó autocoñecemento e predisposición a descubrir e superar os propios prexuízos.
- Sensibilidade cara á utilización da reflexión racional como forma de regular as propias accións.
- Interese por acceder a obras filosóficas completas que nos reflictan esta realidade sobre **o tema das drogodependencias**.
- Interese por identificar prexuízos e estereotipos sobre as persoas con problemas de adicción ás drogas xerando esquemas de clasificación e razoamentos alternativos.



## METODOLOXÍA

- Exposición por parte do alumnado das súas ideas previas sobre NORMAS, VALORES, MORAL, LIBERDADE, FELICIDADE, PRACER.
- Explicación ou aclaración de dúbidas por parte do profesorado rectificando ou ratificando as ideas anteriormente expostas.
- Actividades para realizar xa de forma individual xa en grupo.
- Exposición e corrección das actividades.
- Conclusións.

## IDEAS PREVIAS

- Constrúe frases nas que aparezan as palabras: MORAL, ÉTICA, PRACER, LIBERDADE, FELICIDADE.
- ¿Teñen sempre o mesmo significado?
- Procura o seu significado nun diccionario.

## EXPOSICIÓN

O profesorado apoiándose nos coñecementos previos do alumnado, poderá resaltar a diferencia entre MORAL e ÉTICA; LIBERDADE e RESPONSABILIDADE; NORMAS e VALORES.

### A EVOLUCIÓN DA CONCIENCIA MORAL NO INDIVIDUO

L. Kohlberg presenta un esquema das etapas do xuízo moral, inspirado nas nocións de etapas de Piaget. O desenvolvemento moral pasa por tres niveis, con dúas etapas cada un:

- No nivel **preconvencional**, o suxeito adopta para a súa conducta criterios totalmente pragmáticos e individualistas, tendo en conta só os propios intereses. Aínda que respondan ás regras e estereotipos culturais do ben, mal, correcto, incorrecto, interprétanos en termos de castigo e obediencia, do que serve ás propias necesidades.
- No nivel **convencional**, o individuo acepta como criterio de conducta o que existe no grupo. Destaca a importancia que ten gardar lealdade e ter confianza no grupo e ter motivacións para seguir as regras e expectativas cumprindo o propio deber na sociedade. Téndese a procurar a aprobación do grupo e a adoptar os intereses doutros por enriba dos persoais aínda que dentro do marco do grupo. É unha moral de conformidade co papel social e co sistema dado.
- No nivel **posconvencional**, o suxeito adopta na súa conducta principios morais autónomos. A perspectiva adoptada agora polo individuo é social pero baséase nuns principios anteriores e nuns valores universais básicos (*dereitos humanos*). Esta moral de principios éticos universais levaría a poder desobedecer unha norma cando esta conculque os principios de dignidade humana.

## ACTIVIDADES

1. Identificade os niveis de desenvolvemento do razoamento moral que revelan as motivacións aducidas polos consumidores de alcohol:

| Motivacións | % |
|---|---|
| Por razóns de saúde | 1,5 |
| Por razóns familiares | 0,7 |
| Por razóns de relacións | 21,8 |
| Por razóns económicas | 2,2 |
| Por problemas no traballo | 0,5 |
| Por influencia social | 11,9 |
| Por non poder deixalo | 0,1 |
| Porque me gusta | 56,2 |
| Non o sei | 4,1 |
| Outros motivos | 1,1 |
| **Total** | **100,0** |

2. Identificade agora os niveis de moral de Kohlberg nas respostas indicadas polos consumidores de drogas ilegais.

| Motivacións | % |
|---|---|
| Por escapar a problemas persoais | 6,0 |
| Polo gusto de facer algo prohibido | 14,7 |
| Por pracer, por animarme | 19,8 |
| Por aburrimento | 2,5 |
| Por estudiar ou traballar mellor | 0,4 |
| Por facilitar a conversación e o contacto social | 2,4 |
| Por problemas familiares | 0,3 |
| Por sentirme marxinado ou discriminado no traballo | 0,2 |
| Polas condicións de traballo | 0,2 |
| Polo desexo de ser aceptado por un grupo | 4,8 |
| Por enfermidade, dor, nervios. | 43,2 |
| NS/NC | 5,7 |
| **Total** | **100,0** |



3. Outras posibles actividades para realizar serían a lectura e o comentario dalgúns textos:

## TEXTO I

"Por moita programación biolóxica ou cultural que teñamos, os homes sempre podemos optar finalmente por algo que non estea no programa (ou que non estea de *todo*). Podemos dicir "si" ou "non", "quero" ou "non quero". Por moi mal que nos vexamos polas circuntancias, nunca temos *un único camiño* a seguir senón varios.

Cando che falo de ***liberdade*** é a isto ó que me refiro. Ó que nos diferencia das térmites e das mareas, de todo o que se move de modo necesario e irremediable. Certo que non podemos facer *calquera cousa que queiramos*, mais tamén é certo que non estamos obrigados a querer facer unha soa cousa. E aquí convén sinalar dúas aclaracións respecto á liberdade:

*Primeira*: Non somos libres de elixir *o que nos pasa* (nacer tal día, de tales pais ou nun país determinado, padecer un cancro ou ser aptropelados por un coche, ser guapos ou feos, que os aqueos se empeñen en conquistar a nosa cidade, etc), senón libres para *responder ó que nos pasa de tal ou cal modo* (obedecer ou rebelarnos, ser prudentes ou temerarios, vingativos ou resignados, vestirnos á moda ou disfrazarnos de oso das cavernas, defender Troia ou fuxir, etc.)

*Segunda*: Ser libres para *intentar* algo non ten nada que ver con *acadalo*. Non é o mesmo a liberdade (que consiste en elixir dentro do posible) que a omnipotencia (que sería conseguir sempre o que un quere, aínda que pareza inposible). Por iso canta máis *capacidade* de acción teñamos, mellores resultados poderemos obter da nosa liberdade."

SAVATER, F. *Ética para Amador*. Ed. Ariel, Barcelona.

### CUESTIÓNS

1. ¿Cal é a idea fundamental que defende Savater neste texto?
2. Se che preguntan ¿ti es libre? Seguro que contestas SI. Pero ¿tes pensado en que tipo de situacións te sentes presionado polo teu grupo?
   - Na clase.
   - Coas túas amizades.
   - Na casa.



## TEXTO II

"¿Que pretendo dicirche poñendo un "fai o que queiras" como lema fundamental desa ética cara á que imos tanteando? Pois sinxelamente (aínda que logo resultará que non é tan sinxelo) que hai que deixarse de ordes e costumes, de premios e castigos, nunha palabra de canto quere dirixirte desde fóra, e que tes que propoñerte todo este asunto desde ti mesmo, desde o foro interno da túa vontade. Non lle preguntes a ninguén que é o que debes facer coa túa vida: pregúntate a ti mesmo. Se desexas saber en qué podes empregar mellor a túa liberdade, non a perdas póndote xa desde o principio ó servicio do outro ou de outros, por bos, sabios e respectables que sexan; interroga sobre o uso da túa liberdade á liberdade mesma."

SAVATER, F. *Ética para Amador.* Ed. Ariel. Barcelona

### CUESTIÓNS

1. ¿Que quere dicir o autor coa frase "fai o que queiras"? (Debate en subgrupos)
2. ¿Somos libres para decidir sobre cuestións como o *uso de drogas?*
3. Debate a influencia que ten na nosa liberdade sobre o *consumo de drogas*:
   - O grupo de iguais.
   - A publicidade.
   - O contexto.
   - A familia.
   - O profesorado.
   - Eu mesma, eu mesmo.
4. ¿Poderiamos avaliar esas influencias no consumo de drogas en tantos por cento?

## TEXTO III

"Eu creo que a primeira e indispensable condición ética é a de estar decidido a non vivir de calquera xeito: estar convencido de que non todo dá igual aínda que antes ou despois vaiamos morrer. Cando se fala de **moral** a xente acostuma referirse a esas ordes e costumes que adoitan respectarse, polo menos aparentemente e ás veces sen saber moi ben por que. Pero quizais o verdadeiro quid non estea en someterse a un código ou en levar a contraria ó establecido (que é tamén someterse a un código pero *ó revés*) senón en intentar *comprender*. Comprender por qué certos comportamentos nos conveñen e outros non, comprender de qué vai a vida e qué é o que pode facela "boa" para nós os humanos. Ante todo, nada de contentarse con *parecer bo*, con *quedar ben* ante os demais, con que nos dean *o aprobado*... (...) Pero o esforzo de tomar a decisión ten que facelo cadaquén en solitario: *ninguén pode ser libre por ti.*"

SAVATER, F. *Ética para Amador.* Ed. Ariel, Barcelona

### CUESTIÓNS

1. ¿Saberías definir o teu código moral?
2. Poderías enumerar cinco accións realizadas por ti que estivesen en contra do *teu propio código moral*?
3. ¿Sénteste menos libre por cumprir cun criterio de comportamento?
4. ¿Que consecuencias ten para ti mesmo o *abuso de drogas*?
5. ¿Que consecuencias ten para ti a nivel familiar, social ou xudicial?
6. ¿Cres que che compensaría abusar das drogas?







## TEXTO IV

"O pracer é moi agradable pero ten unha fastidiosa tendencia ó excluínte: se te entregas a el con demasiada xenerosidade é quen de irte deixando sen nada co pretexto de facer que o pases ben. *Usar* os praceres, como di Montaigne, é non permitir que calquera deles che borre a posibilidade de tódolos outros e que ningún che esconda por completo o *contexto* da vida nada simple en que cada un ten a súa ocasión. A diferencia entre o *uso* e o *abuso* é precisamente esa: cando usas un pracer, enriqueces a túa vida e non só o pracer senón a vida mesma che gusta cada vez máis; é sinal de que estás abusando cando notas que o pracer che vai *empobrecendo a vida* e que xa non che interesa a vida senón *só ese particular pracer*. Ou sexa que o pracer xa non é un ingrediente agradable da plenitude da vida, senón un refuxio para *fuxir* da vida, para esconderte dela e calumniala mellor."

SAVATER, F. *Ética para Amador*. Ed. Ariel, Barcelona.

### CUESTIÓNS

1. ¿Que é para ti a procura do pracer?
2. ¿Poderías enumerar cinco cousas que che produzan pracer?
3. ¿Cres que sentirías máis pracer se probases algún tipo de substancia?
4. ¿Que diferencias existen, segundo o autor, entre *uso* e *abuso*?

   ¿Pasa o mesmo coas drogas?

   ¿Como se chega a depender das drogas?
5. ¿Como chegas a saber se te converteches nun *drogodependente*?

## TEXTO V

"¿Cal é a maior mentira do mundo? -preguntou, sorprendido, o rapaz.

- É esta: nun momento determinado da nosa existencia, perdemos o control da nosa vida, e ela pasa a ser gobernada polo destino. Esta é a maior mentira do mundo.

-Comigo non sucedeu tal cousa -dixo o rapaz-. Querían que fose sacerdote, e eu decidín ser pastor."

COELHO, P. *O Alquimista*. Ed. Obelisco, Barcelona.

### CUESTIÓNS

1. ¿Cres que ti controlas a túa vida? ¿Por que?
2. ¿Cres que o *consumo de drogas* pode facerche perder o control da túa vida?
3. Se non é así ¿que factores axudan a perder o control sobre o *uso* e o comezo do *abuso?*
4. ¿Cal é a liña divisoria entre USO, ABUSO e DEPENDENCIA?
5. ¿Coñeces as consecuencias entre ABUSO DE ALCOHOL + CONDUCCIÓN?
6. ¿Algunha vez atopácheste pensando "**eu controlo**"?
7. Investiga os factores que inflúen nos accidentes de tráfico.

## A BUSCA DA FELICIDADE

Certo mercader enviou o seu fillo a aprender o Segredo da Felicidade xunto Ó máis sabio de tódolos homes. O rapaz andou durante corenta días polo deserto, ata chegar a un fermoso castelo, no alto dunha montaña. Alí vivía o Sabio que buscaba o rapaz.

Sen embargo, en vez de encontrar un home santo, o noso heroe entrou nunha sala e viu unha actividade inmensa; mercaderes que entraban e saían, persoas que conversaban polos recantos, unha pequena orquestra tocaba suaves melodías e había unha mesa cuberta cos pratos máis deliciosos de daquela rexión do mundo. O Sabio conversaba con todos, e o rapaz tivo que esperar dúas horas ata chegar a ser atendido.

O Sabio escoitou con atención o motivo da visita do rapaz, pero díxolle que naquel momento non tiña tempo de explicarlle o Segredo da Felicidade. Suxeriu que o rapaz dese un paseo polo seu palacio e volvese despois de dúas horas.

-Mentres tanto, quero pedirche un favor -concluíu o Sabio, entregándolle ó rapaz unha culleriña na que deixou caer dúas gotas de aceite-, mentres vas camiñando, leva esta culleriña sen deixar que se derrame o aceite.

O rapaz comezou a subir e baixar as esqueiras do palacio, mantendo sempre fixos os ollos na culleriña. Ó cabo das dúas horas, voltou á presencia do Sabio.

-Entón -preguntou o sabio- ¿viches as tapicerías de Persia que hai no meu comedor? ¿Viches o xardín que o Mestre dos xardineiros tardou dez anos en plantar? ¿Fixácheste nos fermosos pergameos da miña biblioteca?

O rapaz, avergonzado, confesou que non vira nada. A súa única preocupación era non derramar as gotas de aceite que o Sabio lle confiara.

-Volta, pois, e coñece as marabillas do meu mundo -dixo o Sabio-. Non podes confiar nun home se non coñeces a súa casa.

Xa máis acougado, o rapaz colleu a culleriña e voltou a pasear polo palacio, fixándose esta vez en tódalas obras de arte que colgaban do teito e das paredes. Viu os xardíns, as montañas ó redor, a delicadeza das flores, a exquisitez con que cada obra de arte estaba colocada no seu sitio. Ó regresar ó lado do Sabio, relatou con detalle todo o que vira.

-Pero, ¿onde están as dúas gotas de aceite que che confiei? -preguntou o Sabio.

Mirando a culleriña o rapaz decatouse de que as estragara.

-Pois este é o único consello que teño para che dar -dixo o máis Sabio dos Sabios-. O segredo da felicidade está en mirar tódalas marabillas do mundo e non se esquecer nunca das dúas gotas de aceite da culleriña.

COELHO, P. *O Alquimista*. El Obelisco, Barcelona.







## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites. Dificultades respiratorias, Enfermidade vascular periférica. Bronquite crónica. Enfisema pulmonar. Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |



## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador<br>Psicodiléptico<br>Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |

## BIBLIOGRAFÍA


P. COELHO: *El Alquimista.* Ed. Obelisco. Barcelona, 1994

A. CORTINA: *Ética mínima. Introducción a la filosofía práctica.* Madrid. Tecnos, 1986

E. FROMM: *El miedo a la libertad.* Ed. Paidós. Barcelona, 1980.

J. GAARDER: *El mundo de Sofía.* Ed. Siruela. Barcelona, 1994.

J HABERMAS: *Conciencia moral y acción comunicativa*. Barcelona. Península, 1985.

P. PÉREZ VÉREZ e L. OTERO COUSO: *Ética e filosofía do dereito.* Ed. Xerais. Vigo, 1996.

F. SAVATER: *Ética para Amador.* Ed. Ariel. Barcelona 1991.


## NOTAS
















MINISTERIO DEL INTERIOR

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# HISTORIA de ESPAÑA



## Galicia no marco español e europeo









Xunta de Galicia

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.
2) Integración no grupo clase.
3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.
4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.

2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.

3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).

4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.

5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:

   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.

2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.

3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.

4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

# HISTORIA de ESPAÑA

## Obxectivos xerais da área

*Analizar e explicar a pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual, comprendendo os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento cunha actitude solidaria e participativa na defensa de proxectos que leven a mitigalos.*

## Obxectivos da área en relación coa prevención de drogodependencias

Analizar e explicar a pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual, comprendendo os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento político, cultural, económico, cunha actitude solidaria e participativa na defensa de proxectos que leven a mitigalos e a colaborar na construcción dunha sociedade máis xusta e máis sa.



# Galicia no marco español e europeo

**Bloque de contidos:** A España das autonomías.

**Obxectivos didácticos:**

- Comprender o proceso de transición á democracia.
- Analizar a pluralidade e diversidade de realidades históricas de España.
- Comprender os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento existentes no Estado español.
- Manifestar un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade nacional (GALICIA).
- Adquirir unha visión global dos problemas e dos proxectos colectivos que promova actitudes democráticas e tolerantes.

**Contidos:**

### Conceptos

- O Estado das autonomías. O Estatuto galego.
- A situación socioeconómica ata os anos 90: os inicios da crise actual.
- Galicia no marco español e europeo. As súas peculiaridades demográficas, económicas, culturais e políticas. A economía somerxida. O negocio do narcotráfico.

### Procedementos

- Realización de organigramas representativos da organización e do funcionamento das institucións autonómicas.
- Identificación da incidencia da evolución tecnolóxica en distintos campos e na aceleración dos cambios no tempo histórico recente.
- Elaboración dun dossier de prensa sobre temas de actualidade referidos ó contexto no que o desenvolvemos.

### Actitudes

- Interese no coñecemento da Historia como medio para a comprensión de problemas actuais e para achegar solucións cara ó futuro.
- Valoración do diálogo, da tolerancia, do pluralismo como aspectos propios dos valores democráticos nas relacións interpersoais.
- Cooperación na consecución de intereses que beneficien a comunidade e actitude de implicación na resolución de problemas que afectan a esta.



## desenvolvemento

### METODOLOXÍA

- Iniciamos coa exposición por parte do alumnado dos coñecementos previos sobre o tema.
- Explicación teórica por parte do profesorado e aclaración de posibles dúbidas.
- Realización de actividades individuais e en grupo.
- Corrección dos exercicios feitos.
- Exposición das conclusións.

### IDEAS PREVIAS

**Iniciamos** o tema coa exposición das ideas que o alumnado teña sobre **democracia, transición, comunidades históricas, sufraxio universal, autonomías.**

### EXPOSICIÓN DO TEMA

Facemos unha exposición do tema destacando:

- O proceso da transición democrática (1975-1977)
- A Constitución de 1978.
  - Organización política do Estado español
- Os gobernos da UCD (1977-1982)
- Os gobernos do PSOE. (1982-1996)
- O novo modelo de Estado: o Estado das autonomías
  - Galicia, comunidade autónoma.
  - Problemas e perspectivas da sociedade actual.
  - *Desenvolvemento económico*





## ACTIVIDADES

### TEXTO I

"As principais debilidades da economía galega radican nas distintivas seguintes:

a. A productividade é baixa, ó redor do 84% da media nacional, mostrando unha diferencia máis acusada nas actividades agropecuarias.

b. Os salarios son máis baixos que as medias nacionais nun 16%, situándose no lugar 14º das dezasete CC.AA. de España.

c. Extraordinario peso e alto grao de especialización do sector agrario na economía galega, xa que co 27,1% do emprego só alcanza a significar o 8,1% do VAB en 1994.

d. A producción industrial ten como destinatario principal o mercado local e nacional.

e. As actividades de servicios son moi heteroxéneas, atomizadas, diseminadas e de escaso interese para o mercado interior.

Fernando González Laxe: *Los desafíos económicos de Galicia.* 1996.

#### CUESTIÓNS

1. Tendo en conta que o texto é de 1996, procura información actual para comprobar se houbo algunha modificación no desenvolvemento económico galego nestes últimos anos.

### TEXTO II

Segundo un informe da DEA, o departamento de Estado norteamericano e os responsables de aduanas, unhas 200 toneladas de cocaína atravesan o Atlántico con destino a Europa. Unhas 150 toneladas chegan a ser desembarcadas. O 57% desa cocaína entra en Europa a través de España. E a metade da cocaína que entra en España, faino por Galicia.

Un quilo de cocaína cun 85% de pureza vén custar seis millóns de pesetas. Se o tráfico se fai ó por menor, o gramo custa entre 10.000 e 12.000 ptas. É por tanto un negocio importante.

EL PAÍS, outubro de 2000

#### CUESTIÓNS

1. ¿Por que cres que Galicia é un centro importante de distribución de drogas?
2. ¿Que infraestructura imaxinas que é necesaria para poder traficar a grande escala?
3. Se comparamos o texto I e o texto II ¿que conclusións tiramos?

   ¿cales son as características da economía galega?
   ¿cales son as características desta economía somerxida?



## TEXTO III

Manuel é o nome ficticio dun pequeno traficante vigués que conta cunha boa carteira de clientes. Compra éxtase en Madrid, e dependendo da cantidade que invista, consegue distintos prezos. "Se a pílula é boa, como os *mitsubishi* -unha das variedades de MDMA[1] máis vendidas- que tiven o verán pasado, cobrábanmas a 400 pesetas comprando máis de tres mil cincocentas de golpe. Despois movo o material por toda a zona de Vigo, Cangas e Moaña, onde hai un mogollón de xente á que lle vai esta *bóla*, e ás veces tamén vou ata Ourense", explica. O prezo de venda tamén depende da cantidade pero oscila entre as 2.000 e as 5.000 pesetas.

Manuel ten 24 anos e leva catro metido neste mundo "nun principio para pagarme o vicio e despois polo que gaño, que é bastante", di. "Dise que os *pastilleiros* teñen unha estética moi marcada: gafas de espello, roupa solta, piercing... non é certo. Eu teño clientes de todo tipo, desde *puretas* -persoas adultas- ata parellas casadas e moita xente con pasta que o quere para estar con rapazas porque os pon ben", conta.

Contradictoriamente, e aínda que el venda as pílulas recoñece que "non poden ser boas, polo menos se tomas moitas". O certo é que comprobou por si mesmo que as advertencias sobre os perigos das drogas de deseño non son gratuítas. "Unha vez tivéronme que levar ó Hospital Xeral Cíes sen sentido. Deume un *mal rollo* e paseime de rosca. Noutra ocasión a pilula *deu a volta* e púxenme agresivo. Pegueime con dous amigos, non sei o motivo", explica.

Vende entre 200 e 300 éxtases cada fin de semana, cando vai a festas organizadas moitos máis "e coñezo a *camellos* que aínda *pulen* máis", comenta. Asegura que non ten nin idea de cómo se fan e que simplemente se fía da xente que llas pasa.

Non ten medo á policía nin a que o deteñan. "A non ser que alguén se chive as pílulas pásanse moi facilmente e non fai falta esconderse para consumilas como a coca ou outras drogas e iso fai que no medio dun bar poidas dar todas as que che dea a gana sen que ninguén desconfíe. Ademais non as van comprando de unha en unha, a xente soe vir en cuadrillas e encargan 15 ou 20".(...)

El Correo Gallego 14-05-2000

### CUESTIÓNS

1. ¿Cres que Manuel entrou no negocio de venda de drogas polo aumento do paro?
2. ¿Cal é o criterio de venda que ti estableceríás? Idade, ocasionalidade, etc.
3. ¿O "trapicheo" pode considerarse un traballo do tipo de venda ambulante?
4. ¿Que opinión tes da xente que vive diso?

[1] MDMA é o nome co que se coñece a *metiléndioximetanfetamina*. A información sobre os antecedentes históricos desta droga aparece no anexo.

## OUTRAS CUESTIÓNS

1. O negocio da droga move en Europa 1.5 billóns de pesetas ao ano. Procura na información da prensa os datos do "narconegocio". Compáraos cos dunha industria conserveira.
2. As rutas do tráfico de drogas desde os países productores aos países consumidores (vid. o mapa adxunto) son semellantes, nalgúns casos, ás rutas do tráfico de tabaco na Idade Moderna. Procura información sobre a creación dos estancos ou establecementos de venda de tabacos.
3. ¿Que alternativas poderías propor para poñer fin ó "narcotráfico"?
4. ¿Como cres que inflúe a globalización na distribución e venda de drogas ilegais?
5. Se na túa man estivese a posibilidade de legalizar as drogas ilegais, ¿faríalo? Argumenta a túa resposta.
6. Se na cuestión anterior contestaches Si, indica qué medidas e qué límites porías para que esa legalización non supuxese un abuso de consumo para os menores.











## Os camiños da droga

### Información para o/a docente:



## Información para o/a docente:



Pasta de coca.



Laboratorio clandestino no Vaupés (Colombia).

**Fonte:** *El País Semanal* 8-10-89, pax. 42 e 43.



El cargamento del «Tammsaare», interceptado en la «Operación Templo», es el mayor de Europa hasta la fecha

Las costas gallegas son las más utilizadas para los grandes cargamentos

# España, el pórtico de la cocaína

*De las más de 90 toneladas de cocaína que, según las estimaciones, los narcos colombianos intentaron exportar a Europa, el 80 por ciento fueron expedidas por vía marítima. Los métodos de transporte utilizados por los traficantes cambian constantemente, al mismo tiempo que aumenta la presión policial. Los decomisos confirman que los buques de carga siguen siendo el medio de transporte preferido, aunque la modalidad concreta también es cambiante. El empleo de contenedores despachados con cargas lícitas se mantiene como el sistema más seguro y más rentable para los narcos, aunque resulte más costoso.*

A CORUÑA, J. A. F.
Redacción

España, con 11,7 toneladas confiscadas a lo largo del pasado año y 18,5 durante el anterior, encabeza el volumen de decomisos de envíos que llegan por vía marítima y se estima que es uno de los principales puntos de entrada de una buena parte de los alijos que se decomisan en otros países europeos. Las costas gallegas son las más utilizadas en los grandes cargamentos.

Los puntos de entrada son múltiples. Nuestro país cuenta con un total de quince aeropuertos internacionales, 23 grandes puertos y 175 instalaciones portuarias menores. A ello se suman la peculiar orografía de la costa gallega, la afluencia masiva de turistas y los lazos entre España y América Latina.

Pero la actividad de los pasadores individuales no es nada desdeñable. Los cárteles sudamericanos y las organizaciones de traficantes afincados en África occidental intensifican de año en año el envío de pasadores, los denominados mulas o correos, que traen la droga en sus equipajes o en sus propios cuerpos.

Las estadísticas son elocuentes. El año pasado se efectuaron 2.015 decomisos de cocaína en aeropuertos europeos y se detuvieron 3.117 traficantes, 399 más que el año anterior. Los destinos preferentes de estos correos fueron Amsterdam (687, con 2.585 kilos de cocaína intervenidos) y Madrid, con 263 casos y 1.121 kilos, seguidos de lejos por Roma, Londres, Lisboa, Barcelona y Frankfurt.

Según las bases de datos de Interpol, los alemanes figuran a la cabeza de los pasadores detenidos en Europa, seguidos de los británicos.

Pero entre los detenidos en los aeropuertos también se encuentran muchos colombianos, italianos, españoles, turcos, nigerianos, neerlandeses, jamaicanos y albaneses. En el censo aparecen traficantes de 84 nacionalidades. La principal novedad de las estadísticas del año pasado fue la aparición de traficantes de países bálticos.

## «Cocaine Portrait»

A partir del año 1997, los servicios de Interpol también empezaron a detectar entradas de cocaína a través de paquetes enviados por servicios de correo urgente desde Brasil y Perú a países de África Occidental y Meridional, como Sierra Leona, Guinea, Togo, etcétera, desde donde eran reenvasados y expedidos a Europa. Ello dio pie a las operaciones denominadas *Cocaine Portrait* y *Hostal* que se saldaron el año pasado con 100 decomisos de esta droga, 68 de ellos en Alemania.

## Mil y una formas de ocultamiento

El ingenio de los traficantes a la hora de discurrir métodos de camuflaje de la cocaína es encomiable. Van desde la fabricación integral de equipajes hasta las alteraciones rudimentarias de los mismos, pasando por la ocultación en juguetes, regalos, alimentos, libros, zapatos, bebidas alcohólicas, paquetitos ingeridos, cocaína envuelta en papel carbón, ropa impregnada y electrodomésticos.

Para ocultar alijos voluminosos en buques mercantes y barcazas, se ha detectado la utilización de maquinaria, cargas a granel, alimentos, suspensiones en líquidos y receptáculos enganchados al casco del buque o escondidos en la maquinaria del timón. En los envíos aéreos apareció cocaína en marcos de cuadros, artículos decorativos de madera, tableros de mesa, flores secas y pilas.

El último invento descubierto el año pasado es la denominada cocaína negra, detectada en Holanda, Bélgica, Alemania y Colombia. Se trata de unos compuestos químicos de color oscuro que una vez analizados han arrojado un elevado porcentaje de cocaína. En el polvo se ha encontrado pigmento rojo, limaduras de hierro o pigmento marrón negro. El sistema de envío son los paquetes postales o el flete aéreo. Cuatro de los envíos interceptados procedían de Colombia e iban destinados a Europa y otros dos a Togo. En Brasil también han sido decomisados tres paquetes de cocaína incolora.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS
ESCOLA DE PUERICULTURA

CURSO 1999-2000
ESCUELA DE PUERICULTURA DE GALICIA
[illegible]
INFORMACIÓN:
[illegible]

OPOSICIONES
XUNTA DE GALICIA
• Grupos B, C, D, y E
INTENSIVO SÁBADOS
• Administración Especial:
Biólogos - Ingenieros - etc.
SERGAS
• Celadores, Auxiliares, etc.
GRUPO INTENSIVO SÁBADOS
VIGILANCIA ADUANERA
• Navegación e Investigación
AYUNTAMIENTO
¡¡ CONVOCADAS !!
31 P. Aux. Servicios
Universidad de La Coruña
CESMAGA
C/ Huertas 2, 1º B. Telf.: 981 22 50 03

Protocolo y Comunicación
Información e inscripciones:
Tel. 902 11 70 01
985 20 20 79
protocolo@fade.es
Plazas Limitadas

TECNICAS DE PROTOCOLO Y COMUNICACION EN LA EMPRESA
Dirigido a:
Directores de RRPP, Secretarias de Dirección, Directores de Comunicación, Gabinetes de Prensa, Jefes de Formación, Directores de Recursos Humanos, Personal auxiliar
DIPLOMA ACREDITATIVO
CORUÑA 23, 24 y 25 de Septiembre
Profesorado experto y altamente cualificado

Galicia no marco español e europeo




*A lo largo del año 1998 los servicios antidroga de los distintos países europeos confiscaron drogas clásicas —derivados del cannabis, cocaína y heroína— por valor superior a los 475.000 millones de pesetas, según los últimos datos del informe de situación elaborado por Interpol. A ello hay que sumar el valor de drogas de síntesis, mucho más difícil de cuantificar. Pero para los narcos no fue un mal año. Si tenemos en cuenta que lo que se decomisa, según las estimaciones más serias, efectuadas a partir de los datos disponibles de las distintas producciones, es un 30% de lo que se mueve, el valor de la droga que llegó al mercado el pasado año ronda la escalofriante cifra de 1,5 billones de pesetas, un 50% más que el presupuesto que gestiona la Xunta.*

En 1998 fueron confiscadas 712 toneladas de derivados del cannabis, 28 de cocaína y 11,3 de heroína

# Europa gasta al año 1,5 billones en droga

A CORUÑA, J. A. FARIÑAS
Redacción

Las crecientes tasas de eficacia policial no resultan en absoluto disuasorias para las distintas mafias que mueven los kilos de este lucrativo negocio. Así lo acredita el incremento anual de las cifras de confiscaciones que, según los expertos, son el mejor barómetro para medir la intensidad del tráfico.

Los alijos decomisados de derivados del cannabis han aumentado de forma espectacular y constante en esta década, pasando de 350 toneladas de resina y 46 de hoja en el año 1992 a 579 y 133, respectivamente, en 1998. El consumo de esta sustancia no sólo se consolida de forma clara en los mercados clásicos del sur y el centro de Europa —España, Italia, Francia, Alemania, Países Bajos, Inglaterra—, sino que se va extendiendo a los países del norte y del este. Estos últimos se abastecen básicamente de la producción de Afganistán y Azerbaiyán, aunque también cuentan con producción propia. Prueba de ello es que el año pasado se destruyeron un total de 3.375.900 plantas y más de 650 toneladas de cultivos en Azerbaiyán, Hungría, Polonia, Eslovenia y Turquía.

Según las estimaciones efectuadas sobre la base del informe de situación de Interpol a partir de las cifras de incautaciones y del precio de 468.000 pesetas (3.000 dólares) el kilo, el volumen de negocio de los derivados del cannabis comercializados el año pasado en Europa se puede cifrar en unos ochocientos mil millones de pesetas.

Una dinámica similar a la del cannabis se observa con la cocaína. Las cantidades decomisadas han ido en aumento hasta el año pasado, en el que se registraron 11 toneladas menos que en 1997. Sin embargo, ese desvío en las tendencias se ha corregido en los primeros meses de este año, al ser intervenidas cerca de 15 toneladas en dos operaciones efectuadas en paralelo por la policía española —*Temple* y *Madero*—, que constituyeron todo un récord a nivel mundial.

El tamaño de las alijadas incautaciones del pasado mes de julio ha evidenciado un cambio cualitativo en los métodos de importación, ya que en años anteriores se había constatado en el conjunto de Europa, salvo en España, una gran escasez de alijos superiores a la tonelada.

### Volumen de negocio

El volumen de negocio de la cocaína en Europa, estimado basándose en los mismos cálculos, a razón de 30.000 dólares el kilo, se podría cifrar en algo más de 700.000 millones de pesetas.

No menos preocupantes resultan los datos sobre el tráfico de heroína. Los del año pasado ponen de manifiesto, según los expertos de Interpol, que la producción, la cantidad de droga decomisada —11.300 kilos, 1.600 más que el año anterior— y el consumo van globalmente en aumento.

El volumen de negocio, a razón de cienta mil dólares el kilogramo, se estima en más de doscientos mil millones de pesetas.

## La rebotica en cifras

A los del mercado de las sustancias estupefacientes clásicas hay que sumarles los datos de los sicotrópicos, que suponen un negocio nada desdeñable, aunque más difícil de cuantificar, que el de las drogas clásicas.

Su situación, tal y como advierten los expertos de Interpol, no es homogénea, ya que las cantidades decomisadas aumentan en el caso de la anfetamina, la metanfetamina y el jat y disminuyen en el caso del LSD y los análogos de la anfetamina. Las cantidades decomisadas de anfetamina aumentaron en más de 400 kilos del 97 al 98, pero ese incremento se centró en un país —el Reino Unido— que pasó de 700 a 1.305, mientras que en otros se observan descensos de 100 kilos.

Respecto a las benzodiazepinas (depresores), el tráfico se concentra fundamentalmente en el flunitrazepam, en forma de Rohypnol, y el temazepam.

### Detenidos por traficar con «pastillas»

El año pasado fueron detenidos 1.444 traficantes de *pastillas* —212 menos que el anterior— implicados en un total de 719 decomisos. El precio de referencia en el mercado que maneja Interpol es de 2.340 pesetas (15 dólares) la pastilla de éxtasis.

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites. Dificultades respiratorias, Enfermidade vascular periférica. Bronquite crónica. Enfisema pulmonar. Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador Psicodiléptico Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |












MINISTERIO DEL INTERIOR

DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# HISTORIA do MUNDO CONTEMPORÁNEO



## sociedade e cultura no século XX










Xunta de Galicia



## desenvolvemento

### METODOLOXÍA

- Ideas previas sobre o contido.
- Explicación teórica e aclaración de dúbidas.
- Realización de actividades individuais e en grupo.
- Corrección dos exercicios.
- Exposición das conclusións.



### IDEAS PREVIAS

Empezar coa exposición por parte do alumnado dalgunhas cuestións previas sobre o tema:

1. A vida do barrio: ¿Cando se construíu o teu barrio? ¿que servicios ten? ¿que outros precisaría? ¿como está organizado?
2. Ocio e tempo libre: ¿Como ocupas o teu tempo libre? ¿fas actividades en familia? ¿cales? ¿que entendes por ocio?
3. Os cambios sociais: Entre a mocidade dos teus pais a avós e a túa propia ¿que cambios houbo? ¿como os valoras?

## EXPOSICIÓN DO TEMA

Desenvolveremos a continuación o tema:

Características da sociedade urbana

- Gran crecemento das cidades.
- Necesidade de planeamento urbano.
- Grandes concentracións humanas en países pobres.
- Aneis periféricos nas grandes urbes (chabolas).

Cunhas contradiccións que deron lugar a:

| Movementos sociais | Sociedade de consumo |
|---|---|
| ▮ Movemento feminista na loita pola igualdade das mulleres.<br>▮ Aparición de ONG como movementos solidarios.<br>▮ Revolta dos estudiantes (maio do 68)<br>▮ Movementos ecoloxistas e pacifistas. | ▮ Aumento do consumo.<br>▮ Aparición de novas formas de lecer (cine, televisión, deporte, música, drogas).<br>▮ Características do novo lecer:<br>• É un fin en si mesmo.<br>• Crea industrias (cine, televisión, fútbol, turismo, narcotráfico)<br>• Ten distintas características segundo o nivel cultural do consumidor. |





## ACTIVIDADES

A. Individuais:

1. Localiza nun mapa as grandes urbes deste século.

   ¿En que países se atopan? ¿que consecuencias extraes diso?

2. Localiza nun plano da túa cidade os barrios periféricos:

   Indaga sobre as súas construccións, servicios que posúen, carencias.

   Estudia tamén o tipo de poboación que os ocupa (idades, incidencia do paro, actividades de tempo libre, etc.)

3. Compara a situación e as alternativas de ocio da poboación dun barrio periférico coa da zona centro da túa cidade.

B. Actividades en grupo:

Comparade os resultados do traballo individual en pequenos grupos e intentade buscar:

- As causas da construcción dos barrios periféricos.
- As consecuencias destas construccións no que atinxe ó emprego do tempo libre e ó consumo de drogas.







C. TEXTOS

## A CIDADE HISTÓRICA

"A cidade histórica oscila hoxe entre ser expresión do poder e a degradación de moitas das súas tramas edificadas. Adoita albergar os edificios representativos da Administración, as catedrais que lembran o poder temporal das igrexas e, modernamente, as sedes das maiores empresas industriais, comerciais e financeiras. Unha parte da cidade histórica frecuentemente tendeu a converterse na City dos negocios, que se instalaron destruíndo e reedificando ou, mesmo, rehabilitando edificios históricos. Estas operacións fixeron, a miúdo, da cidade histórica o centro da especulación intensiva, expulsando poboacións orixinarias en tristes e repetidos episodios."

Carles Dolç: *A urbanización que non cesa.*

CUESTIÓNS:

1. ¿En que se converteron as cidades históricas con respecto ó mercado da droga?
2. Fai a análise das características da poboación que se asentou nos barrios históricos da túa vila ou cidade.
3. ¿Quen se beneficiou da deterioración e/ou da rehabilitación dos núcleos históricos?
4. ¿Existen problemas de consumo de drogas na poboación dos barrios históricos?
5. Analiza as causas disto.









A CIDADE PERIFÉRICA

"É a da expansión demográfica e o boom constructivo. Coa industrialización o proletariado acudirá ás cidades desde o mundo agrario e xeraranse inmensas e novas barriadas, por ampliación das existentes ou por crecemento dos municipios periféricos. Pero o carácter da periferia non é sempre sinónimo de calidade inferior: nela, as clases elevadas reservarán para si determinadas localizacións que, polos seus valores ambientais ou tradicionais, podemos considerar mellores.

Mentres se creceu a un ritmo lento, os seus resultados cualitativos son máis satisfactorios, mais cando as municipalidades, influídas tamén pola ideoloxía do crecemento, son sometidas a presións intensas para edificar, resultan incapaces de crear periferias atractivas e eficaces. Fálase do caos dos suburbios e da orde do centro, unha imaxe esaxerada pero que contén unha parte da realidade.

A historia da cidade periférica comeza en Londres a finais do século XVIII coa industrialización. É un episodio que, con moito ou pouco atraso e múltiples particularidades, van vivir as outras cidades europeas. Unha gran parte da periferia significa amontoamento, medrar en altura e extensión, déficit de equipamentos. É a parte da cidade que queda segregada. O urbanismo do século XX vaise preocupar polo fenómeno, mais a miúdo con postulados inexpertos e desorientados. Os resultados aparentemente máis brillantes son os de bloques de edificios rodeados de verde, unha vexetación domesticada incapaz de substituír a natureza nunha configuración de tramas urbanas nas que o sentido comunitario da cidade ten desaparecido.

A periferia é a cidade do negocio da construcción por excelencia. Especuladores, propietarios, corredores, promotores, constructores, bancos e mesmo servidores estatais, exercen a especulación máis extensa."

Carles Dolç: *A urbanización que non cesa.*

CUESTIÓNS:

1. ¿Cres que é distinta a problemática dos habitantes do centro da cidade e a dos barrios periféricos?.
2. ¿Consideras que o teu barrio ten unha problemática específica relacionada coa súa localización?
3. ¿Son semellantes as características dos habitantes dos barrios periféricos?
4. ¿Cales pensas que son os problemas máis importantes do teu barrio?
   - As deficiencias urbanísticas.
   - A ausencia de lugares de ocio.
   - O aumento do índice de paro.
   - O tráfico e consumo de drogas.
   - A inseguridade cidadá.
5. ¿Que alternativas proporías para que diminuísen eses problemas?

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites.<br>Dificultades respiratorias,<br>Enfermidade vascular periférica.<br>Bronquite crónica.<br>Enfisema pulmonar.<br>Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor<br>Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |



## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador<br>Psicodiléptico<br>Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |

## RECURSOS

HISTORIA DO MUNDO C.

J. K. GALBRAITH, *La cultura de la satisfacción.* Ariel. Barcelona, 1992.

C. DOLÇ, *La urbanización que no cesa.* Artigo da Revista Viento Sur, nº 13.

D. PINO, *Territorio, Arquitectura e Sociedade.* Artigo da Rev. Festa da Palabra Silenciada, nº 14.

T. Del VALLE: *Andamios para una nueva ciudad.* Ed. Cátedra. Madrid, 1997.

PELÍCULAS

**Philadelphia.** EE UU, 1993. Dir. Jonathan Demme.

Narra a situación dun novo e brillante avogado que contrae a SIDA.

Serve para reflectir as actitudes sociais ante esta enfermidade.














MINISTERIO DEL INTERIOR
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# MATEMÁTICAS aplicadas ás CIENCIAS SOCIAIS











## relacións funcionais, correlación e causalidade

Xunta de Galicia





## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.
2) Integración no grupo clase.
3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.
4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.

2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.

3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).

4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.

5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:

   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.

2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.

3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.

4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.







# MATEMÁTICAS aplicadas ás CIENCIAS SOCIAIS

## Obxectivos xerais da área

Empregar os coñecementos matemáticos adquiridos para analizar os datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación e noutros ámbitos, interpretando criticamente as mensaxes sobre cuestións económicas e sociais da actualidade.

## Obxectivos da área en relación coa prevención de drogodependencias

Empregar os coñecementos matemáticos adquiridos para que o alumnado analice e valore os datos e a información que en relación **co tema das drogas** aparecen nos medios de comunicación e para que as ferramentas matemáticas lle sirvan para interpretar criticamente as mensaxes sobre cuestións relacionadas coa drogodependencia.



unidade didáctica

# relacións funcionais, correlación e causalidade

**Bloque de contidos:** Aritmética e álxebra. Estatística e probabilidade.

**Obxectivos didácticos:**

- Distinguir partindo dos datos obtidos de experimentos bivariante ou da súa descrición, se existe relación entre as dúas variables, se é funcional ou aleatoria e se é de tipo causal.
- Construír táboas e gráficas a partir dos datos obtidos dun experimento que describa o comportamento conxunto de dúas variables.
- Analizar e interpretar as distribucións bidimensionais, estimando intuitivamente a existencia de correlación e o seu tipo e predicindo o comportamento dunha variable a partir da outra polo trazado dunha curva que se aproxime ós datos.
- Calcular o coeficiente de correlación e as rectas de regresión dunha distribución bidimensional e aplicar os resultados obtidos na análise da situación formulada.
- Calcular funcións polinómicas que describan situacións características dos mundos económico e social a partir de datos empíricos, e utilizalas para adquirir información suplementaria sobre os fenómenos que representan.











Contidos:

### Conceptos

- Números reais.
- Distribucións bidimensionais.
- Correlación lineal. Coeficiente.
- Regresión lineal. Rectas de regresión. Coeficientes.
- Interpolación polinómica.

### Procedementos

- Utilización dos números reais en diferentes contextos.
- Construcción de táboas e representación gráfica a partir de datos sobre **consumo de drogas.**
- Interpretación cualitativa da relación entre dúas variables.
- Interpretación dos coeficientes de regresión.
- Análise de informes estatísticos dados en forma de táboa ou gráfica.
- Planificación da resolución de problemas e aplicación de estratexias de resolución.

### Actitudes

- Valoración da estatística como instrumento que permite interpretar, describir e predicir situacións incertas.
- Valoración crítica do uso da estatística nos medios de comunicación en relación co **tema das drogodependencias**.
- Valoración da incidencia dos medios tecnolóxicos no tratamento e representación gráfica de datos estatísticos que proveñen de diversas fontes de información.
- Interese pola investigación de relacións entre magnitudes.



## METODOLOXÍA

- Exposición dos coñecementos previos que posúa o alumnado.
- Explicación do contido do tema.
- Realización de actividades tanto individuais como de grupo.
- Corrección e aclaración de dúbidas.
- Conclusións.

## IDEAS PREVIAS

Podemos **iniciar** o tema, unha vez que teña exposto o alumnado os seus coñecementos sobre representación gráfica de distribucións unidimensionais ou cálculo de medidas, enunciando distintas situacións cotiás sobre economía, o narcotráfico como unha nova empresa, etc. para que o alumnado decida se existe algunha relación, cál é o seu carácter e atopar a expresión alxebraica correspondente, debuxar a gráfica e calcular e interpretar algúns valores sobre a situación formulada.

## EXPOSICIÓN DO TEMA

**Exposición** por parte do profesorado do tema que se vai tratar.

## ACTIVIDADES

### EXERCICIO 1

Nunha mostra de 100 ingresos de urxencia, ó longo dos anos 1996-1999, relacionados co consumo de substancias psicoactivas, obtivéronse os seguintes resultados[1]:

| | COCAÍNA | HEROÍNA | OUTRAS |
|---|---|---|---|
| **1996** | 28 | 62 | 10 |
| **1997** | 30 | 53 | 17 |
| **1998** | 38 | 45 | 17 |
| **1999** | 48 | 40 | 12 |

1. Estudia graficamente, cun diagrama de dispersión, a posible correlación lineal entre o número de ingresos de urxencias debidos á cocaína e á heroína.
2. Calcula o coeficiente de correlación lineal de Pearson entre ámbalas variables. ¿Ten concordancia o dito coeficiente co visto anteriormente na nube de puntos? Explica o significado do signo negativo do coeficiente de correlación. ¿Podes explicar, desde o teu punto de vista, o comportamento da sociedade que fai posible este resultado para "r"?.
3. Se chamamos C ó número de ingresos debidos ó consumo de cocaína e H ó número de ingresos debido á heroína, calcula a recta de regresión de C sobre H.
4. ¿Cal sería o número de ingresos urxentes por consumo de cocaína que se pode estimar para o ano 2001? ¿É sólida esa estimación?

[1] El País, 12/12/2000



## EXERCICIO 2

As idades medias de inicio no consumo de drogas en 1988, 1992, 1994 e 1996 veñen dadas na táboa adxunta[2] **(Táboa 1)**

| DROGAS | MEDIA 1988 | MEDIA 1992 | MEDIA 1994 | MEDIA 1996 |
|---|---|---|---|---|
| **Tabaco** | 15.7 | 15.4 | 15.2 | 16.1 |
| **Alcohol** | 16.1 | 16.0 | 16.1 | 16.6 |
| **Cannabis** | 16.9 | 17.6 | 18.3 | 17.4 |
| **Anfetaminas** | 29.2 | 19.9 | 19.1 | 19.1 |
| **Cocaína** | 19.9 | 19.9 | 20.7 | 19.3 |

Sabendo que no ano 1996 as medias obtidas tiñan como desviación típica os valores da seguinte táboa: **(Táboa 2)**

| Drogas | Tabaco | Alcohol | Cannabis | Anfetaminas | Cocaína |
|---|---|---|---|---|---|
| D. Típica | 3.88 | 2.91 | 2.61 | 2.10 | 2.32 |

1. Comproba que as medias máis representativas obtidas nese ano son as da idade de inicio nas anfetaminas e na cocaína.
2. ¿Existe correlación lineal entre as idades de inicio no alcohol e na cocaína segundo os datos obtidos na táboa 1? Fai unha idea gráfica e calcula o coeficiente de correlación lineal.
3. ¿Cal che parece a ti, segundo o ambiente en que vives, que será a media de idade de inicio no alcohol durante o ano 2001?

   Fai unha estimación, mediante a regresión lineal, de cál será a media de idade de inicio no alcohol no ano 2001. Previamente, fai un cambio de escala na variable tempo, centrándoa en 1994.

| | Idade media de inicio en 1988 | Idade media de inicio en 1988 | Idade media de inicio en 1988 | Idade media de inicio en 1988 |
|---|---|---|---|---|
| **Alcohol** | 16.1 | 16.0 | 16.1 | 16.6 |



[2] *O consumo de drogas en Galicia*. Plan de Galicia sobre Drogas. Xunta de Galicia.

## EXERCICIO 3

Durante os anos 1997, 1998 e 1999, os comisos de drogas sintéticas no territorio nacional tiveron os seguintes resultados[3]:

| **Drogas sintéticas** | **Total confiscado nacional** | | |
|---|---|---|---|
| | **1997** | **1998** | **1999** |
| **L.S.D.** (Unidades) | 25.368 | 9.068 | 3.353 |
| **M.D.M.A.**(Unidades) | 184.950 | 194.527 | 357.649 |
| **SPEED** (Gramos) | 119.584 | 176.984 | 49.538 |

1. Estudia o grao de correlación lineal que existe entre a cantidade comisada de LSD e de SPEED.
2. Calcula o coeficiente de correlación lineal entre a cantidade de MDMA (Éxtase) comisada e a variable tempo (anos 1997,1998,1999...)
3. Estima, mediante a recta de regresión lineal correspondente, a cantidade de éxtase que se incautará no ano 2001.

   Facendo unha análise dos datos da táboa e a resposta á última cuestión ¿cres que isto se corresponde coa realidade social que coñeces?



[3] El Correo Gallego, 14/05/2000





# GRÁFICA SOBRE AS CAUSAS POLAS QUE SE EMPEZA A FUMAR




FONTE: Estében Delgado et alii: Programa de Prevención de Drogodepencias. Junta de Andalucía.

## *O inicio do consumo de drogas nos adolescentes. Media e moda*

- *Fíxate na táboa inferior, na que figuran as idades de inicio no consumo de drogas en Galicia (EDIS, Xunta de Galicia, 1998), e discute cos teus compañeiros as seguintes cuestións:*

1. *¿Que drogas presentan unha idade máis pronta de inicio?*
2. *¿Que tipo de drogas representan para o voso grupo o maior risco para o inicio no consumo? ¿Que medidas tomariades para evitalo?*
3. *Compara as medias e as modas de tabaco e de alcohol e explica o seu significado.*
4. *Tenta debuxar nunha gráfica sinxela os datos amosados na táboa.*

| | MEDIA | MODA |
|---|---|---|
| Tabaco | 16,0 | 15 e 16 |
| Alcohol | 16,7 | 15 e 16 |
| Inhalables | 16 | 16 |
| Cannabis | 17,6 | 16 |
| Anfetaminas | 20,4 | 18 e 20 |
| Tranquilizantes | 29,5 | 40 |
| Hipnóticos | 44,4 | 42 e 46 |
| Cocaína | 19,4 | 20 |
| Heroína | 21,6 | 21 |
| Alucinóxenos | 18,0 | 18 e 20 |
| Analxésicos morfínicos | — | 23 |
| Drogas de síntese | 19,6 | 17 e 20 |
| Crack | 25,4 | 20 |

Táboa de idade media de inicio no consumo de drogas en Galicia (ano 1998)



## O inicio do consumo de drogas nos adolescentes. Media e moda

### Información para o/a docente:

Trátase de introducir os/as alumnos/as nos conceptos de media e moda como medidas centralizadoras dunha mostra. A moda é o dato máis repetido, mentres que a media é a que mellor representa a dita mostra.

Ademais, pretendemos alertar o/a alumno/a sobre aquelas drogas que no noso medio supoñen un maior risco de inicio no consumo nesta idade, implicándoo/a nas medidas necesarias para evitalo.

Como modelo de gráfica pódese utilizar a seguinte:



# Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites.<br>Dificultades respiratorias,<br>Enfermidade vascular periférica.<br>Bronquite crónica.<br>Enfisema pulmonar.<br>Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor<br>Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |





## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa nasal (esnifada) inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |

# Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador<br>Psicodiléptico<br>Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |














MINISTERIO DEL INTERIOR
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# QUÍMICA

QUÍMICA
QUÍMICA












## os procesos químicos nas drogas

Xunta de Galicia





## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.
2) Integración no grupo clase.
3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.
4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

# PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.

2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.

3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).

4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.

5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:

   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.

2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.

3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.

4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.







# QUÍMICA

## Obxectivos xerais da área

Interpretar e propoñer solucións a fenómenos e situacións-problema da realidade diaria, utilizando os coñecementos da química.

## Obxectivos da área en relación coa prevención de drogodependencias

Interpretar e propoñer solucións a situacións problemáticas na realidade diaria relacionadas coa fabricación de substancias tóxicas.



unidade didáctica

# os procesos químicos das drogas

**Bloque de contidos:** Química e Industria

**Obxectivos didácticos:**

- Aplicar os conceptos xerais do tema ó estudio do proceso químico de transformación de materias primas en drogas.
- Diferenciar distintos tipos de drogas. Transformación do cannabis en marihuana, haxix e aceite de haxix, de coca en cocaína; drogas de deseño.
- Achegar o alumnado a algunha das características das instalacións e ás formas de seguimento da producción.
- Comprender as implicacións económicas derivadas.

**Contidos:**

### Conceptos

- A planta química. O laboratorio e a planta industrial.
- Materias primas naturais: cannabis, coca, opio.
- Productos químicos básicos e intermedios: cocaína, heroína, éxtase.
- Aceites esenciais, destilación fraccionada de arrastre de vapor.
- Extracción por disolvente.

### Procedementos

- Elaboración de informes e realización de debates sobre algunha industria química (de procesado de drogas) tendo en conta as materias primas que emprega e a distribución, os consumos e as súas influencias nas condicións de vida.
- Confección de comunicacións e de murais, utilizando diferentes fontes de información, sobre os efectos producidos polo consumo de diferentes substancias tóxicas

### Actitudes

- Interese pola busca de obxectividade ante de informacións, procedentes de distintas fontes, sobre problemáticas industriais do sector
- Actitude inquisitiva e crítica ante as implicacións dos asentamentos industriais, xulgando globalmente aspectos tecnolóxicos, económicos e sociais. Formular posibles vías de solución.







## METODOLOXÍA

- Exposición por parte do alumnado dos seus coñecementos sobre a química das drogas a través da activación dos esquemas e interrogantes previos e de coloquios ou debates na clase.
- Explicación e aclaración de dúbidas por parte do profesorado.
- Traballos en grupo de cooperación heteroxéneos.
- Exposición de traballos
- Conclusións finais

Para o desenvolvemento desta metodoloxía pódense consultar as indicacións que aparecen no material complementario.

## IDEAS PREVIAS

- Podemos empezar activando os esquemas e interrogantes previos do alumnado coa finalidade de estimular unha actitude reflexiva e crítica a través de preguntas como: -¿Que son as drogas?... - ¿Son todos os medicamentos drogas? -¿Que tipos de drogas coñeces?.

## EXPOSICIÓN DO TEMA

- Continuaremos coas aclaracións e exposición por parte do profesorado de: **definición de droga, clasificación das drogas desde distintas perspectivas** (ver materiais complementarios).
- Acabada esta fase informativa por parte do profesor/a**, organizaremos grupos heteroxéneos** pedíndolles que busquen os significados de dependencia física, psíquica, tolerancia e riscos asociados ó uso e abuso de drogas.
- **Comunicación e posta en común** dos resultados de cada grupo, intercambiando a información e elaborando as conclusións conxuntamente. O profesorado só orienta para conseguir as conclusións desexadas.

## ACTIVIDADES

### ACTIVIDADE 1

Con estas actividades trataremos de estudiar as características físico-químicas das drogas máis coñecidas: estado físico, procedencia natural ou sintética e formas de obtención; identificación nalgúns casos dos grupos funcionais presentes (consultar o material complementario).

Alcohois:

Lembrar o grupo funcional alcohólico do tema de química orgánica e lembrar que o único alcohol que sendo tóxico non é velenoso mortal é o etanol, que pequenas proporcións de metanol (adulteracións con metílico) provocan a cegueira e posteriormente a morte.

- Buscar na bibliografía[1] as propiedades físicas do etanol ou alcohol etílico:
- densidade, solubilidade na auga
- grao alcohólico (% en volume)
- comparación das diversas bebidas augardentes e licores polo seu grao alcohólico
- fermentación alcohólica e métodos de obtención
- efectos dos alcohois sobre as persoas: consecuencias individuais, sociais, familiares.

Actividades de laboratorio:

- Mesturar cantidades coñecidas de etanol e auga, medir previamente a súa densidade co densímetro.
  - Medir a densidade da mestura e construír unha táboa e unha gráfica de concentración alcohólica fronte á densidade
  - Usar a táboa ou a gráfica para saber o grao alcohólico dunha disolución ou dun licor por medida directa da súa densidade.
- Exercicios de cálculo dos gramos de etanol presentes nun volume determinado de viño, cervexa, licor etc, dado o grao alcohólico e a densidade do etanol 0,79 g/ml
  - Pódese incluír unha destilación dun viño para a extracción do etanol como exemplo para imitar a destilación da augardente, ou a obtención industrial de alcohois.

## Exercicios de termoquímica:

O proceso de metabolismo do alcohol no organismo leva á súa oxidación total a $CO_2$ e $H_2O$, Escribir a reacción de combustión axustada deste proceso. Buscar na táboa de entalpías estándar de calquera libro de 2º de bacharelato os valores das $H^0$ (formación) de cada unha das substancias presentes e calcular o valor da calor de combustión dun mol de alcohol etílico a presión constante en condicións estándar.

Co resultado obtido no problema anterior pódese calcular a cantidade de enerxía que achega ó organismo a inxesta de 1 vaso de viño de 12º, unha copa (100 ml) de brandi de 42º ou un cubata con 125 ml de xenebra de 39º. Comparar estes resultados coa enerxía que se obtén con 200 g de filete de tenreira, buscando os valores en calquera táboa de poder enerxético dos alimentos.

Explicar que se consumimos ó día entre o alcohol e os alimentos unha cantidade de enerxía superior á que gasta o noso organismo pola súa actividade diaria, a enerxía consumida será preferentemente a proveniente do alcohol que por ser hidrosoluble se metaboliza facilmente, polo que o organismo gardará de reserva a enerxía que sobra procedente das substancias liposolubles (graxas), polo que facilitamos a acumulación de graxas no organismo en forma de reservas enerxéticas, é dicir, engordamos.

[1] Pódense usar os datos de: Prevención de Drogodependencias en Secundaria. II Unidades Didácticas. Encarna Bas Peñas. Edt NARCEA. Madrid 2000.

## 2. Analxésicos

Opiáceos como opio, morfina, codeína e heroína.

### 2.1. Actividades:

¿Que é un alcaloide? ¿Que é un hidrato? ¿ E un clorhidrato? ¿Que reactivo debemos usar para obter calquera clorhidrato?

¿A que se pode deber que a heroína non sexa soluble na auga, pero si o sexa en forma de clorhidrato?

Formular cloruro de metilo, cloruro de etilo, cloruro de propilo, cloruro de bencilo. ¿Cal destes é o cloruro de acetilo? ¿Por que?

Buscar as fórmulas desenvolvidas destes compostos (ver obras citadas en notas anteriores) e identificar grupos bencénicos, éteres, aminos e alcohólicos.

## 3. Estimulantes:

### 3.1. Actividades:

- Busca de información por parte do alumnado sobre os estimulantes, ben na bibliografía que se lles dá, ben no internet.
- Cada alumno e alumna analizará os efectos do MDMA para poder comparar as informacións científicas fronte ás informacións informais que se anuncian en ocasións nos medios de comunicación (ver as da revista Zaguán Nº 17 do CREFAT).
- O alumnado buscará as fórmulas desenvolvidas das anfetaminas que se citan ó final desta unidade didáctica e identificarán: grupos fenilo, metilo, amino e éter que hai en cada composto.
- A MDMA (éxtase) ten un centro quiral polo que presenta isomería óptica, comprobándose experimentalmente que o isómero dextrorrotatorio ten maior actividade sobre o SNC que o levorrotatorio[2]. Identificar o centro quiral deste e buscar ademais os posibles centros quirais que haxa nas outras anfetaminas.

## 4. Derivados do cannabis

### 4.1. Actividades:

- Os alumnos e alumnas identificarán os radicais orgánicos e grupos funcionais máis importantes do cannabinol, fórmula que aparece ó final desta unidade didáctica.

### Debate entre o alumnado:

Propoñemos que o alumnado debata sobre a importancia que ten que todos os productos pasen por controis de calidade, para que a súa venda sexa legal e así evitar enganos e adulteracións, coa finalidade de concienciarnos de que temos dereito a saber o que consumimos e así elixir libremente o que queiramos

[2] BOBES.J. *Extasis aspectos farmacológicos psiquiátrico y médico-legales.* Ed Nemo Ciencias. Barcelona, 1995

Suxestións para o debate:

1. **Adulteracións:** o gasóleo de calefacción e o agrícola está mesturado cun colorante para que os automobilistas non o usen, pero son igual de válidos e caloríficos. ¿Que se lle engade a un gasóleo para cambiarlle a cor?

2. ¿Que pasou no noso país co **aceite de colza desnaturalizado**? ¿Non era igual que o aceite de oliva? ¿Era un bo negocio dende o punto de vista económico? ¿É ético aínda que non produza intoxicacións?

- Despois de realizar a actividade, o alumnado citará os procesos nos que se obteñan productos de uso cotián mediante as técnicas de arrastre por vapor, extracción con disolventes ou cromatografía (esta actividade pódese repetir despois de que fagan as extraccións no laboratorio de compoñentes de plantas ou de bebidas)

## ACTIVIDADE 2

A industria farmacéutica fabrica as drogas permitidas legalmente para usos médicos, ó contrario das drogas ilegais que se fan en laboratorios clandestinos, coas derivacións económicas que isto leva consigo: non se controlan os prezos, a calidade dos productos, as responsabilidades polos posibles danos, e finalmente non se pagan impostos en ningunha das transaccións a que se someten, desde a fabricación ós múltiples intermediarios, ata o usuario.

1. Despois desta breve introducción, o alumnado nomeará as implicacións económicas que pode ter a venda das drogas ilegais e analizarán as posibles consecuencias sociais e de saúde que ten para os seus usuarios.

Sería interesante que o alumnado puidera visitar plantas de obtención de productos farmacéuticos e /ou productos que precisen de técnicas similares ás utilizadas na extracción de materias primas e na elaboración das drogas.

### Actividades de laboratorio

Como xa citamos anteriormente, trataremos de usar no laboratorio unhas técnicas experimentais similares ás que se utilizan nos procesos de obtención das drogas, dado que estas técnicas non se ven en ningunha das obrigadas no temario de 2º bacharelato, polo que resultarán atractivas tanto na metodoloxía coma no interese polas substancias tratadas (ortigas que son da familia do cannabis e lúpulo e cafeína dunha cola).

### Extracción da cafeína dun café ou dun refresco de cola:

Farémolo cun refresco de cola, que debemos destapar o día anterior e axitar para eliminar as burbullas de $CO_2$ (acidez).

### Material necesario:

Carbonato de sodio; diclorometano; lata de bebida de cola; funil de decantación, Erlenmeyer, vasos de precipitados, cápsula de porcelana, vidro de reloxo, barra vertical con soporte con aro para o funil de decantación.





Procedemento:

- Toma aproximadamente a metade da bebida no Erlenmeyer e engade pequenas cantidades de $Na_2CO_3$ para neutralizar o ácido benzoico presente nestes líquidos, ata que deixen de se producir burbullas e dea reacción básica co papel indicador, ou cun peachímetro de peto.
- Engade 20 ml de diclorometano e remexe lentamente uns 5 minutos.
- Separa, mediante funil de decantación colocado no soporte, o líquido incoloro do fondo (Cafeína + $CH_2Cl_2$ ) e colócao nun vaso. Non tirar a fase acuosa coloreada, pois aínda contén algo de cafeína (só citar cualitativamente o concepto coeficiente de repartición)
- Introduce outros 20 ml de $CH_2Cl_2$ no funil, remove outro pouco e volve separar a fase incolora, xuntándoa coa anterior. É preferible volver repetir unha vez máis esta operación coa finalidade de extraer a máxima cantidade de cafeína posible.
- Introduce o extracto da (Cafeína + $CH_2Cl_2$ ) nun baño maría con auga quente (pode ser un vaso de precipitados máis grande que o que contén o extracto) para que se evapore *lentamente* o diclorometano e non arrastre a cafeína. Cando queden só unhas pingas pásaas a unha cápsula de porcelana e continúa evaporando lentamente ata que quede seca, aquí podes usar un mecheiro pouco enérxico como o de alcohol. Moito coidado, non te pases, pois a cafeína sólida sublima e podes perdela toda.
- Para purificar a cafeína sólida debes tapar a cápsula cun vidro de reloxo e colocar sobre el un cubiño de xeo, quentando lentamente a cápsula para que sublime a cafeína e se deposite no reverso do vidro de reloxo arrefriado co xeo. Obtéñense cristais en forma de agullas de cafeína pura.

*¿Cantas técnicas de separación, distintas, utilizaches nesta experiencia?*

## Extracción dos aceites esenciais dunha planta (ortiga):

O máis parecido á obtención do aceite de haxix, que se extrae das exsudacións das flores e o macerado destas durante un tempo, para logo ser extraídos por arrastre con vapor de auga, podémolo facer con ortigas, que son da familia do cannabis, pero tamén o podemos facer con calquera tipo de flores ou plantas aromáticas.

Os aceites esenciais son os que dan o olor ás plantas e adoitan ser líquidos insolubles na auga aínda que comunican a esta o seu sabor e olor, son menos volátiles cá auga e acostuman ferver arredor de 200ºC, os aceites esenciais están en forma de minúsculas gotiñas (suspensión) dentro das células.

Se fervemos auga cunha planta aromática triturada, o vapor da auga arrastra unha pequena cantidade dos aceites esenciais que ferven a maior temperatura, pero se a ebulición é moi prolongada é posible arrastrar todas as esencias. O arrefriar o vapor da destilación no refrixerante obtemos unha mestura heteroxénea, suspensión, de auga e aceites, que é posible separar retendo o aceite nun filtro. Así é como se obteñen as esencias de lavanda, de romeu ou a de eucalipto.

### Material necesario:

Morteiro; dous balóns de destilación de 250 ml ; un refrixerante; tapóns con dous-furados para a introducción dos tubos; os soportes e pinzas con aros necesarios segundo a montaxe do debuxo que se xunta; gomas para entrada-saída de auga no refrixerante; tubos acobadados, gomas para as conexións; funil pequeno, papel de filtro, Erlenmeyer recolector.

### Procedemento:

Fai unha montaxe como a do debuxo adxunto; corta e tritura as follas de ortiga ou da planta que se vai usar cun pouco de auga nun morteiro e bótaas no matraz A cuns 150 ml de auga quente; no matraz B cun tubo de seguridade aberto á atmosfera e mergullado ata case o fondo, que en caso de sobrepresión accidental fai que a auga ascenda por el de forma que evita que o equipo estoure, coloca unha cantidade de 200 ml aproximadamente de auga.

Pon a fonte de calor debaixo de ámbolos matraces (mecheiros, mantas calefactoras, do que dispoñas e sexa máis práctico) pero cando no matraz A empece a ebulición debes afastar a calefacción, deixando acendida a fonte de calor do matraz B, no que se producirá continuamente vapor que pasará polo tubo acobadado ó matraz A onde arrastrará as esencias e o vapor sairá cara ó refrixerante, o líquido destilará sobre un funil no que poñemos un papel de filtro que pasará a auga retendo as gotiñas do aceite esencial.










MONTAXE DA EXTRACCIÓN DE ACEITES ESENCIAIS




Cocaína



Codeína



Cafeína



Cannabinol



Anfetamina





Feniletilamina



Anfetamina



Metanfetamina



Mescalina



MDA



MDMA

## materiais complementarios

### INTRODUCCIÓN

Trataremos o tema no nivel de 2º bacharelato LOXSE, no tema de química e industria, por ser o único que se presta para tal fin, sendo conscientes de que tanto a estructura molecular dos compostos implicados, así coma as ecuacións químicas de obtención están moi lonxe do nivel esixido no curso (agás no caso do etanol ). Trataremos entón de que o alumnado sexa quen de distinguir as distintas drogas segundo varias taxonomías: efectos sobre o SNC; perigosidade; ou segundo a procedencia natural ou sintética. A identificación dalgún dos grupos funcionais presentes (amino, aneis aromáticos, etc).

Desde o punto de vista do laboratorio, non pretendemos que o alumnado prepare nin sintetice ningunha droga, senón que utilice unhas **técnicas experimentais**, similares ás utilizadas nas extraccións de drogas das plantas, e/ou doutros productos comerciais; este punto é o máis atractivo dado que o alumnado LOXSE non tivo a oportunidade de tratar estes aspectos en toda a súa vida académica, nin se inclúen nas prácticas de laboratorio dos demais temas de Química de 2ª bacharelato, polo que trataremos de que fagan unha destilación por arrastre de vapor dos aceites esenciais dalgunha planta (por exemplo ortigas ou flores) e extracción con disolventes dalgunha substancia interesante como a cafeína dun refresco de cola ou dun café.

### ACTIVIDADE 1

### DEFINICIÓN DE DROGA

Desde unha perspectiva ampla:

Unha droga é calquera substancia química que provoque cambios no funcionamento do organismo, no estado emocional e/ou no comportamento das persoas.

Desde esta perspectiva a maioría das drogas utilizadas son productos farmacéuticos elaborados con fins médicos específicos como paliar a dor ou o sufrimento, estimular ou inducir o sono, neutralizar a ansiedade e a tensión, as desordes nerviosas e as depresións.

Hai outras drogas de uso social institucionalizado como o alcohol, depresor que actúa eliminando as inhibicións e relaxando ou excitando a quen o consome; o tabaco relaxa e estimula, reducindo a tensión emocional e o nerviosismo; o efecto recuperador e estimulante do café ou do té, ou despois dun esforzo físico, o refrescante "tente en pé", asociado ó consumo de alcohol ou de xantinas.







## CLASIFICACIÓNS DAS DROGAS[3]

### Atendendo ós efectos sobre o SNC:

- Depresores do SNC.
- Estimulantes do SNC.
- Perturbadores ou alucinóxenos.

### Atendendo á súa perigosidade:

- Máis perigosas
  - Crean dependencia física
  - Crean dependencia con maior rapidez
  - As de maior toxicidade
- Menos perigosas
  - Só crean dependencia psíquica
  - Crean dependencia con menor rapidez
  - Posúen menor toxicidade.
- Segundo este anterior criterio, hai 4 grupos de drogas:
  - 1. Opiáceos e derivados. 2. Barbitúricos e alcohol. 3. Cocaína, anfetaminas. 4. LSD, cannabis.

### Atendendo á súa procedencia ou síntese:

- Naturais
- Sintéticas

Sen embargo, **atendendo ó carácter didáctico do tema** hai clasificacións que atenden simultaneamente á composición e ós efectos sobre o SNC:

- **Analxésicos**: derivados do opio ou producidos sinteticamente (heroína, morfina e metadona)
- **Depresores do SNC**: inclúen unha ampla gama de hipnóticos e ansiolíticos (barbitúricos, benzodiapinas) crean gran dependencia
- **Estimulantes do SNC**: os principais son a cocaína e as anfetaminas incluíndo o éxtase MDMA, que manteñen o consumidor esperto, alerta e excitado, crean dependencia psíquica.
- **Alucinóxenos**: distorsionan a percepción e provocan alucinacións e desaxustes psicolóxicos inclúense o LSD e setas máxicas.
- **Cannabis**: produce sensación de euforia e relaxación, pode provocar problemas psiquiátricos, aínda que tamén é útil para o tratamento de náuseas e vómitos en enfermos de cancro sometidos á quimioterapia.
- **Inhalantes**: colas, disolventes e pinturas, causan desorientación por intoxicación. Poden causar dependencia e morte por asfixia ou toxicidade.
- **Outros**: anabolizantes, laxantes e opiáceos suaves, nitritos de alquilo, etc.

---

[3] Pódense atopar nas páx 14-17 do libro : Drogas. Guía ilustrada para agentes de policía. David Stockley, Edex Kolektiboa. Bilbao 1997

## ACTIVIDADE 2

1. Analxésicos

Opiáceos como o opio, a morfina, a codeína e a heroína.

¿Que é un alcaloide?:

Grupo de substancias básicas nitroxenadas, de orixe vexetal e carácter tóxico, algúns de grande interese terapéutico.

- **Opio**[4]: producto sólido que se obtén desecando ó aire o zume leitoso que exsudan polas incisións as cápsulas da adormideira ; contén un 25 % de alcaloides, ácido mecónico, azucre e resinas; entre os alcaloides máis coñecidos están a morfina, a narcotina, a papaverina, a codeína e a tebaína. Úsase directamente en medicina ou os seus alcaloides por separado.

  - Efectos e uso do opio:

    Como vemos a partir desta exsudación base obtéñense outras drogas:

    Cando son varios os compostos que contén unha mestura determinada, neste caso varios alcaloides, a súa separación depende da composición e das diferencias que presenten entre si, unhas veces por destilación fraccionada, outras por extracción con disolventes, ou mediante cromatografía, algunhas destas técnicas xa están explicadas anteriormente.

- **Morfina**[5]: $C_{17}H_{19}O_3N$; masa molecular 285,3 é o alcaloide máis importante do opio e o primeiramente coñecido. Preséntase cristalizado cunha molécula de auga, sabor amargo; pouco soluble na auga e en éter, soluble en alcohol; p.f., 230ºC hidratado e 254ºC anhidro, ten acción narcótica e produce hábito.

  Moi utilizada desde os inicios do século XX como analxésico de enfermidades terminais, pero orixina forte dependencia.

- **Codeína**[6]: alcaloide de fórmula empírica $C_{18}H_{21}O_3N$; masa molecular 299,36 aínda que se atopa no opio. Obtense fundamentalmente a partir da morfina monohidratada, con extracción de auga e alcohol, cristais ortorrómbicos de p.f. 155ºC (despois de secar a 80ºC). Moi soluble en alcohol metílico, amílico, cloroformo e ácidos diluídos, soluble en alcohol etílico, benceno e éter, pouco soluble en auga fría, algo en auga quente. Emprégase na fabricación do fosfato e sulfato de codeína e como narcótico.

  É un calmante similar á morfina, pero menos potente e con menores efectos sedantes. Úsase mesturado en comprimidos ou en xaropes para a tose ou alivios de dores de cabeza; serve para aliviar dores moderadas; ten menor risco de dependencia e menores efectos tóxicos.

- **Heroína**[7]: diacetilmorfina, producto que se obtén tratando a morfina con cloruro de acetilo (lembrar cloruros de ácido do tema Química Orgánica) aínda que algúns autores recomendan acetilar con anhídrido acético. Cristais pouco solubles na auga e solubles en alcohol e éter, p.f. 173ºC. En forma de clorhidrato é moi soluble na auga.

---

[4] BARCELÓ,J.R,:*Diccionario Terminológico de Química*- Ed Alhambra
[5] BARCELÓ, J.R. op.cit.
[6] BARCELÓ, J.R. op.cit
[7] BARCELÓ, J.R. op.cit

Aínda que é o analxéxico de orixe natural máis poderoso, oito veces máis forte que a morfina, pero a súa capacidade de crear dependencia é tan elevada que está prohibido o seu uso en moitos países, entre eles España, o seu abuso levou a prohibila nos anos oitenta do pasado século XX.

O problema engadido á perigosidade *per-se* da heroína estriba en que ó ser unha substancia prohibida é fabricada en laboratorios clandestinos de países como Pakistán e Afganistán, non ten a garantía de que os procesos sexan os axeitados, e ademais posteriormente é adulterada por parte dos traficantes e mediadores que a venden. Se se compara o po cristalino branco de heroína, da obtida pola industria farmacéutica dos países de onde está permitida (U.K. para aliviar as dores do cancro) coa procedente de Afganistán ou de calquera mercado negro, obsérvase a simple vista que non é a mesma cousa.

## 2. Estimulantes:

Substancias psicactivas que aceleran o funcionamento do SNC, gozan de maior aceptación social pola sensación que provocan case instantánea de enerxía e forza cando nos sentimos cansos ou desganados.

Hai estimulantes socialmente aceptados como o café, o té ou as bebidas de cola, que conteñen xantinas. Outros estimulantes **sintéticos** como as **anfetaminas** son sensiblemente máis potentes que as xantinas e hoxe en día abúsase deles con amplitude. Aínda que o máis coñecido dos estimulantes é a **cocaína**. Os estimulantes producen euforia, excitación e aumento da actividade, axudan a manterse espertos, pero crean con facilidade dependencia psíquica e hoxe en día tense comprobado que tamén pode producir dependencia física.

- Cocaína: alcaloide de fórmula empírica $C_{17}H_{21}NO_4$; masa molecular 303,3 e p.f. 98ºC, volátil, soluble en disolventes orgánicos comúns e aceites, pouco soluble na auga. Obtense da planta da coca *(Erythroxyluym Coca)* que contén menos do 2% de cocaína, polo que mastigadas non se producen problemas serios nesta forma de uso.

  Fíxose moi popular a finais do século XIX e principios do XX porque se descubriu un anestésico local chamado clorhidrato de cocaína e "*Viño tónico de Angelo Mariani*" que foi consumido popularmente por todos os estratos sociais, desde Sigmund Freud, León XIII, Xulio Verne, Alexandre Dumas, Edison, tamén foi un composto da Coca-Cola e eliminado desta no 1903.

### Proceso de produción e recoñecemento



Durante o proceso de fabricación da droga, ás veces a forma base (alcalina) transfórmase en forma de sulfato, para favorecer a súa purificación. O consumo de sulfato de cocaína coñecida como "pasta" ou "basuco" é moi perigoso, pero máis perigoso aínda son as impurezas e productos químicos presentes no producto non refinado.

O producto final, o clorhidrato de cocaína, é un po cristalino branco brillante que escintila á luz, de sabor amargo, coñecido como "neve", "dama branca", "raíña branca", etc. Os adulterantes máis frecuentemente utilizados son o manitol, a lactosa e ás veces cafeína, lidocaína e procaína; estas últimas producen na lingua ou na boca anestesia localizada, similar á producida pola cocaína.

A forma máis común de administrar a cocaína é a inhalación "esnifar", pasando ó fluxo sanguíneo a través das mucosas do nariz (pode causar úlceras e perforación do tabique nasal) Pode inxectarse pero destrúe o tecido cutáneo rapidamente, provocando ulceración.

Para poder usar esta droga fumada, hai que converter o clorhidrato á súa forma base, neutralizando o ácido; o producto resultante coñécese como "crack" ou "base libre" dependendo do método utilizado para a neutralización. O crak tamén se adoita fumar en pipas de auga.

O uso da cocaína provoca dependencia psíquica e aínda ata hai pouco non se comprobou que tamén produce dependencia física.

- Anfetaminas e derivados, éxtase, MDA:

Son compostos sintéticos de uso médico xa a finais do século XIX.

- Anfetamina: (BARCELÓ,J.R. op.cit) $C_9H_{13}N$, líquido incoloro, volátil, de olor que lembra as aminas e de sabor ardente, pouco soluble na auga e soluble en alcohol e éter, p.eb. 202ºC; a temperatura ambiente volatiliza lentamente. É un producto sintético de acción parecida á efedrina nos seus efectos locais, vasoconstrictor das mucosas. Os seus sales empréganse en medicina.

  Os derivados das anfetaminas, obtidos a partir desta, son drogas máis ou menos potentes e con efectos estimulantes, aínda que tamén teñen asociados efectos alucinóxenos. Entre os máis coñecidos destacan: metanfetamina, mescalina, MDA e MDMA. Estas últimas están de moda, xunto co LSD, pola fama inxustificada que adquiren na "movida " "ruta do bacallao" de seren inocuas e non causar adicción.

- Éxtase ou MDMA: obtido a partir da anfetamina ou mellor aínda desde o MDA; o seu nome é **m**etilen**d**ioxi**m**et**a**nfetamina, denomínase droga de deseño, e véndese en formas e cores variadas, ó que se lle atribúen, falsamente, propiedades exóticas. De moderno non ten nada, pois foi patentado e elaborado en 1914 polos laboratorios Merck para aliviar a sensación de fame, e non chegou a comercializarse.

  No ano 50 o exército dos EEUU usouno para abrandar o silencio dos prisioneiros; nas décadas dos 60 e 70 foi adoptada polos hippies e membros da contracultura psicodélica, e nos anos 80 adórnanse con inocuidade ou sintonía cos estilos de vida dos novos. Despois da súa prohibición en USA en 1985 a droga é ilegal en case todos os países; provén de Holanda, pero tamén se fabrica ilegalmente en España e UK, de forma caseira pois non hai que dispoñer de caros laboratorios nin substancias difíciles de topar para a súa fabricación, que incluso se podía "baixar" por Internet.



A súa toxicidade increméntase gravemente polo feito de ser clandestina, polo que ademais dos colorantes poden estar mesturados con outras substancias para gañar máis diñeiro, as cápsulas son baleiradas e mesturadas con outros pos, e as pastillas poden conter de todo, en UK atoparon desde *matarratas* ata *atropina, (La Voz de Galicia, 15-2-99)* unha droga usada no Vietnam para aliviar os feridos paralizando os sistemas nerviosos evitando a dor.

Entre os efectos que se din que produce: euforia, non cansa un, mellora a autoestima porque desaparecen as inhibicións, non existe evidencia de que sexa afrodisíaco, provoca insomnio, aumento da tensión arterial e do ritmo cardíaco, entre outras.

- Metilenodioxianfetamina MDA

Está emparentada quimicamente coa anterior MDMA que ten un grupo metilo máis que a MDA, é dicir, a MDA é unha amina primaria e a MDMA é secundaria (comparar as súas fórmulas dadas ó final deste tema) Abusouse amplamente nos EEUU na década dos sesenta.

Os seus efectos alucinóxenos son moi superiores ós da MDMA, pero non é tan popular porque os seus efectos eufóricos son moito menos pronunciados.

Aparece en formas similares á MDMA polo que probablemente se venda como éxtase, pois tan só unha análise química podería distinguilas de forma precisa, xa que os pos son idénticos. Sábese da súa presencia mediante as análises realizadas en comisos.

## 3. Derivados do cannabis

Proceden dunha planta de gran tamaño *Cannabis sativa,* vulgarmente cánabo, de países cálidos e secos, que contén o principio activo THC (tetrahidrocannabinol). Caracterizado por ser un alucinóxeno menor, produce euforia e atordamento, salvo a doses elevadas en que pode producir "a viaxe" como os psicodélicos; tamén se usa en medicina aínda que non en España. Sábese que evita os vómitos inducidos pola quimioterapia en enfermos de cancro e no tratamento da asma. Xa figura nun herbario chinés de 2737 a.C. e

O principio activo THC foi illado e sintetizado por Mechoulam e Gaoni de Israel entre 1965 - 67. Ten unhas características moi especiais, e sendo moi soluble en graxas, polo que se concentra nos tecidos adiposos, sobre todo no cerebro, que é especialmente lipídico, e tarda ata 7 días en ser eliminado, polo que os consumidores semanalmente habituais non teñen tempo de eliminar todo o remanente cando xa están inxerindo novas reservas.

Do cannabis obtéñense tres presentacións diferentes, debidos á súa forma de preparación e da parte da planta utilizada; todos conteñen o principio activo THC aínda que en concentracións moi diferentes: do 5 ó 10% na marihuana, do 10 ó 20 % na resina de cannabis (haxix) e ata o 85% no aceite de haxix.

- Marihuana:

  Consiste en triturar as plantas enteiras con talos, follas e flores, dando unhas febras que se poden liar e desliar para confeccionar o porro mesturándoo con tabaco rubio, pero tamén se pode comprimir con máquinas a presión en pequenos bloques. Cando se empregan só as flores das plantas femias a calidade é moi superior por conter maior cantidade de THC. Pode presentarse segundo o país en formas comprimidas: "pao de Malawi", "pao Thai" enroscados... para fumala hai que desfacer os paos ou os bloques.

## Haxix:

A resina de cannabis ou haxix é o producto de escoller a resina marrón pegañenta que producen sobre todo as follas e flores despois de estrulladas; extráese apropiadamente con disolventes e comprímese formando bloques de resina que terán diversa coloración, consistencia etc. dependendo do país de orixe e da composición de flores e follas que leve. Pode ser máis ou menos verdosa-escura, marrón, ou po fino moi solto despois de triturar (afgana, nepalí, india, ouro libanés,etc.)

Non se libran da adulteración xa no país de orixe, mesturando en Marrocos o haxix con goma arábiga, pigmentos, esterco, alcatrán, leite condensado, e outra serie de substancias impredicibles. (Avecrem, etc.).

## Aceite de haxix:

Contén ata un 85% de THC; son moito máis caros porque hai que seleccionar as flores das plantas, mellor se son femias, e extraer os aceites esenciais destas, primeiro por maceración lenta e prolongada en auga quente coa axuda ou non doutros axentes extractores, para logo extraer desta mestura os aceites esenciais que contén. Para iso utilízanse xeralmente procesos de destilación por arrastre de vapor, de onde os aceites esenciais son arrastrados polo vapor de auga en ebulición, e que enfrían no seu paso polo refrixerante separándose da auga e quedando retidos nos papeis de filtro que deixan pasa-la auga, pero reteñen as graxas e moléculas de viscosidade superior á auga.

Tamén se poden extraer con disolventes axeitados, aproveitando que son moi pouco solubles na auga e solubles en aceites e éteres; úsanse aceites baratos para a súa extracción.

O aceite de haxix adoita utilizarse para posteriormente facer “Chocolate” dada a súa elevada concentración en THC (ata o 85%); pódense mesturar con cantidades de ata 25 veces doutras substancias para conseguir productos parecidos ás resinas cun custo inferior. O problema maior é o das substancias que se usan para o “corte”, que poden ser moi tóxicas dependendo da pericia dos traficantes.









Lunes
15 de febrero de 1999

Londres se ha convertido en uno de los centros de la red de distribución de pastillas

# Los sustitutos del éxtasis tienen entre sus componentes matarratas

*Las discotecas británicas se han visto inundadas en los últimos meses con una gran variedad de nuevas drogas, la mayoría derivadas del éxtasis. Sin embargo, estas nuevas sustancias son mucho más potentes que el éxtasis y más peligrosas. En la búsqueda de nuevas drogas de cara al próximo milenio están apareciendo pastillas con matarratas y atropina en sus componentes. Esta última sustancia se usaba en la guerra del Vietnam para aliviar el dolor a los soldados norteamericanos gravemente heridos. Es obvio que su aplicación en una persona sana puede ser enormemente dañina.*

LONDRES. M. ALLENDE
Corresponsal de La Voz de Galicia



Las discotecas son los paraísos de los «pastilleros», que bailan hasta el amanecer

Desde que los gobiernos británico y holandés, principalmente, declararon la guerra al éxtasis, los laboratorios clandestinos han buscado las drogas sintéticas que lo sustituyan y que, al mismo tiempo, aumenten sus efectos de cara al nuevo milenio. Y lo que han conseguido son pastillas 33 veces más potentes que el éxtasis, con nombres de androides y andróginos, como *HOT-17 GHB, 2-CB, BOD* y *4-MTA*.

La situación legal de estas drogas es curiosa. Por ejemplo, el *BOD* aparece en el número 34 de una lista de 36 drogas que la policía quiere que el gobierno declare ilegales. Sin embargo, en la actualidad *BOD* es legal porque sencillamente sus componentes no habían sido utilizados antes por los narcotraficantes.

Lo más terrible de la nueva invasión de pastillas en las discotecas y calles del Reino Unido es que los consumidores no saben lo que se están metiendo en el cuerpo. A pesar de que dos pastillas lleven el mismo símbolo en su superficie sus componentes pueden ser muy distintos. El año pasado, la Unidad de Comprobación de Drogas del Partido Verde analizó las sustancias más populares que circulan entre la juventud británica y encontraron que entre los componentes abundaban los matarratas y la atropina, una droga utilizada en la guerra del Vietnam por las tropas norteamericanas para suministrar a los heridos muy graves, en un intento por paralizar sus sistemas y evitar el dolor. Según la unidad de narcóticos de la policía británica, en Holanda, origen de la mayoría de estas drogas, sus creadores no reparan en utilizar cualquier compuesto.

Con drogas como la *4-MTA*, el problema es que a diferencia del éxtasis el consumidor no alcanza un momento de clímax, por lo que se mete otra pastilla o varias más, lo que puede conducir a la muerte. Rene Saunders fue la primera víctima británica del *4-MTA*.

Pero quizás la más peligrosa de la nueva hornada de drogas sintéticas sea la *GHB*, también conocida como *Líquido X* y *Gamma O*. Si se toma con alcohol o *MDMA* puede conducir a un estado de coma.

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites.<br>Dificultades respiratorias, Enfermidade vascular periférica.<br>Bronquite crónica.<br>Enfisema pulmonar.<br>Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor<br>Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |



## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador<br>Psicodiléptico<br>Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |





## BIBLIOGRAFÍA


BARCELÓ,J.R: *Diccionario terminológico de química;* Edt.Alhambra,Madrid 1976

BERMEJO, M.R, e Colab.: *Manual práctico de Química Agricola (unha guía para licenciados e enxeñeiros); Edt. UNICOPIA, Lugo 1998.*

GRUP MARTI i FRANQUÉS: *¿Eso es química*?. Bib de recursos didácticos. Edt Alhambra, Madrid 1988.

MARTÍNEZ G, Mª A e G.CSÁKY.A: *Técnicas experimentais en sintesis órganica*. Edt Síntesis, Madrid 1998

J.BOBES: *Éxtasis, aspectos farmacológicos, psiquiátricos, y médico-legales.Monografias de Neurociencias.* Ediciones en Neurociencias, Barcelona 1995.

MARK.S.GOLL.M.D:*Marihuana.* Biblioteca de toxicomanías. Ediciones en Neurociencias. Barcelona 1991.

HENRY I.SPITZ,M.D e outros: *Cocaína. Nuevos enfoques en investigación y tratamiento.*Ediciones en Neurociencias, Barcelona 1990.

DAVID STOCKLEY, EDEX KOLEKTIBOA: *Drogas, guía ilustrada para agentes de policía.* Bilbao 1997.

JAIME FUNES: *Drogas y adolescentes*. Edt. Aguilar, Mdrid 1996.

BAS PEÑA, ENCARNA: *Prevención de drogodependencias en Secundaria.* Edt. Narcea, Madrid 2000.

http://www.bemarnet.es/bagdad/drogas/drogas.htm












MINISTERIO DEL INTERIOR
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# BIOLOXÍA
# XEOLOXÍA

BIOLOXÍA
XEOLOXÍA











regulación e control dos
procesos fisiolóxicos
coordinación nerviosa

Xunta de Galicia

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.
2) Integración no grupo clase.
3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.
4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.

2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.

3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).

4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.

5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:

   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.

2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.

3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.

4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.





# b i o l o x í a
# xeoloxía

## Obxectivos xerais da área

Integrar a dimensión social e tecnolóxica da bioloxía, interesándose polas realizacións científicas e tecnolóxicas e comprendendo os problemas que a súa evolución presenta á natureza, ás persoas e á sociedade.

## Obxectivos da área en relación coa prevención de drogodependencias

Integrar a dimensión social e tecnolóxica da bioloxía para elaborar e afianzar criterios persoais e razoados sobre as repercusións que o consumo de drogas ten na saúde persoal e social.



## unidade didáctica

# regulación e control dos procesos fisiolóxicos coordinación nerviosa

**Bloque de contidos:** Fisioloxía do sistema nervioso.

**Obxectivos didácticos:**

- Coñecer as funcións básicas das partes do sistema nervioso.
- Comprender o fenómeno da transmisión do impulso nervioso.
- Coñecer o fenómeno da sinapse e o papel que nela desempeñan os neurotransmisores.
- Coñecer e relacionar as drogas cos neurotransmisores e cos efectos que teñen no sistema nervioso central.

**Contidos:**

### Conceptos

- O sistema nervioso, estructura e funcións.
- O impulso nervioso e a sinapse.
- As neuronas. Receptores e neurotransmisores.
- Accións das diferentes substancias sobre a actividade dos neurotransmisores.
- Adicción, dependencia e síndrome de abstinencia.

### Procedementos

- Utilización de diversas fontes de información (prensa, TV, Internet) para a busca, selección e rexistro da información relativa ós problemas tratados.
- Realización de traballos de investigación sobre o consumo das diferentes drogas e a súa incidencia no sistema nervioso como base para a realización de debates na clase.
- Estudio e elaboración das razóns que levan as persoas ó consumo de drogas

### Actitudes

- Valoración da investigación científica e dos avances tecnolóxicos na adicción das drogodependencias.
- Promover a sensibilidade sobre as consecuencias que teñen para as persoas e a sociedade o consumo abusivo das drogas.
- Interese polas achegas da ciencia e a técnica na obtención de drogas con fins terapéuticos.
- Valoración das actividades de ocio e tempo libre que contribúan a previr o consumo abusivo de drogas.







## METODOLOXÍA

- Exposición por parte do alumnado das súas ideas previas sobre as diferentes drogas, a través de coloquios ou debates na clase
- Explicación e aclaración de dúbidas por parte do profesorado das ideas expostas polo alumnado.
- Traballos en grupo de cooperación heteroxéneos.
- Exposición dos traballos
- Conclusións finais.

Para o desenvolvemento desta metodoloxía pódense consultar as indicacións que aparecen no material complementario

## IDEAS PREVIAS

Análise e discusión sobre as drogas e o seu consumo, activando os esquemas e interrogantes previos do alumnado co obxecto de favorecer unha actitude reflexiva e crítica respecto a este tema a través dos seguintes interrogantes:

- ¿Que é unha droga?
- ¿Que drogas coñeces?
- ¿Todas as drogas teñen consecuencias negativas para a saúde? ¿Por que?
- ¿Todas as drogas producen os mesmos efectos? ¿Por que?
- ¿Que consecuencias ten o consumo de drogas no sistema nervioso?
- ¿Que é a drogodependencia, a adicción, a tolerancia, e a síndrome de abstinencia?
- ¿Por que se producen?

## EXPOSICIÓN DO TEMA

Aclaración e exposición por parte do profesorado, apoiándose nas ideas erróneas que teñen os alumnos de:

- Concepto de droga.
- Distinción entre o uso terapéutico e prexudicial das drogas.
- Accións das diferentes substancias sobre o sistema nervioso central (alcohol, tabaco, cannabis, cocaína, heroína, éxtase, etc)
- Concepto de dependencia, adicción, tolerancia e síndrome de abstinencia.



## ACTIVIDADES

1. Selección por parte do alumnado, coas achegas do profesorado, de textos de libros, artigos de prensa ou revistas e material audiovisual (documentais ou películas) relacionados coas consecuencias do consumo de drogas no organismo e na vida das persoas. Facer unha análise e comentario.

"La gente que no se pica no sé que cree que es esto. Hace dos horas que he puesto un "pico" y ahora estoy perfectamente bien. No lo dejo porque, aunque sé que voy a vivir menos, voy a vivir mejor. Yo paso de ir a trabajar cada día, de todo eso....y ¡oye! ¿no habrá problemas de nombres por ahí, no?. No hay trabajo que pague esto porque va muy caro y tienes que vivir de otra serie de "rollos" para conseguirlo.

¿Cómo? En la calle, en los bares.....También te lo dan a base de hacerles trabajillos a alguna gente. Si haces de camello, pues te dan un paquetito, un gramo o así. Con un gramo yo tengo para cuatro veces.

No me interesa incorporarme a la sociedad porque sabes que no te va a dar nada y la heroína me da muchas cosas. Es otro mundo. No sé.....ves a la gente como mucho más imbécil. Pasas de todo porque...¿para qué quieres no pasar?. Yo no he encontrado nada que me interese en la vida y por eso estoy así.

Si todo el mundo pasara, pues.....! de puta madre! ¡todos colgaos! No sería tan cara, seria como el pan. La vida para mí es pasar de todo lo que sea meterme en un sistema y ser una rueda más para que vivan los demás.

La comunicación con el "pico" es muy buena porque no tienes que hablar. Se está de puta madre, sentao en un rincón y sin hacer nada.

¿Crees que esto es apatía total? Pues yo pienso que no. Aparte está ese rollo de que la heroína mata. Eso es mentira. Infinidad de gente pública e importante se pica, Te lo digo yo. Lo que pasa es lo de siempre, a medida que tienes más pasta la calidad es mejor. Si yo lo pudiera conseguir como los parlamentarios, yendo a los laboratorios.... y me la pusiera cada vez con una jeringuilla nueva, y tuviera todo tipo de higiene, a mí no me pasaría nada... Pero, claro, aquí no hay nadie que tenga un duro, la jeringa te sirve para muchas veces y lo que te dan no es heroína pura.

Yo me pincho cada dos horas, si tengo. Igual me da que sea de día o de noche; para mi no hay diferencia. ¡Yo que sé lo que voy a hacer mañana! Yo no tengo forma de vida, eso lo tienes tú.

Nuestro trabajo es conseguir la heroína y el tuyo es conseguir el dinero para la casita de campo o el coche. Pasamos de esas cosas que a vosotros os gustan....mariscadas.....cuando tenemos hambre comemos pues....mermelada....lo que tengamos a mano.

A mí no me ata nada. Tu eres la persona que no puedes viajar porque todo lo tienes atado y bien atado, como decía aquel. Yo mañana me puedo ir donde quiera...a Sevilla, que es donde está el mejor chocolate del mundo y se puede vender cantidad para sacar para el "pico"......"

*(Reproducción dunha conversa, dunha moza metida no mundo da heroína, gravada no magnetófono, aínda que só nos aspectos máis importantes; por iso respectamos a linguaxe co seu argot e cos seus xuramentos).*







2. Clasificar as drogas polos seus efectos no sistema nervioso:

- Depresores do sistema nervioso:
  - Alcohol
  - Opiáceos ( heroína, morfina, metadona, etc.)
  - Tranquilizantes ( "valium", "tranxilium"....)
  - Hipnóticos
  - Derivados do cannabis (haxix, marihuana)
- Estimulantes do sistema nervioso:
  - Anfetaminas
  - Cocaína
  - Nicotina
  - Cafeína
- Perturbadores do sistema nervioso:
  - Alucinóxenos
  - Derivados do cannabis
  - Inhalantes (acetonas, bencenos...)
  - Drogas de deseño (éxtase...)

Cuestións:

1. ¿Que é un depresor?
2. ¿Que é un estimulante?
3. ¿Que é un perturbador?
4. Consecuencias de cada un deles no organismo.







3. Traballar por grupos heteroxéneos os principais efectos sobre o organismo e sobre o sistema nervioso das diferentes drogas, apoiándose en textos ou materiais relacionados co tema:

O **cannabis** *(Cannabis sátiva)* é unha planta herbácea de ciclo anual. O principal responsable dos efectos experimentados tralo seu consumo é o **THC** (delta – 9 – tetrahidrocannabinol). Os derivados do cannabis son o haxix e a marihuana. Consómense fumado puro ou mesturado con tabaco, polo que é rapidamente absorbido polos pulmóns e chega ó cerebro nun curto período de tempo, os efectos comézanse a notar ós poucos minutos, alcanzando o seu pico máximo ó cabo duns trinta minutos, cunha duración de duss ou tres horas.

Todas as drogas teñen en común que, unha vez introducidas no organismo, chegan ó cerebro a través do sangue, producindo os efectos que as caracterizan.

O que distingue ós derivados do cannabis é que, debido a apetencia do THC polos tecidos graxos, é rapidamente absorbido polo cerebro (órgano cun gran compoñente graxo) e vaise acumulando nel, desde onde se elimina lentamente. De aí que, nas persoas que consomen cannabis con frecuencia, durante períodos longos de tempo, se produza unha constante retroalimentación: antes de que o THC consumido se elimine xa está o cerebro recibindo e almacenando novas doses.

Esta particularidade explica boa parte dos efectos que esta substancia ten sobre o organismo do consumidor:

- Entorpece a memoria, sobre todo a memoria a curto prazo, o que dificulta a retención do vivido baixo os efectos da droga.
- Altera a capacidade de concentración.
- Interfire os procesos de aprendizaxe.
- Produce: aumento do apetito, secura de boca, taquicardia, suor, somnolencia e descoordinación motora.

Cando se trata de mozos, estes efectos poden afectar seriamente ós procesos de maduración e desenvolvemento nos que se atopan inmersos. Os cambios que teñen lugar nesta etapa da vida esixen dun funcionamento a pleno rendemento das capacidades do mozo, e para iso un cerebro capaz de funcionar ó cento por cento das súas posibilidades é a condición máis adecuada. A "manía" do THC de permanecer no cerebro non parece ser de gran axuda.

Como calquera outra droga, os derivados do cannabis poden xerar dependencia psicolóxica, entendendo por tal a dificultade para desfrutar da vida e facer fronte ás súas esixencias, se non se está baixo os efectos da substancia. O cannabis non parece dar lugar a dependencia física, aínda que se describen certas reaccións de abstinencia en usuarios crónicos ó interromper o consumo, caracterizada por ansiedade, irritabilidade, perda do apetito, tremores e insomnio.

*(Fonte: Jóvenes y drogas. Revista EDEX, Bilbao 1998)*

## Cuestións:

- Exposición por parte dos distintos grupos dos traballos realizados, indicando os principais efectos sobre o organismo de cada unha das drogas analizadas: cannabis, cocaína, heroína, éxtase, alcohol, nicotina.







## DEFINICIÓN DE DROGA:

Droga é calquera substancia con capacidade de modificar as funcións do organismo vivo que teñen que ver coa súa conducta, o seu xuízo, o seu comportamento, a súa percepción e o seu estado de ánimo. Sen afirmar previamente se son boas ou malas, legais ou ilegais, asumidas pola cultura ou non, usadas adecuadamente ou obxecto de abuso.

Cando se fala de droga manéxanse uns símbolos dentro dun marco explicativo vital, condicionado por un determinado contexto económico, social, político, ideolóxico e cultural. Ás veces denomínase droga e ás veces non productos moi semellantes e de características afíns. Incluso os mesmos productos son drogas ou non segundo as circunstancias nas que se utilicen.

En xeral, na nosa sociedade non se considera droga o alcohol e si outros productos con efectos moi similares (algunhas pastillas para relaxarse ou durmir tomadas sen prescrición médica). Se os adolescentes van acompañados por adultos a tomar o vermú, non se consideraría que se drogan; polo contrario, si se pensa que o fan cando toman a "litrona" en calquera parte.

Cando nos formulamos a cuestión das drogas é porque detrás delas está a capacidade de modificar o psiquismo, o mundo interior, a maneira de ser e a conducta, Con elas *pódese cambiar o estado de ánimo, alterar as relacións sociais, reducir os padecementos, obter máis pracer, outras experiencias, outras percepcións ou sensacións*. Son substancias que directa ou indirectamente actúan sobre os órganos ou os sistemas responsables do pensamento, as emocións e o comportamento.

## MODIFICACIÓNS NO CEREBRO:

Na especie humana pensar, sentir, ver, comprender, ter fame, namorarse, etc. son accións que se producen gracias ó sistema nervioso, fundalmentalmente pola acción da súa parte central: o cerebro. As emocións e os sentimentos non poden existir sen as células nerviosas do cerebro, sen o conxunto de reaccións químicas e de movementos celulares que nelas se xera. Os fenómenos mentais son o resultado dun conxunto de actividades moleculares altamente organizadas levadas a cabo polas células nerviosas.

Un cambio na conducta ou no estado de ánimo comporta un cambio na química cerebral e á inversa, unha alteración interna ou inducida externamente da química cerebral supón unha modificación conductual ou anímica. Non tratamos de reducir as actividades humanas á bioquímica das células do cerebro, tan só afirmamos que todo iso non é posible sen o cerebro e que a alteración do seu funcionamento ten un impacto fundamental sobre as conductas e vivencias da persoa e, ademais, a persoa como ser social que se relaciona co seu contorno tamén modifica o funcionamento do seu cerebro a partir das informacións que lle veñen do exterior.

## A ADMINISTRACIÓN DE DROGAS ALTERA A QUÍMICA CEREBRAL:

A administración de drogas é unha forma importante de alteración da química cerebral. Cando as drogas chegan ó cerebro alteran de forma diversa o curso das reaccións químicas cerebrais. Moitas das drogas que se toman parécense extraordinariamente a substancias que o propio cerebro usa no seu funcionamento. Con frecuencia unha mesma substancia ten efectos contradictorios ou afecta a receptores e áreas do cerebro con accións opostas.

A investigación dos efectos das drogas persegue, desde hai tempo, a busca no cerebro de receptores específicos para cada unha das drogas, pero isto non é posible porque en xeral afectan a varios receptores e os seus efectos son unha mestura diversa de alteracións no proceso de transmisión.

Os compoñentes activos das drogas emulan ou están relacionados coas substancias do cerebro implicadas na súa actividade química, pero o seu efecto non é único nin inciden só nunha área. A maioría das drogas afectan a moitas funcións cerebrais, non existe unha droga "limpa", unha que impoña unha cuestión única.

## CONCEPTO DE DEPENDENCIA, ADICCIÓN, TOLERANCIA E SÍNDROME DE ABSTINENCIA:

Falar de drogas adoita ser equivalente a falar de dependencia. Case todas as persoas teñen a idea de que son algo que pode atrapalas. A palabra droga está unida a ideas como toxicomanía, dependencia, habituación, etc.

Se unha persoa toma durante un certo tempo determinadas drogas de determinada maneira, é posible que lle ocorran dous fenómenos: que pouco a pouco teña que ir tomando maiores cantidades para obter os mesmos efectos, ou que se deixa de tomala se lle presenten un conxunto de trastornos de maior ou menor gravidade. Son o que se acostuma chamar *efectos de tolerancia e de dependencia*

- *Efectos da tolerancia e da dependencia:* o corpo humano adáptase á presencia dunha droga (tolera a súa presencia) desenvolvendo mecanismos cada vez maiores para destruíla e eliminala. Así, a cantidade inicialmente efectiva vai sendo cada vez menos. Ó mesmo tempo, as neuronas tamén se adaptan e resultan cada vez menos sensibles á presencia desa substancia que está alterando ou imitando os procesos de transmisión cerebral, adáptanse continuamente nun intento de devolver o cerebro á súa situación de normalidade.

Así se crea unha situación que acostuma chamarse **dependencia física**; o organismo, o cerebro, dependen fisicamente para funcionar da presencia da substancia: a cadea de transformación das substancias (metabolismo) incorporou nalgún dos seus elos elementos da droga que se inxere, o cerebro ten xa instaurados mecanismos de compensación que provocan problemas se a droga non está presente

A adaptación do organismo á presencia dunha determinada droga provoca a aparición de intensos trastornos físicos cando se interrompe a administración **– síndrome de abstinencia-** . Estes trastornos adoitan estar constituídos por síntomas e signos de carácter psíquico e físico, específicos e peculiares para cada tipo de droga. Trátase do que popularmente chamamos **"mono",** situación que se pode aliviar coa administración da mesma droga ou outra análoga que teña unha acción farmacolóxica similar.



Podemos considerar que existe unha situación de dependencia cando a persoa leva a cabo:

- **Unha utilización excesiva**, así por exemplo, cando unha persoa adicta a un medicamento o toma con maior frecuencia e en maior cantidade que as que a súa enfermidade xustifican.
- **Unha utilización prexudicial**, cando a utilización excesiva lle produce máis efectos secundarios cós beneficios obtidos.
- **Unha utilización compulsiva**, cando o consumidor se resiste a deixar a substancia; búscaa ansiosamente e a posibilidade de que se lle acabe aumenta a súa angustia.

O risco de ter problemas, de chegar a ser adicto a unha determinada substancia depende de múltiples factores; algúns deles son:

- **O conxunto de efectos que produce**: aquelas drogas que producen euforia, alegría ou sentimentos de pracer terán máis risco que as substancias que actúan acompañadas de efectos desagradables. A cuestión das drogas remite sempre ó pracer e en parte ten que ver cos mecanismos cerebrais e sociais para obtelo.
- **A rapidez coa que aparezan os efectos**, o risco de adicción cando unha substancia se inxecta é maior que se é inxerida oralmente, porque se ve gratificada inmediatamente cos efectos.
- **A dispoñibilidade e a incitación comercial ó seu consumo**, é dicir, se está de moda, se existe publicidade das súas "virtudes", ou se se fai crer que é necesaria para a vida.
- **A valoración social que teña en determinados ambientes**: a tendencia a abusar é maior se unha droga é considerada clave para o éxito social e profesional (cocaína).
- **O valor funcional que se lle outorga**, é dicir, aquilo para o que se cre que serve, drogas que axudan a "ligar" e a superar as barreiras iniciais de acercamento ó outro sexo (por exemplo, o alcohol).
- **O estilo de vida e as circunstancias persoais e sociais:** para un adolescente tomar o que toman os seus colegas pode converterse en algo vital, así é alguén, así pode enmascarar os problemas.
- **O grao e a rapidez coa que xeran dependencia física**, é dicir, a gravidade da síndrome de abstinencia que a interrupción do seu consumo provoca.
- **O grao e a rapidez coa que a súa utilización continuada desenvolve tolerancia**: a necesidade de aumentar a dose para obter os efectos desexados incrementa as cantidades que hai que consumir e, polo tanto, os riscos de ter efectos negativos. A tolerancia proporciónalle ó individuo a sensación de que controla o uso da droga, xa que parece dominar os seus efectos.

*(Fonte: FUNES, JAIME:Drogas y adolescentes. Edt. Aguilar, 1996)*



La mayoría son jóvenes entre 18 y 24 años. La edad de inicio en el uso de drogas de síntesis es 19,65 años en el caso de los varones y de 19,71 en el de las mujeres. Los dos tercios de los usuarios son hombres y su nivel socioeconómico es medio.



## Los consumidores son jóvenes de entre 18 y 24 años, el doble de hombres que de mujeres

◆ EL MDMA O ÉXTASIS ES SÓLO UNO DE TANTOS DERIVADOS QUE SE VENDEN CON EL MISMO NOMBRE

# Una droga que no pasó de su etapa preclínica y pensada para la guerra

**Metilendioximetanfetamina (MDMA). Ese es el compuesto más común, aunque la mayoría de las pastillas que hoy se consumen en Galicia y España contienen como principales activos uno de los cuatro derivados anfetamínicos emparentados química y farmacológicamente: MDMA, y los más peligrosos MDEA, MDA y MBDB. La primera fue sintetizada en 1914, año que se formalizó su patente, que no pasó de su etapa preclínica, para utilizarse como anoréxico en la guerra, al conllevar un aumento de la percepción sensorial. La unidad cuesta entre 1.500 y 3.000 pesetas.**







Domingo 14-05-2000

Informes

# Sonidos, colores y mucho baile

◆ EN TODAS LAS CIUDADES GALLEGAS HAY LOS LOCALES EN LOS QUE POR SU MÚSICA, LUCES Y DECORACIÓN SON LOS PREFERIDOS POR LOS CONSUMIDORES PARA DISFRUTAR DE SU 'INVERSIÓN'

En todas las grandes ciudades gallegas hay locales en los que los consumidores de éxtasis se encuentran a sus anchas. También en otras poblaciones menores de la comunidad se incrementa el consumo de las drogas de diseño, casi siempre asociado al movimiento electrónico techno. Las fiestas de djs, que cambian de templo e incluso población, son el culmen de esta movida y arrastran a oleadas de jóvenes en busca de una frenética jornada –que pocas veces acaba antes del amanecer– en la que el MDMA es el alma mater y el agua y los zumos la gasolina de cada uno.



'Ruta Atlántica'

## Un 5% de los gallegos de 19 a 24 años han probado las drogas de diseño

Grupo social

Domingo, 14-05-2000

# Informes

◆ SE DESCONOCEN LOS EFECTOS NEGATIVOS DE ESTOS ESTIMULANTES QUÍMICOS A LARGO PLAZO

## Las drogas sintéticas son una fuente de peligros cardiovasculares y psiquiátricos

**Los jóvenes toman sustancias de dudosa procedencia e incierta composición**

El consumo de drogas sintéticas, como el éxtasis, las anfetaminas, el LSD o el speed puede deparar efectos negativos para la salud a corto plazo, al alterar de forma significativa la circulación sanguínea y producir un importante incremento de la temperatura corporal, pudiendo llegar a causar la muerte.



ESTUPEFACIENTES EN ALZA EN GALICIA QUE MUESTRAN CADA DÍA SUS ASPECTOS NEGATIVOS

## Necesitan 'blindar' sus estómagos con antiácidos para evitar fuertes dolores



▶ **Una sola dosis de éxtasis puede ocasionar "graves trastornos cerebrales" de "carácter irreparable", según el profesor George Ricaurte, de la Universidad John Hopkins (EEUU). En el IV Congreso Nacional de Psiquiatría, celebrado en octubre del 99 en Oviedo, este ecuatoriano, que dirige un equipo que investiga las consecuencias mentales de la droga, destacó que afecta directamente a la memoria y puede relacionarse con desórdenes psiquiátricos. El experto explicó que el éxtasis causa la muerte de varios tipos de células, entre ellas la serotonina, y que para descubrir todo el daño que produce se tardarán al menos 20 años.**





Informes

Domingo 14-05-2000

Diversión

Contra la salud

◆ AMBOS FORMAN PARTE DEL 10% DE LOS JÓVENES GALLEGOS URBANITAS QUE HAN CONSUMIDO DROGAS DE SÍNTESIS

## "El éxtasis te permite seguir con toda la marcha y a tope"

## "Las drogas de diseño te fastidian corazón y cerebro"

"En Santiago, si te conocen, no tienes problemas. Lo mismo pasa en Ordes, A Coruña o Vigo, que es donde más pastillas se mueven."

"Aunque pase algo malo, no quieres llevar a nadie al hospital por estos asuntos. En una ocasión llegué a temer que perdería a un amigo."

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites.<br>Dificultades respiratorias,<br>Enfermidade vascular periférica.<br>Bronquite crónica.<br>Enfisema pulmonar.<br>Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor<br>Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |



## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |

# Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador Psicodiléptico Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |



## BIBLIOGRAFÍA


FUNES,JAIME: *Drogas y adolescentes. Edt. Aguilar. Madrid 1999*

DAVID STOCKLEY, EDEX KOLEKTIBOA: *Drogas, Guía ilustrada para agentes de policía.Bilbao 1997*

FUNDACIÓN DE AYUDA CONTRA LA DROGADICCIÓN*: Jóvenes y drogas, Unidad didáctica para la prevención. Gobierno vasco. Secretaría de drogodependencias. Revista EDEX.*

BAS PEÑA, ENCARNA: *Prevención de drogodependencias en secundaria. Integración en las áreas curriculares. Edt Narcea. Madrid 2000.*

XUNTA DE GALICIA: *Materiais didácticos para a prevención do consumo de drogas. 1995*

INFORMES CORREO GALLEGO











MINISTERIO DEL INTERIOR
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID

# MÚSICA

MÚSICA

MÚSICA











xéneros e estilos

Xunta de Galicia





## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE DISCUSIÓN ENTRE COMPAÑEIROS

1) *Crear un clima de confianza* que favoreza a comunicación entre o alumnado.

2) *Ensinar a discutir*: 1/ prestando atención ó que expresan os demais; 2/ respectando as quendas de participación; 3/ expresando opinións e sentimentos; 4/ facendo preguntas para facilitar a comunicación; 5/ estructurando a información; 6/ relacionando distintos razoamentos (discrepancias e semellanzas); 7/ incluíndo nos razoamentos propios os argumentos esgrimidos polos demais.

3) *Propor conflictos e contradiccións* elixindo para iso unha situación conflictiva, que orixine diversidade de perspectivas e dándolle a todo o alumnado a oportunidade de participar activamente na discusión.

4) *Dividir a clase en subgrupos heteroxéneos.* O procedemento máis habitual para lograr que todo o alumnado participe na discusión consiste en: 1/ propoñela primeiro a toda a clase, o que permite coñecer os distintos puntos de vista que existen sobre o tema; 2/ formar despois pequenos grupos de discusión (de 4 a 6 persoas) heteroxéneos respecto á perspectiva no problema que discuten, para favorecer así a aparición de discrepancias e a participación activa de cada un deles; 3/ e por último, volver propoñer o tema nunha discusión colectiva, na que cada voceiro expón as conclusións do seu grupo así como os principais argumentos esgrimidos.

5) *Estimular o proceso de adopción de perspectivas,* pedindo sucesivamente a cada un dos alumnos que represente a perspectiva contraria á súa tratando de convencer os demais e utilizando estratexias de cuestionamento.

6) *Relacionar a discusión coa vida real do alumnado e proporcionar experiencias que permitan pór en práctica o discutido*, a través, por exemplo, da aprendizaxe cooperativa, as experiencias de responsabilidade e a democracia participativa.

*Obxectivos:* este procedemento é de grande eficacia para favorecer as seguintes capacidades:

1) Comunicación e razoamento.
2) Integración no grupo clase.
3) Tolerancia cara a outros puntos de vista.
4) Adopción de perspectivas e desenvolvemento moral.

Capacidades necesarias para outros procedementos de superior dificultade.

---

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.

## PAUTAS DE APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE "APRENDIZAXE COOPERATIVA"

1) Formación de equipos de aprendizaxe cooperativa heteroxéneos (en xénero, nivel de rendemento, estructura de razoamento socio-moral, actitude cara á diversidade....) estimulando a interdependencia positiva.

2) División do material en tantas seccións ou especialidades como membros ten cada equipo.

3) Cada membro dun equipo desenvolve a súa sección en *grupos de expertos* con membros doutros equipos que teñen a mesma especialidade. O profesorado anima e asesora a elaboración dun plan que favoreza un adecuado desempeño na tarefa encomendada, utilizando diversos materiais e fontes de información. Estes grupos de expertos seguen con frecuencia unha metodoloxía semellante á de determinadas actividades profesionais (socioloxía, xornalismo, política...).

4) Integración do traballo dos expertos nos equipos de aprendizaxe cooperativa de xeito que cada equipo reciba toda a información que neses grupos de expertos se elaborou.

5) É moi importante que a avaliación dos resultados obtidos sexa coherente cos obxectivos e que o alumnado a considere xusta. Unha posibilidade para conseguilo é avaliar desde unha dobre perspectiva:

   - Polo grupo de expertos co que investigou, avaliando a calidade do producto global desenvolvido.
   - Polo grupo de aprendizaxe cooperativa, ó que ensinou e do que aprendeu. Avaliación que se calcula sumando o rendemento individual de cada un dos seus membros.

*Obxectivos:* o procedemento descrito é de grande eficacia para os seguintes obxectivos:

1) Proporciona experiencias reais de cooperación, solidariedade e responsabilidade que favorecen a aprendizaxe das capacidades con elas relacionadas.
2) Mellora as relacións entre o alumnado así como a integración de todos no grupo da clase.
3) Ensina a empregar distintas fontes, estructurar e organizar a información.
4) Favorece unha aprendizaxe máis significativa da disciplina sobre a que se aplica e das diversas perspectivas e métodos científicos e/ou profesionais cos que se relaciona.

Mª JOSÉ DÍAZ AGUADO: Aprendizaxe cooperativa e experiencias de responsabilidade.







## Obxectivos xerais da área

*Coñecer e utilizar con actitude crítica os principais recursos musicais que ofrece a comunidade (concertos, bibliotecas, bailes,...) como medios para o lecer durante o tempo de ocio e tamén para o estudio.*

## Obxectivos da área en relación coa prevención de drogodependencias

Coñecer e utilizar con actitude crítica os principais recursos musicais que ofrece a comunidade (concertos, bibliotecas, bailes,...) como medios para o lecer durante o tempo de ocio **sen facer uso de drogas** e tamén para o estudio.



# xéneros e estilos

**Bloque de contidos:** A obra musical

**Obxectivos didácticos:**

- Establecer unha conexión entre dúas realidades separadas no tempo e no espacio: por unha parte o oínte actual, e por outra a obra, o seu autor e o contexto no que se produciu.
- Acadar unha capacitación que permita ó alumnado unha mellor comprensión da obra.
- Conseguir unha percepción global da obra musical, tendo en conta tanto os aspectos formais como aqueles que se refiren ó mundo das sensacións e dos sentimentos.

**Contidos:**

### Conceptos

- Clasificacións:
  - A música tradicional.
  - A ópera. A zarzuela.
  - A música comercial.
  - A obra musical como proposta de comunicación entre o compositor e o público.

### Procedementos

- Audición global de obras representativas.
- Lectura e comentario de textos significativos referentes a obras e a autores estudiados ou traballados.
- Utilización de diversas fontes de documentación para a elaboración de traballos que sirvan **para previr o consumo abusivo de drogas**, e nos que se estableza unha relación entre determinadas obras musicais (autor e contexto) e a súa presencia na vida musical actual.

### Actitudes

- Interese por afondar no coñecemento das composicións musicais de distintos estilos.
- Interese pola participación activa nos comentarios e traballos relativos á análise da música.
- Valoración dos distintos sentimentos e ideas que suscitan na nosa sociedade as obras do pasado e do presente.







## METODOLOXÍA

- Exposición das ideas previas por parte do alumnado.
- Aclaración de dúbidas e exposición do tema.
- Actividades individuais e colectivas.
- Corrección das actividades e conclusións.

## IDEAS PREVIAS

O alumnado pode comezar esta parte tratando cuestións como:

- ¿Cres que é necesario clasificar as manifestacións musicais?
- ¿Que tipos de música e xéneros musicais coñeces?
- ¿Con que tipo de música te identificas?

## EXPOSICIÓN DO TEMA

O profesorado pode facer unha exposición do tema cunha clasificación da música atendendo ós xéneros, ós estilos, etc. Simplificando, podemos diferenciar tres estilos: tradicional, clásico e comercial.

### A) A música tradicional

É a música máis abundante e a peor estudiada. Tamén se denomina música folclórica ou popular. As súas principais características son:

- *É música oral*. Non emprega a escrita e a súa transmisión vai de xeración en xeración.
- *É anónima e colectiva*. O autor é descoñecido e as pezas van variando coas sucesivas achegas introducidas ó longo da súa existencia.
- *Está vencellada ó contexto social*, ós rituais, ós ciclos da vida (Aninovo, Entroido, maios...), á vida rural que é a predominante na historia da humanidade.

### B) A música clásica

A música europea evolucionou cara a un estilo cun completo sistema de escrita. É un estilo elitista, propio das clases sociais máis cultivadas. A escrita musical é unha forma de conservación exclusivamente occidental. Dentro dela hai manifestacións moi heteroxéneas.

### C) A música comercial

Tamén recibe os nomes de *música moderna, lixeira* ou de *masas*. Está convertida nun producto de consumo e na primeira industria mundial do ocio.

Non é uniforme, podemos atopar: rock and roll, música pop, folk, disco, tecno, rap, bakalao, etc.

## ACTIVIDADES

### CARMINA BURANA

Este manuscrito contén unha ampla colección de obras líricas internacionais, sobre todo latinas, do século XI ó século XIII. A maior parte dos poemas é profana e pode ser descrita como poesía dos goliardos[1]. Ó lado de cancións satíricas que critican a súa epoca con violencia ou emoción, atópanse nos Carmina Burana cancións de amor, cancións sobre a primavera, cantos case inmorais.

Nestes manuscritos unha parte dos poemas está dotada de melodías anotadas por seis copistas diferentes. Posúen tanto melodías simples, populares, como outras moi refinadas.

AUDICIÓN 1

**CB 200**

**BACCHE BENE VENIES**

Versión orixinal dirixida por René Clemencic

*1. Bacche, bene venies gratus et optatus,*
*per quem noster animus fit letificatus.*

*Refrain: Istud vinum, bonum vinum,*
*vinum generosum,*
*reddit virum curialem, probum animosum.*

*Hec sunt vasa regia   quibus spoliatur*
*Ierusalem et regalis   Babylon ditatur.*
*Baccus fortis superans   pectora virorum*
*in amorem concitat   animos eorum*
*Bacchus sepe visitans   mulierum genus*
*facit eas subditas   tibi, o tu Venus.*
*Bacchus venas penetrans   calido liquore*
*facit eas igneas   Veneris ardore.*
*Bacchus lenis leniens   curas et dolores*
*confert iocum, gaudia,   risus et amores.*
*Bacchus mentem femine   solet hic lenire*
*cogit eam citius   viro consentire.*
*A qua prorsus coitum   nequit impetrare,*
*Bacchus illam facile   solet expugnare.*
*Bacchus numen faciens   hominem iocundum,*
*reddit eum pariter   doctum et facundum.*
*Bacchus, deus inclite,   comnes hic astantes*
*leti sumus munera   tua prelibantes.*
*Omnes tibi canimus   maxima preconia,*
*te laudantes merito   tempora per omnia.*

**BACO, BEN VIRÁS**

Baco, ben virás grato e desexado
ti, por quen o noso ánimo se volve alegre

Este viño, bo viño,
viño xeneroso,
Volve o home curial, o honrado animoso.

Estes son os vasos rexios dos que se expolía
Xerusalén, e cos que se enriquece a real
/Babilonia.
Oh, forte Baco vencendo os peitos dos homes.
chama o amor as súas almas.
Baco a miúdo visitando a raza das mulleres
Fainas sumisas a ti, ¡oh ti, Venus!
Baco penetrando as veas co cálido licor
fainas ardentes co ardor de Venus.
Oh, brando Baco amolecendo as preocupacións
/e as dores
trae diversión, alegrías, risos e amores.
Baco adoita amolecer aquí a mente da muller,
e faina apousentarse máis cerca do home.
A aquela da que non se pode obter de primeiras
/o coito
Baco adoita dominala facilmente
Baco, divindade poñendo alegre o home
Vólveo por igual docto e elocuente.

### CUESTIÓNS

1. Elabora unha lista dos tópicos sobre o alcohol que aparecen neste texto.
2. Engade outros tópicos que ti escoitases e que non estean no texto. Comentádeos.

[1] Quizais proveña o nome de goliardos de Goliath, polo tipo de vicio, do latín "gula".







AUDICIÓN 2

## CB 196
## IN TABERNA.

Versión orixinal dirixida por René Clemencic

1. In taberna quando sumus,
non curamus, quid sit humus,
sed ad ludum properamus,
cui semper insudamus.
Quid agatur in taberna,
ubi nummus est pincerna,
hoc est opus, ut queratur,
sed quid loquar, audiatur.
2. Quidam ludunt, quidam bibunt,
quidam indiscrete vivunt.
Sed in ludo qui morantur,
ex his quidam denudantur;
quidam ibi vestiuntur,
quidam saccis induuntur,
ibi nullus timet mortem,
sed pro Baccho mittunt sortem.

3. Primo pro nummata vini;
ex hac bibunt libertini.
Semel bibunt pro captivis,
post hec bibunt ter pro vivis,
quater pro Christianis cunctis,
quinquies pro fidelibus defunctis,
sexies pro sororibus vanis,
septies pro militibus silvanis.
4. Octies pro fratribus perversis,
novies pro monachis dispersis,
decies pro navigantibus,
undecies pro discordantibus,
duodecies pro penitentibus,
tredecies pro iter agentibus.
Tam pro papa quam pro rege
bibunt omnes sine lege.
5. Bibit hera, bibit herus,
bibit miles, bibit clerus,
bibit ille, bibit illa,
bibit servus cum ancilla,
bibit velox, bibit piger,
bibit albus, bibit niger,
bibit constans, bibit vagus,
bibit rudis, bibit magus.
6. Bibit pauper et egrotus,
bibit exul et ignotus,
bibit puer, bibit canus,
bibit presul et decanus,
bibit soror, bibit frater,
bibit anus, bibit mater,
bibit ista, bibit ille,
bibunt centum, bibunt mille.

1. Cando estamos na taberna
non falamos da tumba,
pero dedicámonos ó xogo
que nos quenta sempre.
O que ocorre na taberna,
cando o escudeiro trae o viño
paga a pena ser escoitado.
Escoitade isto:
2. Uns xogan, outros beben,
outros amósanse desvergonzados.
Pero quen permanece no xogo
máis dun é desprumado
máis dun gaña un traxe.
algúns vístense de sacos.
pero ninguén teme a morte,
senón que é por Baco polo que
axitan os dados.
3. Primeiro polo que paga o gasto;
é o pobo quen o bebe,
unha vez polos cativos,
tres veces polos que viven,
catro veces pola Cristiandade
cinco veces polos fieis defuntos,
seis veces polas irmás libertinas,
sete veces polos ladróns.
4. Oito veces polos irmáns descarriados,
nove polos monxes dispersos,
dez veces polos mariñeiros,
once polos que viven na discordia,
doce veces polos penitentes,
trece veces polos que viaxan.
Tanto á saúde do Papa, coma á do rei,
todos beben sen conta.
5. Bebe a ama, bebe o amo,
bebe o cabaleiro, bebe o clero,
bebe este e bebe aquela,
bebe o criado, bebe a criada,
bebe o áxil e o preguiceiro,
bebe o loiro, bebe o moreno,
bebe o sedentario e o viaxeiro,
bebe o tolo, bebe o serio.
6. Bebe o pobre, bebe o enfermo,
bebe o desterrado e o descoñecido,
bebe o neno, bebe o calvo,
bebe o bispo e o decano,
bebe a irmá, bebe o irmán,
bebe a avoa, bebe a nai,
bebe esta, bebe aquel,
beben cen, beben mil.

7. Parum durant sex nummate,
ubi ipsi immoderate
bibunt omnes sine meta.
Quamvis bibant mente leta,
sic nos rodunt omnes gentes,
et sic erimus egentes.
Qui nos rodunt, confundantur
et cum iustis non scribantur.

7. Seiscentos ducados sería pouco
se todos bebesen sen medida.
A quen bebe alegremente
toda a xente o critica,
e así nos empobrecen.

Que caian os que nos inxurian
para que non sexan inscritos
no libro dos Xustos.

## CUESTIÓNS:

1. Como entendes ti o texto, ¿como un eloxio á bebida ou como unha crítica á xente que bebe sen medida?
2. Neste poema do orixinario CARMINA BURANA aparecen distintas personaxes. Poderías facer unha clasificación atendendo ós comportamentos: aqueles nos que está xustificado o abuso na bebida e aqueles nos que non está ben visto que beban.
3. ¿Cal é o criterio que utilizaches para facer a clasificación anterior?

- Un criterio moral
- Un código de conducta.
- Normas sociais.
- Outros.




AUDICIÓN 3

Escoitaremos agora a versión feita polo compositor e pedagogo Carl Orff (Munich, 1895-1982). Carl Off pon música a vintecinco dos poemas atopados no mosteiro benedictino. A obra, unha *cantata escénica,* recibe o mesmo nome CARMINA BURANA e estreouse en Frankfurt no ano 1937.

## CUESTIÓNS

1. Se comparas os dous tipos de música dos CARMINA BURANA, ¿notas algunha diferencia?

   ¿Distingues o uso de instrumentos medievais e de instrumentos do século XX?

   ¿Serías capaz de describir a música que Carl Orff pon a este poema?

## A ÓPERA

É unha forma musical de tipo narrativo que nace no Barroco. É unha obra dramática musical na que os seus actores cantan unha das súas partes ou todas. Na ópera únense música, drama e espectáculo. Nela a música desempeña o papel máis importante.

*La Traviata* é a terceira das grandes obras que deron fama universal a Giuseppe Verdi. Nela fai algunhas innovacións tanto na forma externa da historia que narra como na maneira de articulala musicalmente. Perde importancia a *obertura*, aumenta o número de personaxes facendo intervir tantas cantas persoas sexan necesarias, e dá un carácter máis continuo á música.

O libreto[2] é de Francesco Maria Piave e baseouse no argumento de *A dama das camelias*, novela de Alexandre Dumas que se publicara en París en 1848.

A obra, que se desenvolve en tres ou catro actos, narra a vida amorosa de Violetta Valéry, fermosa cortesá do mundo parisiense. Violetta coñece nunha festa o mozo Alfredo Germont, quen lle confesa o amor que sente por ela. Dubida entre marchar con el ou continuar a súa vida de cortesá que a axuda a esquecer a súa enfermidade, a tuberculose. Violetta marcha con Alfredo a unha casa de campo e o pai deste preséntase para pedirlle á moza que deixe o seu fillo. Ela rompe con Alfredo e marcha. Ámbolos dous coinciden nunha festa e Alfredo bate co barón Douphol, protector de Violetta. Alfredo fere a Douphon e ten que fuxir. Volta a París cando coñece que Violetta está a morrer e que fora o seu pai o promotor da súa ruptura.

A escena de *Il Brindisi* pertence ó acto I de *La Traviata*; é o primeiro número importante da partitura e un dos máis populares. É un valse, recurso que se utilizou a miúdo na ópera italiana. O Brinde é cantado primeiro por Alfredo, quen se supón que improvisa, e despois polo coro e por Violeta, con repetición de todo o tema.



A escena do Brinde, acto I de *La traviata*

[2] Libreto. Nome que se lle dá ó texto dunha ópera ou dun oratorio.

## AUDICIÓN 4

**Autor**: GIUSEPPE VERDI.
**Obra**: *La Traviata*
**Escena**: *Il brindisi*

**Alfredo.**Libiamo ne`lieti calici
che la bellezza infiora,
e la fuggevol`ora
s`inebrii a voluttà.
Libiem ne dolci fremiti
che suscita l`amore,
poichè quell`occhio a core
onnipotente va.
Libiamo; amore fra`calici
più caldi baci avrà

**Todos**. Ah! Libiam; amore fra
calici più caldi baci avrà.

**Violetta**. Tra voi saprò dividere
il tempo mio giocondo;
tutto è follia nel mondo
ciò que non è piacer.
Godiam, fugace e rapido
è il gaudio dell`amore;
è un fior che nasce e muore
nè più si puo goder!
Ah! Godiamo; c`invita un fervido
accento lusinghier.

**Todos**. Ah! Godiamo, la tazza e il
cantico la notte abbella e il riso;
in questo paradiso
ne scopra il nuovo dì.

**Alfredo**. Bebamos nos alegres cálices
que fan florecer a beleza,
e a hora fuxidía
embriaguese voluptuosamente.
Bebamos co doce estremecemento
que o amor suscita,
posto que eses ollos van
directamente ao corazón.
Bebamos: o amor entre os cálices
máis cálidos beixos obterá.

**Todos**. Ah! Bebamos, o amor entre
os cálices máis cálidos beixos obterá.

**Violetta.** Con vós saberei compartir
o meu tempo de diversión;
no mundo todo é tolemia
se non é pracer.
Gocemos, fugaz e rápido
é o disfrute do amor;
é unha flor que nace e morre,
e xa non pode gozarse máis.
Ah!, gocemos; invítanos a iso
un fervente e lisonxeiro son.

**Todos**. Ah! Gocemos; a copa e o cántico
e o riso adornan a noite;
neste paraíso
descubriranos o novo día.

## CUESTIÓNS

1. ¿Xa coñecías esta música? ¿sabías que era unha ópera de G. Verdi?
2. ¿Como describirías musicalmente o que escoitaches?
3. ¿Que características lle atribúen á bebida os protagonistas deste brindes?
4. ¿Ti estás de acordo?
5. ¿É certo que bébedo gozas máis?







## A ZARZUELA

É o xénero lírico español por excelencia. É unha forma de teatro musical na que alternan escenas faladas e cantadas. O seu nome deriva do lugar onde se empezou a representar, pavillón de caza do Palacio da Zarzuela.

| ZARZUELA | | |
|---|---|---|
| | Zarzuela antiga (s. XVII): orixes | |
| | Zarzuela moderna (s.XIX): | xénero grande |
| | | xénero chico |

**Xénero grande**

- Tres actos precedidos dun preludio.
- Frecuente uso de coros.
- Predominio do texto cantado sobre o falado.
- Temas de carácter histórico español.

**Xénero chico**

- Un acto composto por catro ou cinco números musicais.
- Menor presencia de números corais.
- Predominio do texto declamado sobre o cantado.
- Temática popular e sobre asuntos cotiáns.
- Número reducido de personaxes.

*La Verbena de la Paloma* é unha das obras máis representativas do xénero zarzuela. Foi escrita por **Tomás Bretón** (1850-1923).

Esta obra está inspirada nun feito real. Un mozo provoca un escándalo nunha festa popular porque a súa moza fora acompañada por un vello.

A acción transcorre a noite da Virxe da Paloma, 14 de agosto, festa moi popular en Madrid. Xulián é un mozo empregado dunha imprenta que está namorado de Susana. Esta vive coa súa irmá Casta e coa súa tía Antonia.




No barrio tamén vive don Hilarión, o boticario, un vello "verde" de setenta anos que protexe as dúas irmás e coquetea con elas. Isto pon moi ciumento a Xulián quen vai provocar un escándalo na noite da verbena.

**As coplas de don Hilarión** pertencen ó cadro primeiro do **Preludio**. Don Hilarión está sentado ante a porta da botica con Don Sebastián, comerciante do barrio, quen lle reprocha amigablemente as súas aventuras amorosas.

AUDICIÓN 5

**Obra**: *La Verbena de la Paloma*
**Escena***: Coplas de don Hilarión.*
**Autor:** Tomás Bretón.

(Introducción… case narrada)

HILARIÓN
Tiene razón Don Sebastián
tiene muchísima razón.
Mas si me gustan las hijas de Eva
¿qué he de hacer yo?
Nada me importa “el qué dirán”:
dejo la pública opinión
y si me encuentro como un muchacho
¿qué he de hacer yo? (bis)

(Estrofa melódica A)

Una morena y una rubia
hijas del pueblo de Madrid
me dan el **opio** con tal gracia
que no las puedo resistir.
Caigo en sus brazos ya dormido
y cuando llego a despertar,
siento un placer inexplicable
y un delicioso despertar

(Estrofa melódica B)

Ja, ja, ja ... y es que las dos (bis)
Ja, ja, ja...
Se deshacen por verme contento
esperando que llegue el momento
en que yo decida
cuál de las dos me gusta más.

Algo me cuestan mis chulapas,
pero la cosa es natural:
no han de salir a todas horas
con un vestido de percal.
Pero también algunas veces
se me ha ocurrido preguntar:
si me querrán estas chiquillas
por mi dinero nada más??
Pero, ¡ca!
Y es que las dos (bis)
se deshacen ..... (estribillo)

## CUESTIÓNS

1. Despois dunha introducción case narrada vén unha estrofa melódica, ¿podes dicir como continúan estas coplas de D. Hilarión?
2. En qué xénero de música o encadrarías:
   - ¿popular ou culta?
   - ¿instrumental ou vocal-instrumental?
3. Serías quen de dicir tres adxectivos que cualifiquen A VOZ que interpreta a Don Hilarión.
4. ¿Como calificarías a textura do fragmento escoitado?:
   - harmónica
   - melodía acompañada.
   - contrapuntística
   - outra
5. D. Hilarión fai referencia ó opio[3] que toma,
   - ¿que coñeces sobre esta droga?
   - ¿é fácil de atopar?
   - ¿é propia desta cultura?
   - ¿que consecuencias ten o seu consumo?

[3] Para saber máis sobre o **opio,** podemos engadir a lectura de O comercio do opio, do profesor Julio Gil Pecharromán e o texto de William Goldstone incluídos no material anexo.









# A MÚSICA COMERCIAL

## O ROCK

Nado na década dos cincuenta en Estados Unidos, popularizouse no ano 1956 entre os brancos con Elvis Presley, e no Estado español introduciuno Miguel Ríos. É o xénero musical que ten máis audiencia entre a xente nova. Trata diversidade de temas: o amor, o paro, a crítica social, etc. As súas letras combinan o propio co alleo.

En Galicia a principios dos anos noventa aparece o chamado **rock bravú**. A súa música mestura as raíces populares e o rock, e as súas letras están feitas en lingua galega.

AUDICIÓN 6

**Obra**: *Manolo Pescadilla*
**Grupo**: O caimán do río Tea.

Manolo Pescadilla trabállache no mar
ten case... trinta anos,
e non pasou de cabo no servicio militar.
Manolo xa está arriba
ás catro da mañán
saíndo coa chalana,
peinando coa mediana sobre a corrente do mar.
Manolo Pescadilla traballa como un can.
Un día de xornada
Manolo foi pescar
e flotando sobre a auga un fardo de marihuana
bailando polo mar.
Manolo Pescadilla todo foi empezar,
e xa trafica con heroína.
Manolo ten un Porsche con teléfono e fax
e xa nunca se levanta ás catro da mañá.
Manolo Pescadilla xa pasa de traballar.
Manolo Pescadilla xa se chama D. Manoel.
É un home moi honrado, xa non volverá pescar.

CUESTIÓNS:

1. ¿A que tipo de público lle gusta esta música?
2. ¿Que está en primeiro plano, a melodía ou o elemento rítmico?
3. Para os autores desta obra ¿que importancia ten que se entenda a letra?
4. ¿Onde encadrarías o tema que trata?
5. ¿Que características ten Manolo Pescadilla e cales D. Manoel?
6. ¿É así de fácil converterse en traficante de drogas?
7. Entre estar no PARO ou vivir do TRAPICHEO ¿que elixes? ¿por que?

## AUDICIÓN 7

**Obra**: *Exiliado en el lavabo*
**Grupo**: Estopa

Con la cabeza metida en el váter
debes llevar unas horas dormido sin aire
la última raya de coca ensuciaba un espejo volcado
y en el suelo gotas de sangre por que un grumo te ha cortado.
Dime cómo ves el mundo exiliado en cada lavabo
contando cada minuto, administrándote los gramos.
Dime cómo ves mi cara, desde tus ojos desquiciados.
Dime cómo huele el viento desde tu tabique blanco.
He venido a contarte que tu novia te ha dejado
que ya no le funcionas, que estás acabado,
me ha dicho que cuando te vea te dé un abrazo
creo que soy el único que sigue a tu lado
Dime cómo ves el mundo exiliado en cada lavabo
contando cada minuto, administrándote los gramos.
Dime cómo ves mi cara, desde tus ojos desquiciados.
Dime cómo huele el viento desde tu tabique blanco.
Anda, tira eso,
subámonos al tejado y cuenta,
cuéntame lo que quieras,
cuéntame que estás enganchado
y dime cómo ves el mundo
exiliado en el lavabo
exiliado en el lavabo...

### CUESTIÓNS

1. ¿Como describirías esta música?
2. ¿En que tipo de música a encaixarías?
3. ¿A quen se dirixe o emisor? ¿comparte a forma de actuar do receptor?
4. Se hai algunha diferencia na maneira de xestionar a vida, ¿a que se debe?
   - Diferencia de idade.
   - Medo a engancharse ás drogas.
   - Distintos criterios
5. ¿Con quen te identificas?
6. ¿A **coca** crea adicción?[4]
7. ¿Cales pensas que son as razóns que levan a tanta xente nova a engancharse?

[4] Pódese consultar o material anexo sobre **a coca e a cocaína**. Tamén se pode proxectar o vídeo sobre a elaboración da cocaína.







AUDICIÓN 8

**Obra**: *Poquito a poco*
**Grupo**: Estopa

Hay una puerta entreabierta
entre tu boca y la mía
hay una palabra muerta
una mirada vacía.
Hay un silencio que mata
una escalera que sube
y una duda que me baja
y una cabeza en las nubes.
Lo reconozco
fumo porros a diario
me fumo uno y es como poner la radio
pero por dentro de mi amarga cabeza
siempre tan sola y tan llena de tristeza
me salen las canciones que a mi más me molan
las musiquillas que a mi más me motivan
las amarguras se vuelven amapolas
y las tristezas me alegran la vida
Anda dame que fume
porque me siento solo
dame de fumar
porque no quiero estar triste ¡NO!
Calada a calada, porrito a porro
se desnuda el aire y la luna se viste
una garganta se rompe
al filo de la mañana
ya hay luz en el horizonte
va a explotar la madrugada.
Hay un espejo que cuenta
la cruel verdad a la cara.
Huele a viento de tormenta
y hasta hay un gato que ladra.

CUESTIÓNS:

1. Nesta canción o autor fai as seguintes afirmacións:

   *"Anda dame que fume / porque me siento solo*
   *dame de fumar / porque no quiero estar triste"*

   ¿Pode un porro facer desaparecer a sensación de soidade?

2. Para o autor *fumar uno....y las amarguras se vuelven amapolas y las tristezas me alegran la vida*

   ¿Que alternativas darías a alguén que necesitase **fumar porros** para alegrar a súa vida?

3. ¿Como son esas *musiquillas que a* TI *máis te motivan*? ¿por que?

AUDICIÓN 9

**Obra**: *Cannabis*
**Disco**: *El vals del obrero*
**Grupo**: Ska-p

...Y saco un papelillo, me preparo un cigarrillo
y una china pal canuto de hachís ¡HACHÍS!
Saca ya la china, "tron" ¡Venga ya esa china, "tron"!
Quémame la china "tron" ¡NO HAY CHINAS!
Saco un papelillo...
No hay chinas, no hay chinas hoy BIS
No hay chinas, no hay chinas hoy.
Legalegalización ¡CANNABIS!
De calidad y barato
Legalegalización ¡CANNABIS!
Basta de prohibición.
Ni en Chueca, en La Latina, no hay en Tirso de Molina
ni en Vallekas ni siquiera en Chamberí ¡HACHÍS!
Yo quiero una china "tron", dame esa china "tron"
saca ya la china "tron" ¡NO HAY CHINA!
Sin cortarme un pelo, yo quiero mi caramelo
voy corriendo buscando a mi amigo Alí ¡Alí!
Pásame una china "tron", yo quiero una china "tron"
una posturita "tron"
"No chinas, no chinas hoy"
¡NO CHINAS, NO CHINAS HOY!
Legalegalización....
¡CANNABIS, CANNABIS, CANNABIS!
Legalegalización
Yo te quiero Marihuana...
¡LEGALIZA, LEGALIZA! ¡LE-GA-LI-ZA-CIÓN!
¡Basta ya de hipocresía! ¡LE-GA-LI-ZA-CIÓN!
¡LE-GA-LI-ZA-CIÓN!

## CUESTIÓNS

1. ¿Que é un valse? ¿diferénciase musicalmente este *Vals del obrero* a un valse da elite?
2. O alumnado dividido en grupos debaterá PROS e CONTRAS da **Legalización das drogas**[5]

[5] No material anexo inclúese información sobre a **legalización das drogas.**







# A primeira guerra do opio

## O comercio do opio

Gran Bretaña era o principal socio comercial dos mercadores *hong* chineses. A súa Compañía das Indias Orientais principiara os negocios en China en 1699, e as súas compras non fixeran senón crecer dende entón. Pero non así as vendas da súa factoría de Cantón. China era unha saída natural para o comercio indio, que monopolizaba a compañía.

Unha forma de penetración foi o tráfico de opio, que os británicos copiaron dos portugueses de Goa. A durmideira cultivábase en Bengala, Malwa e outras zonas da India e procesábase en Patna, Calcuta e Bombai, en factorías da Compañía de Indias, que adquirira o monopolio do producto en 1773.

O opio era mercado por comerciantes británicos que operaban en Cantón, como William Jardine e James Matheson, que se encargaban de transportalo a China. Os seus socios chineses do *cohong* distribuíano logo no interior do país a través dunha decena de portos. Os contrabandistas norteamericanos, cunha participación máis modesta no tráfico, non tiñan acceso ó opio indio, polo que mercaban o seu en Persia e Turquía.

A droga era coñecida en China dende antigo polos seus valores medicinais. Pero os seus devastadores efectos sobre os fumadores non foran previstos polas autoridades, que se viron enfrontadas bruscamente a un problema que afectaba á orde moral e económica do país. Dende 1796, o goberno Quing dictou os seus sucesivos decretos prohibindo o tráfico e consumo de opio, pero non obtivo os resultados agardados. Os beneficios eran tales que os traficantes estranxeiros e nativos estaban dispostos a correr tódolos riscos. Na primeira metade do século XIX a entrada de caixas (*) de opio multiplicouse por oito (ver gráfico 2), favorecida pola corrupción de moitos funcionarios encargados da represión do tráfico.

Os efectos do contrabando da droga sobre a sociedade chinesa foron profundos e contribuíron a agravar a crise do sistema.

A adicción ó producto, que en principio só afectou ós terratenentes, comerciantes e altos funcionarios, terminou por implicar a tódalas capas da poboación. Unha estatística de 1835 fala de dous millóns de fumadores. Os seus efectos sobre a balanza comercial chinesa, negativa dende 1825, foron espectaculares. Nun só ano, 1839, os comerciantes británicos sacaron prata de China por valor de un millón de taels (**) –máis do dobre da renda do Estado–, o que compensaba abondo a súa compra de té e artigos de luxo. Nese ano o opio representaba o 57 por 100 das importacións chinesas. Nas dúas décadas que precederon á primeira guerra do opio, o tráfico sacou do país unha quinta parte da prata en circulación, o que provocou a súa revalorización e unha paralela desvalorización da *sapeca* de cobre, que afectou duramente ás economías populares. Unha onza de prata, que en 1779 valía 880 sapecas, custaba preto de 3.000 en 1822. Artesáns e campesiños, que pagaban gran parte dos seus impostos en prata, viron medrar enormemente as cargas fiscais, mentres o goberno se vía incapaz de evitar a saída do metal cara a Inglaterra e Estados Unidos.

O problema afectou tamén á moral pública. Aduaneiros e funcionarios provinciais eran subornados en masa polos traficantes ou integrábanse nas redes de contrabando. A adicción matou ou arruinou moitos artesáns e mercadores, e diminuíu a capacidade de numerosos funcionarios civís e militares, xa que os seus salarios non abondaban para manter o consumo da droga.

O problema acadou tales proporcións que as autoridades manchúes decidiron expulsar de Cantón os traficantes de opio en 1821. Pero estes desprazaron os seus almacéns á veciña illa de Lintín e a buques ancorados en alta mar, e mediante embarcacións lixeiras e rápidas –que ás veces eran as propias patrulleiras encargadas de reprimir as súas actividades– continuaron alimentando un florecente comercio a través dos portos das provincias de Guangdong e de Fujian.

En 1834 o Parlamento británico atendeu as queixas dos industriais e suprimiu o monopolio da Compañía de Indias no comercio de China, declarándoo aberto.

Cando en xaneiro de 1840 o goberno imperial decidiu pechar Cantón ó comercio británico, a guerra fixose inevitable.

(*) A caixa era a medida empregada no comercio de opio. O seu peso variaba entre 60 e 72 Kg.

(**) O tael ou onza chinesa equivalía a uns 38 gramos, pero non circulaba como moeda, senón que se aplicaba o seu valor a lingotes de prata sen fundir.

**Julio Gil Pecharromán**

Profesor de Historia Contemporánea. UNED

## Información para o/a docente:

Como nas actividades anteriores, o obxectivo fundamental que nos formulamos é ofrecerlle ó alumno información (neste caso é sobre a guerra do opio) co fin de que reflexione sobre os grandes intereses económicos que moven o tráfico de drogas, antepoñéndose á moral, ideoloxía ou sentido da saúde pública.

A partir deste material pódese abrir un debate sobre legalización ou ilegalización da droga.

Pensamos que pode ser clarificador este texto de WILLIAM GOLDSTONE denunciando a guerra do opio no parlamento británico en 1840:

¿ACASO sabe (Macaulay, ministro da guerra) que todo o opio que se introduce de contrabando en China procede exclusivamente dos portos británicos, é dicir, que se produce en Bengala e chega a China a través de Bombai? ¿Sabe que non se require ningún servicio preventivo para terminar con este comercio ilegal? O único que temos que facer é deter o tráfico dos veleiros contrabandistas..., é un feito incontestable que se detemos as exportacións de opio de Bengala e terminamos cos depósitos de Lintín e vixiamos de preto os cultivos de opio en Malwa e colocamos un estigma moral nesa droga, conseguiremos diminuír sensiblemente o contrabando e quizais acabar con el para sempre.

Pedíronvos que abandonarades o voso comercio ilícito, baseado no contrabando. Cando se decataron de que non estabades dispostos a facer o que se vos pedía, actuaron con pleno dereito ó intentar afastarvos das súas costas a causa da vosa obstinación en persistir con ...

Memorial do gobernador de Xiangsu ó emperador. Cit. en E. Swisher, *"China's Management of the American Barbarians"*







# A coca e a cocaína

## / A coca

Polo que se sabe, o uso ritual e mesmo terapéutico da mastigación de follas de coca (*Erythroxylon coca*) remóntase ás culturas andinas, principalmente á cultura chibcha, que ocupaba o territorio da actual Colombia. Parece ser que os araucanos, expulsados de Colombia cos chibchas, exportaron a coca a Perú, onde unha tradición oral posterior atribuiría a introducción da coca ós fillos do Sol, Manco Cápac, fundador do mítico Imperio Inca, e á súa dona e irmá Mama Ocllo.

O que parece indubidable é que para todas aqueles culturas a coca era moi importante, como o demostran as continuas e cruentas guerras que tiveron lugar entre os anos 1920 e 1935 pola posesión das terras aptas para o cultivo da planta.

A coca era para os incas unha substancia sacralizada e usada ritualmente en cerimonias relixiosas, á que só tiñan acceso as clases dirixentes e coa que se premiaban determinados servicios extraordinarios. A chegada dos españois trastocou todo o sistema. Nun primeiro momento, e igual que acontecera co peyote ou o mescal en México, os conquistadores intentaron prohibir o seu uso, pero pronto se decataron de que a mastigación das follas de coca reducía a fame e aumentaba temporalmente a forza e a resistencia dos indíxenas no traballo. As follas de coca trituradas con cal, que ten a propiedade de aumentar a solubilidade dos alcaloides da planta na saliva, liberan a cocaína, un principio activo que nun primeiro momento anestesia mesmo a lingua para que o mascador non note o sabor amargo da droga, e despois actúa sobre a mucosa estomacal anulando a sensación de fame; posteriormente, o líquido é absorbido, pasa ó sangue e de alí ó cerebro, ó que estimula ata provocar no individuo benestar xeral e ausencia de cansazo físico.

## / A cocaína

A historia da coca comezou o seu segundo capítulo cando, entre 1855 e 1858, A. Nieman e Friedrich Wolter conseguiron illar das follas da planta un alcaloide ó que chamaron *cocaína* (antes, en 1855, Gaderke extraera o *erythroxyton*).

En 1858 K. Anrep fixo algúns experimentos de utilización médica do novo producto, pero non foi ata 1884 cando Karl Koller comezou a empregalo de xeito sistemático como anestésico, principalmente en operacións oftalmolóxicas, e para intentar curar a denominada "enfermidade do soldado", morfinomanía iatroxénica polo emprego inadecuado da morfina entre os feridos da guerra franco-prusiana (1870) e na guerra de Secesión americana.

Nun principio pensouse que a cocaína era inofensiva –o mesmo Freud insistía en 1885 na inocuidade do tratamento antidepresivo con cocaína–, pero pronto Lewin e o mesmo Freud denunciaron a terapia coa droga como creación dunha dobre toxicomanía, sen contar os perigosos accidentes que se produciron ó comezo por doses inadecuadas.

A preparación da cocaína é sinxela: abonda unha infusión de follas de coca precipitada con carbonato sódico, e unha posterior purificación para obtela en forma de po branco, cristalino e con lixeiro sabor a éter. Esta facilidade de síntese, engadida á súa forma de toma nasal, fixo que a cocaína se xeneralizase pronto en Europa, cun éxito comparable ó da heroína e maila morfina.

A cocaína comezou a facer estragos en Francia pouco antes da I Guerra Mundial (como os laboratoios productores se achaban en Alemaña, pronto houbo acusacións contra os prusianos de empregaren a cocaína para debilitar a moral dos exércitos franceses), especialmente en certos ambientes artísticos, entre a prostitución de luxo e, en xeral, no mundo dos baixos fondos.

As dúas contendas mundiais marcarían un certo descenso no consumo da droga, sobre todo pola dificultade de conseguila. A cocainomanía reapareceu, aínda que con outras características, en Estados Unidos na década 1960-1970, convertida na droga do executivo e o "reforzo" en determinados momentos do *yonki*, é dicir, do heroinómano.



A perforación do tabique nasal, por mor da acción local vasoconstrictora do po da cocaína, é unha lesión característica dos adictos a esta droga

Freixa i Santfeliu: "*El fenómeno droga*". Ed. Salvat, pp. 18-21

*Remuíño de ideas: ¿é mellor a coca que outras drogas?*

**1**. *Compara a coca e a cocaína: diferencias de uso histórico e na actualidade, propiedades, efectos, connotacións culturais, etc.*

**2**. *Investiga:*
*Busca información na biblioteca sobre a cocaína, o seu consumo, o perfil do consumidor e as consecuencias negativas do seu uso.*
*Recompila datos na prensa alusivos ó consumo e tráfico de cocaína.*

**3**. *Debate: ¿é mellor a cocaína que outras drogas?*

## Información para o/a docente:

O alumno conta con dous textos sinxelos sobre a coca e a cocaína que lle permiten ver a evolución histórica do seu uso e establecer unha comparación entre as dúas substancias. Debe, ademais, durante uns días, recompilar notas de prensa e consultar as bibliotecas.

O profesor comeza con remuíño de ideas para coñecer as ideas preconcibidas que teñen. Logo trátase, a través da investigación e do debate, de desbotar a idea de que o consumo de cocaína é menos prexudicial, produce menos adicción e é apropiado para clases medias e altas.

Xuntamos información máis completa para o docente.

# Coca

O arbusto chamado en Perú da coca é unha planta que pode alcanzar dous metros longos de altura e adáptase a solos arxilosos, con temperaturas medias de 20 graos. Rende como 50 gramos de follas secas tres veces ó ano, e en cada hectárea cultívanse unhas 15.000 plantas. Como media, as follas conteñen un 1% de cocaína. A planta exerceu notable influxo sobre moitas culturas nativas e tratou de ser monopolizada polos incas para uso palaciano (como acontecería séculos despois na corte manchú co opio).

Tras un anatema inicial dos eclesiásticos, que tiñan por "apóstata" o consumo de coca, as rendas obtidas de taxar o tráfico fixeron reconsiderar á corte española; en 1573 o virrei Francisco de Toledo transforma a prohibición en gravame fiscal, decretando que un dezmo deste pase ás sés episcopais de Lima e Cuzco. Dende entón, a planta non deixa de gañar en prestixio gracias ó testemuño de viaxeiros, botánicos e terapeutas, ata o punto de se considerar un marabilloso tesouro da materia médica. A comezos de século, máis de cinco mil patentes farmacéuticas occidentais usan extracto de coca como ingrediente básico, entre os cales destacan os viños e licores do doutor Mariani (condecorado polo Vaticano porque tales productos "apoian o ascético retiro da Súa Santidade") e a Coca-Cola Co., que usa tan só un dos seus alcaloides (cocaína) reforzado con extracto de cola. Factores extrafarmacolóxicos –identificables finalmente coa prohibición da cocaína, que Estados Unidos decreta en 1914– someterán a planta a un proceso de satanización gradual; repasando a literatura científica sobre efectos psicofísicos, non se observan achados que modifiquen o establecido noutro tempo sobre as súas virtudes, pero xa non aparece nas farmacopeas como tesouro da materia médica.

Polo que respecta á poboación indíxena, o arbusto constitúe para bastantes un don de Pacha mama (a terra) ó ser humano, sen o que resultaría imposible soportar as penalidades do traballo e a desnutrición. As follas máscanse unidas a conzas vexetais, cunchas moídas ou cal, cousa inexplicable ata descubrirse que ese acompañamento libera os alcaloides e acelera a súa entrada na corrente sanguínea. Cando un neno aprendeu a mascar –cara ós oito anos– considérase que xa pode traballar. Tamén resulta interesante que a mastigación ocorra ante todo nos nativos máis humildes (57% de homes 43% de femias segundo unha enquisa), cunha porcentaxe sobre a poboación que se achegaba ó 11% dos adultos peruanos e bolivianos hai uns anos. Aínda que as mulleres indias tamén consomen, é costume entre elas considerar que o gusto do marido pola coca debe moderarse antes de lograr descendencia suficiente; noutras palabras, consideran o fármaco como unha especie de rival, e as tradicións masculinas tampouco desmenten semellante criterio, pois, ó seu xuízo, os primeiros anos de hábito aumentan a luxuria, pero co tempo vaise perdendo interese por esta orde de cousas.

Como teñen apuntado algúns investigadores, as follas de coca ocupan en certas culturas indíxenas actuais de Sudamérica un lugar complexo, que combina as funcións desempeñadas na nosa cultura polo café, o tabaco, a aspirina e o bicarbonato sódico. O único que falta nesta precisa enumeración de usos terapéuticos e festivos é o aspecto alimenticio, porque cen gramos de follas conteñen unha media de 305 calorías, 18,5 gr. de proteínas e 42,6 de carbohidratos, igual que a cantidade diaria recomendada pola OMS de calcio, ferro, fósforo, riboflavina e vitaminas A e E, con cantidades menores de vitamina C. Tras experimentos que pasaron do caracol a diversos monos, non se coñece aínda un animal que rexeite o consumo deste tónico, e tampouco sabemos de ningún que consuma sen moderación; as llamas e vicuñas, por exemplo, xamais superan a cantidade mastigada polo seu pastor ou dono. En xusta correspondencia, non sabemos de ningún pastor que excedera a dose precisa para soportar con eficacia a súa dura vida.

**A. Escohotado**, *"El libro de los venenos"*.

*Os andinos combateron o cansazo durante séculos mastigando as follas do arbusto da coca. Sen embargo, a "conquista" española alterou o seu carácter de substancia sacralizada e usada ritualmente. Á dereita, escena do Códice Matritense, de Fr. Bernardino de Sahagún, conservado na Biblioteca da Real Academia de la Historia, Madrid.*





*"El fenómeno de la droga". Ed. Salvat, px. 18*





**Información para o/a docente:**

# Cocaína

O principio psicoactivo da coca foi descuberto en 1859, mediante un procedemento que empregaba para a extracción alcohol, ácido sulfúrico, bicarbonato sódico e éter.

Pouco despois médicos e laboratorios recomendan xa a cocaína como "bo alimento para os nervios", para combater hábitos de alcohol, opio ou morfina, e mesmo concederlles "sempiterna vitalidade e fermosura" ás donas. Non se coñecera unha campaña promocional como o orquestrada por Merck, Parke Davis e outros fabricantes en todo o mundo; un dos lemas comerciais dicía: "non perda tempo, sexa feliz; se se sente pesimista, abatido, solicite cocaína".

Diversos escritos de Freud contribuíron decisivamente á popularidade do fármaco, xa que ata el ninguén estudiara con tanta minuciosidade a literatura científica. Cara a 1890, cando se descobre a posibilidade de inhalar a droga en po (previamente empregábase por vía subcutánea, intramuscular, intravenosa e oral), os usuarios pertencían a tódolos estratos sociais. Era corrente en reunións da alta sociedade, no mundo artístico e entre a clase media humilde. O seu emprego como anestésico local revolucionara a cirurxía menor (inaugurando a posibilidade de operar o ollo) non menos que a odontoloxía, e os consumidores máis regulares pertencían ó estamento terapéutico; en 1901, por exemplo, calcúlase que o 30% dos cocainómanos inveterados en Estados Unidos eran dentistas. Sen embargo, o que escandalizaba alí eran os consumidores bohemios e proletarios de clase baixa, así como a entusiasta acollida prestada ó producto por parte dos negros. Os líderes do movemento prohibicionista consideraban evidente que "incitaba á violación de brancas".

As medidas represivas, que comezan a ser eficaces cara ós anos trinta deste século, terán ó principio unha sorprendente aceptación. Sen embargo, empezaban entón a inundar o mercado as anfetaminas, estimulantes máis baratos e moito máis potentes. En canto comece a se restrinxir a circulación de anfetaminas –cara a principios dos anos setenta– estalará outra vez a popularidade da cocaína.

A cocaína é un tropano semellante estructuralmente ós alcoholoides das solanáceas alucinóxenas (bedallona, beleño, daturas, mandrágora), aínda que moi distinto pola súa acción fisiolóxica e psicolóxica. Na súa maneira habitual –o clorhidrato de cocaína– non resulta alterada pola luz e admite ben case calquera temperatura exterior, pero necesita ambientes secos, pois a humidade do aire fai que se disolva.

A teoría máis común para explicar os seus efectos supón que non libera reservas de certos neurotransmisores, como acontece coas anfetaminas, senón que impide a súa reabsorción unha vez liberados. Parece activar ante todo o sistema simpático, ó que se lle atribúe o mantemento do arganismo en estado de alerta para facer fronte a cambios externos; activa tamén o hipotálamo, centro ó que se lle atribúe a regulación do sono, temperatura do corpo e reaccións de cólera e medo.

A acción do fármaco aparece entre dous e cinco minutos despois de aspirar e prolóngase durante media hora longa antes de ir declinando. Se a dose foi moderada –e o suxeito non é alérxico–, os efectos poden dar lugar a unha expansión do ton psicofísico que pode facernos comunicativos e ata audaces, aínda dende o autocontrol. Sucesivas administracións non alterarán estas coordenadas, mentres o sistema nervioso evite verse abafado por unha excitación excesiva; semellante cousa delátana síntomas como calor e sudoración súbita, gran sequidade de boca, sensacións e agarrotamento muscular, rinchar involuntario de dentes, verborrea, fuga de ideas e irritabilidade difusa.

A inxección intravenosa de cocaína actúa, case instantaneamente, como un sentimento a cabalo entre o estupor e unha sobreabundancia sen perfís, unha ansiedade moi intensa, presaxiadora de prostración, que trata de combaterse con novas inxeccións. Pero o ritmo necesario para non caer pronto nun abatemento abisal, acompañado por convulsións e outros síntomas de hiperestimulación, faise imposible sen o concurso dalgunha droga sedante.

Por vías distintas á intravenosa provoca perda de peso, inestabilidade emocional, debilidade, inapetencia, impotencia, insomnio, delirio persecutorio e –a partir de certo punto– alucinacións terroríficas, con temas recorrentes como insectos que circulan baixo a pel; de feito, é tan incompatible cunha vida sa coma o alcoholismo.

**A. Escohotado,** *"El libro de los venenos"*, Madrid, 1990, pp. 129 e ss.

## O escritor Gabriel García Márquez é partidario de legalizar as drogas

### Contradiccións

García Márquez sinalou a contradicción de que nos Estados Unidos "abastécense a diario e sen problemas 20 millóns de adictos, o cal só é posible con redes de comercialización e distribución internas moitísimo máis grandes e eficaces".

García Márquez chamou a "agarrar dunha vez o touro polos cornos e centrarse nos diversos modos posibles de administrar a legalización, é dicir, poñerlle fin á guerra interesada, perniciosa e inútil que nos impuxeron países consumidores".

*La Voz de Galicia*

Os partidarios da non legalización empregan entre outros estes argumentos:

a) Que os efectos producidos por este tipo de drogas sexan menos daniños cós producidos por outras, consideradas como legais, non xustifica a necesidade dun maior control das segundas.

b) Ningún tipo de droga produce efectos beneficiosos no organismo, e mesmo as máis suaves poden producir prexuízos. Polo tanto, non hai razóns para a súa legalización.

c) A legalización, é dicir, a institucionalización da droga, faría que o seu consumo aumentase en gran medida, pois as grandes multinacionais entrarían nese fabuloso negocio; o aumento da publicidade e da oferta conseguiría efectos contrarios ós buscados.

d) Hai moitas persoas que se inician directamente con drogas "duras", polo que non está claro que a exclusividade das canles de oferta facilite o paso das "duras" ás "brandas".

**Freixa i Santfeliu,** *"El fenómeno droga"*

## ¿Ata cando coas drogas?

MIGUEL BAJO FERNANDEZ

A corrupción nas institucións por mor do narcotráfico aumentará, afirma o articulista, se non se adoptan medidas tendentes á legalización das drogas. E engade que unha política de persecución penal que cualifica de irracional contribúe a reforzar o que chama "diabólica trampa" da situación actual.

[...] E que non se diga que a liberalización aumentaría o consumo. Tense sinalado ata a saciedade por sociólogos, psicólogos e estudiosos do comportamento colectivo que o consumo de drogas ten o seu caldo de cultivo na ilegalidade e clandestinidade porque se fomenta, así, o comportamento rebelde dos mozos. A legalidade sometería a un control máis eficaz o propio producto, podendo promocionar actitudes positivas dos rapaces e fomentando, deste xeito, o seu sentido da autonomía e a responsabilidade. E non engrosarán as estatísticas penitenciarias, nin morrerán asasinados polo ánimo de lucro da adulteración, ou consumidos lentamente pola sida ou a hepatite. ¿Non abondou a experiencia da lei seca americana, que estivo a piques de corromper os cimentos daquela exemplar democracia? Primeiro foron os gardas, mañá serán os funcionarios de prisións, os xuíces, os políticos... ¿Ata cando?

*El País*

## Mesa redonda: ¿deben legalizarse as drogas?

1. *Distribuír o material fotocopiado ós alumnos*
2. *Dividir a clase segundo as posturas a defender*
3. *Elección dos alumnos que participarán no debate*
4. *Cada grupo preparará o seu representante para a defensa do punto de vista que lle corresponda. O mestre deberá fixar o tempo que considere oportuno.*
5. *Noméase un moderador. As súas funcións serán as seguintes:*

   *Conceder a palabra*

   *Controlar os tempos de intervención*

   *Fará unha síntese dos argumentos expostos polas distintas partes.*
6. *Ábrese unha quenda libre de palabras onde se contrapoñan as distintas posturas.*
7. *Votación de toda a clase*
8. *Reconto e resultado*







## ¿Deben legalizarse as drogas?

**Información para o/a docente:**

Con esta actividade preténdese que os alumnos:
- Sexan capaces de formar un xuízo propio, mediante a reflexión, a análise e a crítica sobre a posibilidade ou non de legalizar as drogas.
- Que saiban escoitar e partipar adecuadamente, integrando os distintos puntos de vista das dúas partes.

### ¿Legalizar ou non legalizar?: un difícil problema

Un dos temas máis espiñentos da polémica sobre legalización ou non legalización de determinadas drogas denominadas "brandas", como o haxix ou a marihuana, é dilucidar se constitúen taxativamente un paso cara ó consumo doutras substancias consideradas máis perigosas.

• Os *partidarios da legalización* aducen ó seu favor puntos moi heteroxéneos:

a) Este tipo de drogas consideradas ilegais son menos perigosas ca outras que, como o alcohol, son fáciles de conseguir ó non estaren penalizadas.

b) O motivo polo que moitos adolescentes se introducen no mundo da droga é, precisamante, o seu carácter de algo prohibido. Se non existira este "atractivo" gran parte dos mozos deixarían de interesarse por elas.

c) A clandestinidade do comercio favorece o ascenso dos prezos e forza o toxicómano ó roubo para abastecerse.

d) A legalización eliminaría ese tráfico e, tendo en conta que son precisamente os mesmos individuos os que trafican con drogas "brandas" e "duras", impediría en gran medida o consumo de substancias máis fortes, ó ofrecérense ámbalas dúas en ambientes diferentes.

• *Os partidarios da non legalización* utilizan entre outros estes argumentos:

a) Que os efectos producidos por este tipo de drogas sexan menos daniños cós producidos por outras, consideradas como legais, non xustifica a necesidade dun maior control das segundas.

b) Ningún tipo de droga produce efectos beneficiosos no organismo, e mesmo as máis suaves poden producir prexuízos. Polo tanto, non hai razóns para a súa legalización.

c) A legalización, é dicir, a institucionalización da droga, faría que o seu consumo aumentase en gran medida, pois as grandes multinacionais entrarían nese fabuloso negocio; o aumento da publicidade e da oferta conseguiría efectos contrarios ós buscados.

d) Hai moitas persoas que se inician directamente con drogas "duras", polo que non está claro que a exclusividade das canles de oferta facilite o paso das "duras" ás "brandas".

Freixa i Santfeliu, "El fenómeno droga"

## Actividade 3

Chámome Xoán, teño quince anos e axiña vou cumprir os dezaseis.

[...]

O primeiro porro non o paguei, ofrecéronmo. Como se trataba de amigos, invitáronme eles. Ó principio é sempre así: ofrécenchos e ti probas, que sei eu porqué, por simple curiosidade, por non dicir que non, por ***covardía*** ou simplemente porque queres ser un máis nun ***grupo***. Logo resulta ser un ***vicio***, probaches e segues, xa non es capaz de parar. É un vicio como calquera outro, un vicio caro. O primeiro porro dancho gratis para esperta-lo vicio, despois ter que merca-la droga. Aí está o negocio. E ti sen decatarte xa estás no allo. Non o deixas máis. ***Fumas***, gústache, ***empezas a rir***, cousas destas; pasa tamén coas pastillas, sénteste estupendamente, aínda que as pastillas para min non son grande cousa, non o paso tan ben como fumando. Probei varias clases de pastillas, non me convencen, non é cousa do outro mundo, como tampouco me gustaron uns calmantes que me deron. Cómelos, despois ***tes que beber***, quéimanche o estómago, ***desfanche*** todo o ***corpo***. Se me ves a min, xa non teño moito corpo, pois acaban comigo.

[...]

Coñezo moita xente que me podía dar para vender coca por aí na vila. O que pasa é que non me gusta, porque calquera día cóllente e pum, o que che cae enriba, non o quero nin pensar. ***Desgraciadamente*** non me vai quedar outra alternativa. Se saio agora do colexio e non atopo ningún traballo, seguro que ando por aí vendendo, é o único que podo facer para gañar algo.

[...]

Penso que a droga é un feito que hai que aceptar dunha vez por todas. Non ten remedio nin volta atrás. Se se ***vendese*** nas farmacias ou noutros establecementos abertamente a calquera ***persoa*** que a quixese mercar, non ***cambiaría*** nada. Unicamente cambiaría a garantía da ***mercadoría***. Agora existe xente que, para gañar máis, se dedica a alterar, por exemplo, o haxix; engádenlle colonia e cousas desas. Na venda aberta e controlada eliminaríanse estas impurezas, que son moi ***perigosas***; é do que logo morre a xente. Para os ***traficantes*** sería malo, acabaría co negocio deles.

Non sei o que vai facer esta xente, se dun día a outro lles quitan o modo de gañar a vida. Entón si, o único que lles queda é roubar, quitarlle os cartos á xente pola forza. Hai moitos que o están facendo xa. Non todos son malos, non creas. Non teñen traballo, non teñen cartos, ¿de que van vivir? Xa me contarás. É unha cadea sen final.

Eu desde estas liñas quero facer un chamamento á sociedade, que tome o asunto en serio, que busque unha solución urxentemente.

¡Necesitamos traballo as persoas novas para ocupar o tempo en algo!

¡Necesitamos cartos, sen eles non se vai a ningures! A ***sociedade*** ten que decatarse de que os postos de traballo non son propiedade duns cantos privilexiados, que ó mellor teñen tres ou catro choios á vez.

Todos queremos traballo.

Úrsula Heinze, "Xente coma min", Santiago, 1989



Úrsula Heinze (Colonia, 1941) licenciouse en Filoloxía Xermánica na súa cidade natal, onde exerceu como catedrática de inglés e alemán. En 1968 veu vivir a Galicia. Ten realizado traduccións de autores como Heinrich Böll –"Y no dijo una sola palabra" (1972)– ou Michael Ende co "O ponche dos desexos", que recibiu o premio Ramón Cabanillas de traducción en 1991.

A súa obra narrativa, integramente en galego, abrangue dende coñecidos éxitos na literatura para nenos –"A casa da balconada", premio Merlín 1986– ata novelas como "O soño perdido de Elvira M." (1982), "Anaianci" (1989) e conxuntos de relatos como "Remuíños en coiro" (1984) ou "Confidencias" (1992).

Autora dos libros de entrevistas "Arredor da muller en 18 mundos" (1985) e "Mulleres" (1991), Úrsula Heinze é fundadora e presidenta dende 1991 do Pen Clube galego.



## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Alcohol | Depresor | | Deshibición, euforia, embriaguez, resaca | Oral | 4 horas | Dependencia física e psíquica, insomnio, amnesia, tremores, cefalea, gastrite, úlcera, arterioesclerose, cirrose hepática. | Líquido |
| Tabaco | Estimulante | | Lixeira sedación | Inhalado (fumado, mascado) | Momentáneo | Dependencia física e psíquica, farinxite, larinxites. Dificultades respiratorias, Enfermidade vascular periférica. Bronquite crónica. Enfisema pulmonar. Problemas cardíacos, cancro de pulmón | Cigarros, puros, picadura |
| Cannabis | Depresor Psicodisléptico | Haxix, marihuana, grifa, herba, costo, porro, canuto, chocolate | Locuacidade, euforia, lixeira taquicardia, ansiedade, alteracións da memoria, desorientación, conxuntivite, cambios de humor, relaxación. Ocasionalmente alucinacións. | Inhalatoria (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psíquica, estado de suxestibilidade psicolóxica, alteración do equilibrio psíquico, perda de memoria e de capacidade sexual, alteracións respiratorias, cardiovasculares, similares ás asociadas ó consumo de tabaco, psicose en persoas predispostas. | Aglomerado de follas, flores e talos, pasta, resina, líquido oleoso |

## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Cocaína | Estimulante | Coca, neve, fariña, perico, crack, basuco, farlopa | Euforia, diminución da fatiga, o sono e o apetito. Aumento da sociabilidade, pupila dilatada, irritabilidade, hiperactividade, resaca, en ocasións convulsións | Nasal (esnifada), inhalatoria (fumada), venosa | 4 horas | Dependencia psicolóxica. Falta de apetito, insomnio, perforación do tabique nasal, patoloxía respiratoria, infarto, delirios paranoides, alucinacións, depresión. | Po branco cristalino, rara vez en estado puro |
| Heroína | Depresor | Cabalo, pico, morfo, neve branca, jaco | Sensación de pracer e relaxante. Actitude pasiva, lenta, distanciada. Tendencia ó sono, pupilas contraídas, respiración lenta ou entrecortada. Pode dar cólicos, retención urinaria e de feces e vasodilatación cutánea. Excitación e angustia. | Venosa<br>nasal (esnifada)<br>inhalatoria (fumada) | De 3 a 6 horas | Dependencia psicolóxica. Perda de peso e apetito, trastornos locomotrices. Náuseas, vómitos, diarrea, dilatación pupilas, insomnio, tremores, sudoración, tendencia á violencia, impotencia sexual e esterilidade. | Po abrancazado, pardo, marrón. En ocasións líquido |
| Drogas de síntese | Estimulante<br>Psicodisléptico | Éxtase, Eva, pílula do amor | Ansiedade, hiperactividade, aumento da temperatura, en ocasións alteracións visuais e tremores. Tamén comparten os efectos das anfetaminas. | Oral, rara vez outras vías | De 2 a 4 horas | Dependencia psicolóxica, irritabilidade, insomnio, alteracións do humor, angustia e fobias, ansiedade | Comprimidos de distintas formas e cores, cápsulas, en ocasións po cristalino branco |





## Características das drogas máis consumidas

| Tipo de droga | Clasificación | Nomes alternativos | Efectos | Vías de administración | Duración efectos (vida media) | Consecuencias | Presentación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LSD | Perturbador<br>Psicodiléptico<br>Alucinóxeno | Tripi, ácido | Alteracións da percepción, alucinacións visuais, auditivas e táctiles do propio corpo e do sentido do tempo, dilatación pupilar, éxtase, ilusións, taquicardia, suor, incoordinación. | Oral, sublingual, rara vez venosa | De 8 a 12 horas | Ansiedade, náuseas, angustia, depresión, paranoia, en ocasións crise de pánico e psicoses. Os seus efectos psíquicos poden levar ó suicidio. | Impregnado en papel secante con distintas figuras xeométricas ou personaxes, comprimidos de reducido tamaño |
| Tranquilizantes | Depresor | | Euforia, diminución da irritabilidade e ansiedade | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, diminución da tensión sanguínea, calafríos, estado de depresión | Comprimidos, xaropes, inxeccións |
| Analxésicos | Depresor | | Euforia, supresión da percepción da dor | Oral, venosa | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica e física, perda de peso e de apetito, posibilidade de impotencia sexual | Comprimidos, inxeccións |
| Anfetaminas | Estimulante | Anfetas, pastillas, speed, pílulas | Sensación de enerxía, diminución da fatiga, ausencia de fame e sede, euforia, aumento do estado de alerta e concentración, locuacidade | Oral, venosa, rara vez esnifada ou fumada | De 4 a 6 horas | Dependencia psicolóxica, forte perda de peso, anorexia, taquicardia, insomnio, delirios paranoides, alucinacións, depresión reactiva | Pastillas, cápsulas |

## RECURSOS

### BIBLIOGRAFÍA


Stanley Sadie: *Guía Akal de la Música*. Ed. Akal, Madrid.

Torres, Jacinto e outros: *Música y Sociedad*. Madrid: Real Musical, 1991.

Mila, Massimo: *Historia de la música*. Barcelona: Bruguera, 1981.

Paraire, Philippe: *50 años de música rock*. Madrid: ed. del Prado, 1992.

Varios: *A música rock*. Santiago: Lóstrego, 2000.


### DISCOGRAFÍA


Obra: *Carmina Burana.* Versión orixinal dirixida por René Clemencic.

Carl Off: *Carmina Burana.*

Giuseppe Verdi: *La Traviata.*

Tomás Bretón: *La Verbena de la Paloma.*

O caimán do río Tea: *Manolo Pescadilla.*

Estopa: *Exiliado en el lavabo.*

Estopa: *Poquito a poco.*

Ska-p: *El vals del obrero.*












MINISTERIO DEL INTERIOR
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO PARA EL PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

CAJA MADRID